



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Número 108  
10 de marzo de 2021

Fascículo 1



## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

#### Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de recuperación da terra agraria de Galicia

Emendas ao articulado:

- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 12164) [43245](#)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 12165) [43275](#)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 12166) [43328](#)

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

#### Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

##### 12193 (11/PNC-001247)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as condicións laborais e salariais do persoal do Sergas. [43391](#)

#### Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

##### 11809 (11/PNC-001200)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Consello Económico e Social de Galicia en relación coa situación do comercio [43395](#)

##### 11815 (11/PNC-001201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do persoal de enfermaría do Servizo de reanimación-covid do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense [43397](#)



**I 11820 (11/PNC-001202)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de comarcalización do Servizo municipal de Extinción de Incendios e Salvamento de Ourense [43401](#)

**I 11825 (11/PNC-001203)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta de prazas nos másteres de profesorado no Sistema universitario de Galicia [43404](#)

**I 11837 (11/PNC-001204)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Consello Económico e Social de Galicia da elaboración dun informe respecto da situación da hostalaría na comunidade autónoma [43408](#)

**I 11838 (11/PNC-001205)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Consello Económico e Social de Galicia da elaboración dun informe respecto da situación da hostalaría na comunidade autónoma [43411](#)

**I 11845 (11/PNC-001206)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre a formalización polo Goberno galego, no primeiro semestre de 2021, do cambio do concello da Pobra de Trives para o xeodestino Ribeira Sacra [43414](#)

**I 11860 (11/PNC-001207)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as medidas que debe aplicar o Goberno galego para dotar a veciñanza de Cerdedo dunha atención sanitaria digna [43416](#)

**I 11865 (11/PNC-001208)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa área protexida dos Penedos de Pasarela e Traba, entre os concellos de Vimianzo e Laxe [43419](#)

**I 11933 (11/PNC-001210)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a habilitación de pasos de peóns na estrada AC-550 ao seu paso polo concello de Noia [43423](#)



**I 11944 (11/PNC-001211)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa problemática que padecen os traballadores e pequenos empresarios da industria auxiliar naval na área da ría de Vigo

[43427](#)**I 11967 (11/PNC-001213)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 3 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos dous novos proxectos eólicos promovidos na contorna da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba

[43429](#)**I 11974 (11/PNC-001214)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa ampliación do IES Pedras Rubias, no concello de Salceda de Caselas, e a implantación nel dos estudos postobrigatorios

[43434](#)**I 11976 (11/PNC-001215)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa problemática que está a padecer a veciñanza do concello de Cartelle como consecuencia da demora na entrega dos títulos de propiedade tras o remate da concentración parcelaria

[43437](#)**I 11979 (11/PNC-001216)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa problemática que está a padecer a veciñanza do concello de Cartelle como consecuencia da demora na entrega dos títulos de propiedade tras o remate da concentración parcelaria

[43439](#)**I 11983 (11/PNC-001217)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da empresa Xeal (antiga Ferroatlántica) en Cee e Dumbría

[43441](#)**I 11989 (11/PNC-001218)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co programa de xestión procesual Minerva

[43445](#)**I 12031 (11/PNC-001219)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para solucionar as eivas existentes no proceso de vacinación contra a covid-19 [43448](#)

**I 12037 (11/PNC-001220)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o establecemento dun marco laboral de calidade no emprego [43451](#)

**I 12050 (11/PNC-001221)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e co desenvolvemento do Plan galego de vacinación contra a covid-19 [43454](#)

**I 12057 (11/PNC-001222)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa afección do artigo 18.4 da Lei do cambio climático e transición enerxética ás concesións outorgadas ás empresas que operan no dominio público marítimo-terrestre [43457](#)

**I 12061 (11/PNC-001223)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impulso da igualdade de xénero e co papel da muller no sector marítimo-pesqueiro [43460](#)

**I 12067 (11/PNC-001224)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas na execución das obras de reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías, de Ourense [43463](#)

**I 12070 – 12181 (11/PNC-001225)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas restricións de saídas establecidas para as persoas maiores ou con dependencia inmunizadas residentes en centros asistenciais [43467](#)

**I 12076 (11/PNC-001226)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre a solicitude por parte do Goberno galego ao Consello Económico e Social de Galicia da elaboración dun informe respecto da situación do comercio galego, así como sobre as súas recomendacións para que poida saír da crise [43470](#)



**I 12079 (11/PNC-001227)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver os problemas de tráfico e mellorar o espazo urbano na vila de Gondomar

[43473](#)**I 12088 (11/PNC-001228)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acceso das familias ás prestacións por fillo ao cargo e ao ingreso mínimo vital

[43476](#)**I 12092 (11/PNC-001230)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis**

Sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de promoción económica da área da Coruña

[43481](#)**I 12093 (11/PNC-001231)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis**

Sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de promoción económica da área da Coruña

[43484](#)**I 12099 (11/PNC-001232)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector naval

[43487](#)**I 12105 (11/PNC-001233)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sociedade público-privada anunciada para impulsar novos proxectos tractores para os fondos europeos de reactivación económica

[43491](#)**I 12111 - 12179 (11/PNC-001234)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo ante o incremento dos abusos bancarios contra as persoas consumidoras e a deterioración dos servizos financeiros en Galicia

[43495, 43500](#)**I 12116 (11/PNC-001235)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 6 máis**

Sobre a adopción por parte do Goberno galego das medidas oportunas para favorecer os investimentos das industrias lácteas en produtos de maior valor engadido [43502](#)

**I 12119 - 12185 (11/PNC-001236)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa deslocalización de servizos e a perda de postos de traballo no sector da banca en Galicia, así como sobre o proceso de despedimentos e o peche de oficinas do Banco Santander en Galicia [43506, 43511](#)

**I 12125 (11/PNC-001237)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pérez López, Daniel e 2 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector turístico [43512](#)

**I 12131 (11/PNC-001238)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para permitir ao conxunto da poboación coñecer o avance da campaña de vacinación fronte á covid-19 [43517](#)

**I 12136 (11/PNC-001239)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas e informadas polos técnicos municipais nas obras de acondicionamento da rúa Marcelo Macías, de Ourense [43520](#)

**I 12141 (11/PNC-001240)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre o impulso polo Goberno galego do uso do software libre en todas as áreas e dependencias da súa competencia [43523](#)

**I 12148 (11/PNC-001241)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mortalidade de ameixa e berberecho nos Lombos do Ulla e zonas próximas da ría de Arousa [43526](#)

**I 12157 (11/PNC-001242)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández Alfonso, Ramón e Pérez López, Daniel**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para unificar a tramitación das axudas para paliar os efectos da covid-19 nas empresas [43529](#)



**I 12163 (11/PNC-001243)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis**

Sobre o requirimento do Goberno galego ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para o arranxo integral das estradas da súa competencia na provincia de Lugo e en Galicia, nomeadamente a N-540, que comunica Lugo con Ourense

[43532](#)





## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

### Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de recuperación da terra agraria de Galicia

A Mesa da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, na súa sesión do día 8 de marzo de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de recuperación da terra agraria de Galicia (docs. núm. 12164, 12165 e 12166)

Examinados os escritos presentados e, dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 12164)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 12165)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 12166)

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 9 de marzo de 2021, adoptou os seguintes acordos:

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

### Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 12193 (11/PNC-001247)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as condicións laborais e salariais do persoal do Sergas.

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**

- 11809 (11/PNC-001200)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Consello Económico e Social de Galicia en relación coa situación do comercio

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 11815 (11/PNC-001201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do persoal de enfermaría do Servizo de reanimación-covid do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 11820 (11/PNC-001202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de comarcalización do Servizo municipal de Extinción de Incendios e Salvamento de Ourense

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 11825 (11/PNC-001203)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta de prazas nos másteres de profesorado no Sistema universitario de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 11837 (11/PNC-001204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Consello Económico e Social de Galicia da elaboración dun informe respecto da situación da hostalaría na comunidade autónoma

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 11838 (11/PNC-001205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Consello Económico e Social de Galicia da elaboración dun informe respecto da situación da hostalaría na comunidade autónoma

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 11845 (11/PNC-001206)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis



Sobre a formalización polo Goberno galego, no primeiro semestre de 2021, do cambio do concello da Pobra de Trives para o xeodestino Ribeira Sacra  
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 11860 (11/PNC-001207)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas que debe aplicar o Goberno galego para dotar a veciñanza de Cerdedo dunha atención sanitaria digna

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 11865 (11/PNC-001208)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa área protexida dos Penedos de Pasarela e Traba, entre os concellos de Vimianzo e Laxe

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 11933 (11/PNC-001210)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a habilitación de pasos de peóns na estrada AC-550 ao seu paso polo concello de Noia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 11944 (11/PNC-001211)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa problemática que padecen os traballadores e pequenos empresarios da industria auxiliar naval na área da ría de Vigo

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 11967 (11/PNC-001213)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos dous novos proxectos eólicos promovidos na contorna da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 11974 (11/PNC-001214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa ampliación do IES Pedras Rubias, no concello de Salceda de Caselas, e a implantación nel dos estudos postobrigatorios

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 11976 (11/PNC-001215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa problemática que está a padecer a veciñanza do concello de Cartelle como consecuencia da demora na entrega dos títulos de propiedade tras o remate da concentración parcelaria

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 11979 (11/PNC-001216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa problemática que está a padecer a veciñanza do concello de Cartelle como consecuencia da demora na entrega dos títulos de propiedade tras o remate da concentración parcelaria

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 11983 (11/PNC-001217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da empresa Xeal (antiga Ferroatlántica) en Cee e Dumbría

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 11989 (11/PNC-001218)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co programa de xestión procesual Minerva

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 12031 (11/PNC-001219)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para solucionar as eivas existentes no proceso de vacinación contra a covid-19

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 12037 (11/PNC-001220)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o establecemento dun marco laboral de calidade no emprego

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 12050 (11/PNC-001221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e co desenvolvemento do Plan galego de vacinación contra a covid-19  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 12057 (11/PNC-001222)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa afección do artigo 18.4 da Lei do cambio climático e transición enerxética ás concesións outorgadas ás empresas que operan no dominio público marítimo-terrestre

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 12061 (11/PNC-001223)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impulso da igualdade de xénero e co papel da muller no sector marítimo-pesqueiro

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 12067 (11/PNC-001224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas na execución das obras de reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías, de Ourense

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 12070 – 12181 (11/PNC-001225)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas restricións de saídas establecidas para as persoas maiores ou con dependencia inmunizadas residentes en centros asistenciais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 12181.

- 12076 (11/PNC-001226)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre a solicitude por parte do Goberno galego ao Consello Económico e Social de Galicia da elaboración dun informe respecto da situación do comercio galego, así como sobre as súas recomendacións para que poida saír da crise

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 12079 (11/PNC-001227)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver os problemas de tráfico e mellorar o espazo urbano na vila de Gondomar

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 12088 (11/PNC-001228)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acceso das familias ás prestacións por fillo ao cargo e ao ingreso mínimo vital

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 12092 (11/PNC-001230)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de promoción económica da área da Coruña

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 12093 (11/PNC-001231)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de promoción económica da área da Coruña

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 12099 (11/PNC-001232)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector naval

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 12105 (11/PNC-001233)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sociedade público-privada anunciada para impulsar novos proxectos tractores para os fondos europeos de reactivación económica

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 12111 – 12179 (11/PNC-001234)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo ante o incremento dos abusos bancarios contra as persoas consumidoras e a deterioración dos servizos financeiros en Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 12179.



- 12116 (11/PNC-001235)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre a adopción por parte do Goberno galego das medidas oportunas para favorecer os investimentos das industrias lácteas en produtos de maior valor engadido

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 12119 – 12185 (11/PNC-001236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa deslocalización de servizos e a perda de postos de traballo no sector da banca en Galicia, así como sobre o proceso de despedimentos e o peche de oficinas do Banco Santander en Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 12185.

- 12125 (11/PNC-001237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector turístico

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 12131 (11/PNC-001238)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para permitir ao conxunto da poboación coñecer o avance da campaña de vacinación fronte á covid-19

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 12136 (11/PNC-001239)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas e informadas polos técnicos municipais nas obras de acondicionamento da rúa Marcelo Macías, de Ourense

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 12141 (11/PNC-001240)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego do uso do software libre en todas as áreas e dependencias da súa competencia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 12148 (11/PNC-001241)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mortalidade de ameixa e berberecho nos Lombos do Ulla e zonas próximas da ría de Arousa

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 12157 (11/PNC-001242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Pérez López, Daniel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para unificar a tramitación das axudas para paliar os efectos da covid-19 nas empresas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 12163 (11/PNC-001243)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis

Sobre o requirimento do Goberno galego ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para o arranxo integral das estradas da súa competencia na provincia de Lugo e en Galicia, nomeadamente a N-540, que comunica Lugo con Ourense

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE  
NACIONALISTA GALEGO AO PROPOSICIÓN DE LEI DE RECUPERACIÓN  
DA TERRA AGRARIA DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PPL-000003).**

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 1

No Artigo 1 substituír o inciso final: “a fin de garantir a sostibilidade do sector agroforestal así como acadar os obxectivos xerais que se recollen no artigo 2”, polo seguinte texto:

“a fin de procurar a valorización do territorio agrario e a reorientación dos sistemas produtivos agrogandeiros para facelos menos dependentes dos insumos externos, actuando dun xeito preferente na recuperación, mobilización e posta en valor da superficie agraria útil así como a consecución dos demais obxectivos xerais que se recollen no artigo 2”.

---

Emenda nº2, ao apartado a) bis), de Adición. Artigo 2

Engadir un novo apartado a) bis) no Artigo 2 co seguinte texto:

“a) bis) Establecer mecanismos de ordenación e planificación das terras agrarias e forestais que permitan que, cando menos, a superficie agraria útil represente un terzo do conxunto das terras agroforestais.”

---

Emenda nº3, ao apartado e), de Adición. Artigo 2

Engadir o seguinte inciso no apartado e) do Artigo 2, a continuación de “ e obter datos útiles para esas finalidades”:

“manter baixo a protección pública da administración galega terras e espazos agrarios e rurais que queden abandonados” (o resto segue igual).



---

Emenda nº4, ao apartado l), de Adición. Artigo 2

Engadir un novo apartado l) no Artigo 2 co seguinte texto:

“l) Fomentar a conservación da produtividade e o bo estado das terras agropecuarias e forestais, mellorando a capacidade produtiva das terras existentes, asegurando a súa biodiversidade e evitando a degradación dos solos.”

---

Emenda nº5, de Substitución. Artigo 3

Substituír o texto do Artigo 3 polo seguinte:

“A presente lei será de aplicación de xeito prioritario á recuperación, mobilización e valorización da superficie agraria útil para a súa posta a disposición das explotacións agropecuarias en activo, sen prexuízo das demais medidas dirixidas á recuperación de terras agrarias en situación de abandono ou infrautilización”.

---

Emenda nº6, ao apartado l) bis), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado l) bis) no Artigo 4 co seguinte texto:

“l) bis) Evitar a transformación urbanística das terras agrarias con alta produtividade agraria ou que presenten unha maior aptitude para o cultivo agrícola ou gandeiro destinado á produción alimentaria.”

---

Emenda nº7, ao apartado r), de Substitución. Artigo 4

Substituír o texto do apartado r) do Artigo 4 polo seguinte:

“r) Terra agroforestal ou a agraria e Superficie agraria útil:





As terras agroforestais ou agrarias son aqueles terreos que, con independencia da calificación urbanística, presentan aptitude para o cultivo agrícola, gandeiro ou forestal.

Dentro das terras agrarias, a superficie agraria útil aos efectos desta lei son aqueles terreos aptos para o cultivo de producións ligadas ás explotacións agrogandeiras englobando a todos os terreos con alta produtividade agropecuaria con independencia da súa calificación urbanística e do cultivo que teñan na actualidade e serán obxecto de recuperación prioritaria para dito uso agrogandeiro.”

---

Emenda nº8, ao apartado t), de Adición. Artigo 4

Engadir ao final do apartado t) do Artigo 4 o seguinte parágrafo:

“Tamén se considerará en situación de infrautilización os terreos que sexan considerados superficie agraria útil que se destinen a usos diferentes dos agrícolas ou gandeiros.”

---

Emenda nº9, ao apartado v), de Modificación. Artigo 4

Substituír no apartado v) do Artigo 4 a expresión: “ou forestal”, por: “ou gandeira”.

---

Emenda nº10, ao apartado v), de Adición. Artigo 4

Engadir ao final do apartado v) do artigo 4 o seguinte parágrafo:

“Así mesmo tamén terá a consideración de situación de abandono as terras de superficie agraria útil que estean destinadas a uso forestal e non se realice ningún labor de control da biomasa vexetal ou de prevención de incendios forestais.”

---



Emenda nº11, ao apartado b), de Substitución. Artigo 5

Substituír o apartado b) do Artigo 5 polo seguinte texto:

“b) Diseñar estratexias para a recuperación e mobilización da superficie agraria útil co obxectivo de que represente alomenos un terzo do conxunto das terras agroforestais.”

---

Emenda nº12, ao apartado c), de Substitución. Artigo 5

Substituír o apartado c) do Artigo 5 polo seguinte texto:

“c) Fomentar a recuperación e mobilización das terras agrarias en Galiza para adecuar o seu uso á aptitude produtiva, particularmente para asegurar o destino das de alta produtividade ao seu uso polas explotacións agrogandeiras en activo.”

---

Emenda nº13, ao apartado d), de Substitución. Artigo 5

Substituír o apartado d) do Artigo 5 polo seguinte texto:

“d) Promover un desenvolvemento económico nas zonas rurais de Galiza, incidindo de xeito especial na ordenación e recuperación das terras segundo a súa aptitude naquelas zonas de especial interese agrario.”

---

Emenda nº14, de Adición. Artigo 6

Engadir ao final do Artigo 6 o seguinte parágrafo:

“Non obstante, as accións de recuperación e mobilización das terras destinadas a superficie agraria útil tamén serán desenvoltas polas oficinas agrarias comarcais adscritas á consellaría competente en materia agraria.”



---

Emenda nº15, ao apartado b), de Substitución. Artigo 7

Substituír o apartado b) do Artigo 7 polo seguinte texto:

“b) Diseñar, programar e executar as medidas de recuperación, mobilización e xestión das terras agrarias, preferentemente naquelas que comprenden a superficie agraria útil para asegurar a súa posta a disposición e uso polas explotacións agrogandeiras, de acordo co previsto na presente lei.”

---

Emenda nº16, ao apartado 5, de Adición. Artigo 10

Engadir un novo apartado 5 no Artigo 10 co seguinte texto:

“5. As funcións atribuídas á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural na presente lei con respecto á recuperación e xestión das terras agrarias serán obxecto de fiscalización do Consello de Contas de Galiza, alén das propias da actividade relativa á xestión económica e financeira de dita entidade.”

---

Emenda nº17, ao apartado 2.l), de Adición. Artigo 11

Engadir un novo subapartado l) no apartado 2 do Artigo 11 co seguinte texto:

“l) Unha vogalía, nomeada polo asociacionismo do cooperativismo agrario galego.”

---

Emenda nº18, ao apartado 2.m), de Adición. Artigo 11

Engadir un novo subapartado m) no apartado 2 do Artigo 11 co seguinte texto:





"m) Tres vogalías nomeadas polos representantes das organizacións profesionais agrarias pertencentes ao Consello Agrario Galego."

---

Emenda nº19, ao apartado 2.f), de Supresión. Artigo 13

Suprimir o subapartado f) do apartado 2 do Artigo 13.

---

Emenda nº20, ao apartado 2.k), de Adición. Artigo 13

Engadir un novo subapartado k) no apartado 2 do Artigo 13 co seguinte texto:

"k) Tres vogalías nomeadas polos representantes das organizacións profesionais agrarias pertencentes ao Consello Agrario Galego."

---

Emenda nº21, ao apartado 2, de Adición. Artigo 16

Engadir no apartado 2 do Artigo 16 despois de: "perímetro de actuación co fin de", o seguinte texto: "explotalos e, no seu caso," (o resto segue igual).

---

Emenda nº22, ao apartado 3.h), de Adición. Artigo 16

Engadir un novo subapartado h) no apartado 3 do Artigo co seguinte texto:

"h) Montes montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou fabeo, que se rexen polo costume do lugar e subsidiariamente polo dereito civil."

---

Emenda nº23, ao apartado 2, de Adición. Artigo 19

Engadir ao final do apartado 2 do Artigo 19 o seguinte texto:



“En todo o caso, co acordo de inicio efectuaranse de oficio averiguacións previas básicas sobre a identidade dos titulares como a consulta nos rexistros públicos de carácter inmobiliario e catastral existentes”.

---

Emenda nº24, ao apartado 5, de Adición. Artigo 19

Engadir ao final do apartado 5 do artigo 19 o seguinte texto:

“Así mesmo será publicado na sede electrónica da Axencia, onde figurará un enlace específico e destacado para este tipo de anuncios”.

---

Emenda nº25, ao apartado 8, de Modificación. Artigo 19

Substituír no apartado 8 do Artigo 19 o inciso desde: “ou finalmente (...) ata as obrigas que corresponden ás persoas titulares” polo seguinte texto:

“ou finalmente a quen acredite a posesión de boa fe de xeito público e notorio aínda carecendo de título da propiedade. Neste último suposto deberán achegarse as probas ou indicios pola persoa interesada, de acordo coas previsións da normativa civil, que acrediten dita posesión de boa fe pública e notoria. Esta constatación probatoria surtirá efectos unicamente no marco da presente lei e coa finalidade de asumir as obrigas que corresponden ás persoas titulares”.

---

Emenda nº26, ao apartado 4, de Adición. Artigo 25

Engadir ao final do apartado 4 do Artigo 25 o seguinte parágrafo:

“En todo o caso, o catálogo de solos agropecuarios e forestais deberá garantir que a superficie dos terreos destinados a superficie agraria útil representen, cando menos, un terzo da totalidade da superficie agroforestal de Galiza.”



---

Emenda nº27, ao apartado d), de Adición. Artigo 26

Engadir no apartado d) do Artigo 26, a continuación de:  
“priorizando a clasificación como terreo agropecuario da terra  
con mellores características agronómicas”, o seguinte texto:

“con independencia do que o uso que teñan no momento de  
elaboración sexa diferente.” (o resto segue igual)

---

Emenda nº28, ao apartado 1, de Adición. Artigo 27

Engadir ao inicio do apartado 1 do artigo 27 o seguinte texto:

“No proceso de elaboración do Catálogo de solos  
agropecuarios e forestais garantirase que a superficie dos  
terreos destinadas a superficie agraria útil representen, cando  
menos, un terzo da totalidade da superficie agroforestal de  
Galiza.”

---

Emenda nº29, de Adición. Artigo 28

Engadir o seguinte texto no Artigo 28, a continuación de: “do  
Consello de xestión da terra agroforestal”:

“As consellarías competentes en materia de cultura e  
patrimonio así como as universidades galegas emitirán informe  
no que atinxe á conservación e mantemento do patrimonio rural  
galego previa á aprobación do Catálogo.”

---

Emenda nº30, de Adición. Artigo 29

Engadir ao inicio do Artigo 29 o seguinte texto:





“En ningún caso se permitirán modificacións do Catálogo que diminúan o cómputo final da superficie dos terreos agropecuarios destinados a superficie agraria útil. Calquera modificación que implique un cambio de uso de agropecuario a forestal deberá levar implícito un cambio de uso equivalente de forestal a agropecuario.”

---

Emenda nº31, ao apartado 1, de Adición. Artigo 30

Engadir ao final do apartado 1 do Artigo 30 o seguinte parágrafo:

“En todo o caso, os catálogos parciais de solos agropecuarios e forestais que se vaian aprobando deberán asegurar que a superficie dos terreos destinados a superficie agraria útil manteñen no seu conxunto unha proporción mínima dun terzo da totalidade da superficie agroforestal que se vai delimitando.”

---

Emenda nº32, ao apartado 4, de Adición. Artigo 31

Engadir ao final do apartado 4 do Artigo 31 o seguinte parágrafo:

“Así mesmo, o rodal, masa árborea, tesela ou finca encravada nunha zona de alta produtividade agropecuaria e que teña sido forestada nos vinte e cinco anos anteriores á entrada en vigor da presente lei, terá a cualificación de solo rústico de especial protección agropecuaria.”

---

Emenda nº33, ao apartado 7, de Substitución. Artigo 31

Substituír o texto do apartado 7 do Artigo 31 polo seguinte:

“7. Na elaboración, modificación ou revisión dos plans xerais de ordenación municipal e dos plans básicos municipais deberase ter en conta o que establece o Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia ou os catálogos parciais. A reclasificación e recategorización do solo incluído nun catálogo



requirirá o informe vinculante previo da consellería competente en materia de medio rural no que se ponderen as consecuencias da perda dos valores produtivos e sociais dos terreos agropecuarios e forestais, a xustificación pola administración local da necesidade concreta da transformación do solo pola inexistencia doutras alternativas viables e a tramitación do procedemento previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Non se permitirán modificacións que diminúan o cómputo final da superficie dos terreos agropecuarios destinados a superficie agraria útil, polo que se establecerán medidas compensatorias de tal superficie no ámbito territorial do correspondente planeamento.”

---

#### Emenda nº34, de Adición. Artigo 34

Engadir o seguinte parágrafo no Artigo 34:

“A finalidade do Banco de terras é a xestión das terras agrarias incorporadas, favorecendo a mobilización e recuperación produtiva a prol das explotacións en activo, asegurando ademais a correcta vocación produtiva das terras que lle foran cedidas como servizo de transmisión.”

---

#### Emenda nº35, de Substitución. Artigo 41

Substituír o texto do Artigo 41 polo seguinte:

“1. Poderán ser declarados en estado de infrautilización, inculco ou abandono, coas consecuencias que se establecen nesta lei e nas normas que a desenvolvan, aqueles nos que se concorran as seguintes condicións:

a) Predio inculco: predio rústico sometido a explotación agraria ata tempos recentes sen que na actualidade se realice ningunha práctica laboral e ningún cultivo sobre este, que mostra unha cobertura evidente de matogueira ou dos seus restos, no caso de ter ardido, de especies leñosas e arbustivas, cunha porcentaxe de ocupación superior ao cincuenta por cento de extensión superficial e un porte medio superior a cincuenta centímetros.

b) Predio abandonado: predio rústico non sometido a ningunha práctica de cultivo ou mínimo labor, non cultivado nin destinado





a pastoreo, nin ao mantemento dunha cuberta vexetal adecuada desde o punto de vista ambiental, cunha porcentaxe de ocupación de matogueira e dos seus restos superior ao setenta e cinco por cento de extensión superficial e un porte medio superior a cincuenta centímetros, así como as plantacións forestais realizadas en terras de vocación produtiva agraria cando a cuberta vexetal de sotobosque, de natureza herbácea ou arbustiva, presente un estado que propicie de forma grave a aparición do lume.

c) Predio en situación de grave abandono: predio inculto ou abandonado que, pola súa situación, pode favorecer a aparición e a propagación do lume, fenómenos de erosión e unha especial incidencia de malas herbas, pragas ou enfermidades que poidan afectar os predios lindeiros, ou no que a súa falta de mantemento permita o desenvolvemento incontrolado de vexetación espontánea invasora que ameace con romper o tradicional equilibrio agroecolóxico do predio ou da zona de cultivo determinada e con afectar por extensión os agros de cultivo circundantes.

2. Non procederá a declaración como predio inculto ou abandonado nos seguintes supostos:

a) Os predios que estean incorporados ao Banco de Terras de Galiza.

b) Os que se atopen en proceso de concentración parcelaria, desde o inicio das obras da rede de camiños principais ata transcorridos seis meses desde a toma de posesión.

c) Os predios que por conveniencia ambiental, destino cinexético ou circunstancias análogas de interese social determinado, declarados polo órgano que corresponda da consellaría competente en materia de medio ambiente, fagan inviable a súa explotación agraria, sempre que reciban os axeitados labores de mantemento e que non representen risco de lume nin prexuízo para os lindeiros.

d) Os predios rústicos en situación de barbeito sempre que a súa situación non poida favorecer fenómenos de erosión ou de aparición do lume, así como invasión de malas herbas, pragas ou enfermidades que representen prexuízo para os lindeiros.

e) Aqueles sobre os que se realice, cando menos, agricultura de conservación, entendendo por tal as diversas prácticas agronómicas adaptadas ás condicións locais dirixidas a alterar o menos posible a composición, a estrutura e a biodiversidade dos solos agrícolas, coas que se evita así a súa posterior erosión e degradación, e que non representen risco de lume nin prexuízo para os lindeiros. “

---



Emenda nº36, ao apartado 1, de Adición. Artigo 42

Engadir ao final do apartado 1 do Artigo 42 un novo parágrafo co seguinte texto:

“En todo o caso, co acordo de inicio efectuaranse de oficio averiguacións previas básicas sobre a identidade dos titulares como a consulta nos rexistros públicos de carácter inmobiliario e catastral existentes”.

---

Emenda nº37, ao apartado 4.a), de Substitución. Artigo 43

Substituír o subapartado a) do apartado 4 do Artigo 43 polo seguinte texto:

“a) O compromiso adquirido polo interesado para realizar, nun prazo que non excederá de trinta días hábiles:

1º. A realización dunha agricultura de conservación, nos termos establecidos na letra b) deste artigo.

2º. O seu alleamento, arrendamento ou calquera outro negocio xurídico válido, en favor de calquera persoa agricultora profesional ou moza.

3º A súa incorporación ao Banco de Terras de Galiza, para a cesión ou arrendamento a unha persoa física ou xurídica profesional da agricultura.”

---

Emenda nº38, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 43

Substituír no apartado 6 do Artigo 43 o inciso: “dun ano a contar”, por: “tres meses a contar”.

---

Emenda nº39, ao apartado f), de Supresión. Artigo 49

Suprimir o apartado f) do Artigo 49.

---

Emenda nº40, ao apartado 6, de Substitución. Artigo 53



Substituír o apartado 6 do Artigo 53 polo seguinte texto:

“6. As parcelas que non tivesen ningunha solicitude válida ou das que, de acordo co procedemento sinalado neste artigo, as eventuais solicitudes resultasen resoltas negativamente, pasarán ao estado de dispoñibles sen concorrencia no Sitegal e serán arrendadas, sen procedemento de concorrencia competitiva, a aquela persoa que faga unha solicitude que se axuste aos requirimentos contemplados nesta lei. No caso de presentación de varias solicitudes terán prioridade as persoas titulares de explotacións agrarias ou gandeiras do entorno xeográfico e, no seu defecto, darase preferencia á orde de presentación. “

---

Emenda nº41, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 56

Substituír no apartado 5 do Artigo 56 o inciso final: “ As cantidades debidas que excedan do importe da garantía ...”, polo seguinte texto:

“As cantidades debidas en concepto de renda que excedan do importe da garantía serán abonadas por conta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no xeito periódico establecido no contrato de cesión ou arrendamento á persoa titular do predio rústico e poderán ser reclamadas con posterioridade segundo os procedementos previstos nesta Lei.”

---

Emenda nº42, ao apartado 3, de Adición. Artigo 58

Engadir ao final do apartado 3 do Artigo 58 o seguinte parágrafo:

“Poderá acordarse a celebración de poxas electrónicas, adaptando para o efecto o procedemento establecido nos artigos 648 e 650 da Lei de axuízamento civil.”

---

Emenda nº43, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 64



Substituír o apartado 3 do Artigo 64 polo seguinte texto:

“3. De non lograrse un acordo entre as persoas titulares das parcelas a permutar poderá solicitarse da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural que medie entre elas. De non lograrse acordos, as persoas interesadas na permuta de parcelas encravadas aceptarán a arbitraxe da Consellería do Medio Rural, que será vinculante. No caso de iniciar as accións xudiciais que procedan, estas non paralizarán o laudo arbitral a menos que sexa ditaminado polo órgano xudicial no marco da tramitación do proceso.”

---

Emenda nº44, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 67

Substituír no apartado 1 do Artigo 67 a expresión: “70 por cento”, por: “55 por cento”.

---

Emenda nº45, ao apartado 1, de Adición. Artigo 67

Engadir ao final do apartado 1 do Artigo 67 dous novos parágrafos:

“Con carácter xeral, tramitaranse de forma diferenciada os polígonos agropecuarios dos forestais, agás no caso de que a realidade xeográfica da zona, fundada en informes técnicos, aconselle a tramitación conxunta. No caso de acollerse a esta tramitación excepcional conxunta, deberá aprobarse o catálogo parcial de usos, detallado a nivel de parcela, xunto coa aprobación final.”

A Consellaría competente en materia de medio rural considerará prioritario o desenvolvemento dos polígonos agropecuarios nas zonas onde haxa un nivel de explotacións dedicadas a cultivos agrícolas e gandeiros rexistradas en activo, outorgando preferencia tanto na tramitación como na concesión de axudas e outras medidas de apoio e incentivos.”

---

Emenda nº46, ao apartado 5, de Adición. Artigo 67



Engadir un novo apartado 5 no Artigo 67 co seguinte texto:

“5. No caso de participación dun monte veciñal en man común nun polígono agroforestal, tanto público como privado, esta deberá atermarse ao disposto no artigo 18.1 da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

No desenvolvemento do proceso de constitución do polígono agroforestal, en caso de participación dun monte veciñal en man común, este terá dereito de veto sobre a resolución definitiva do citado polígono.

Quedarán excluídos, agás acordo favorable coas maiorías establecidas no artigo 18.1 da Lei 13/1989, os montes veciñais en man común que estean xestionados cautelarmente pola administración ou mediante contratos de xestión pública.”

---

Emenda nº47, ao apartado 1.c), de Modificación. Artigo 69

Substituír no subapartado c) do apartado 1 do Artigo 69 a expresión: “70 por cento”, por: “55 por cento”.

---

Emenda nº48, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 70

Substituír no apartado 2 do Artigo 70 a expresión: “70 por cento”, por: “55 por cento”.

---

Emenda nº49, ao apartado 1.c), de Modificación. Artigo 75

Substituír no subapartado c) do apartado 1 do Artigo 75 a expresión: “70 por cento”, por: “55 por cento”.

---

Emenda nº50, ao apartado 1.e), de Modificación. Artigo 85

Substituír no subapartado e) do apartado 1 do Artigo 85 a expresión: “70 por cento”, por: “55 por cento”.

---



Emenda nº51, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 91

Substituír no apartado 4 do Artigo 91 a expresión: “70 por cento”, por: “55 por cento”.

---

Emenda nº52, ao apartado 1, de Adición. Artigo 92

Engadir ao final do apartado 1 do Artigo 92 o seguinte parágrafo:

“Non se permitirán procesos de reestruturación que diminúan o cómputo final da superficie dos terreos agropecuarios dentro do polígono agroforestal, polo que se establecerán medidas compensatorias de tal superficie no ámbito territorial do polígono.”

---

Emenda nº53, ao apartado 2.f), de Substitución. Artigo 92

Substituír o subapartado f) do apartado 2 do Artigo 92 polo seguinte texto:

“f) De ser necesaria, a dedución de superficie para infraestruturas farase a costa proporcional da totalidade das parcelas aportadas.”

---

Emenda nº54, ao apartado 1, de Adición. Artigo 96

Engadir ao final do apartado 1 do Artigo 96 o seguinte parágrafo:

“No caso de que se presente proposta por parte dunha Agrupación de Xestión Conxunta titular de máis do 70 por cento da superficie das terras incluídas no polígono agroforestal, non haberá lugar a concorrencia, sendo adxudicado de xeito directo a esta. Respecto do prezo estarase ao establecido no artigo 94.2.,a).”

---





Emenda nº55, ao apartado a), de Substitución. Artigo 97

Substituír o apartado a) do Artigo 97 polo seguinte texto:

“a) Limitación da porcentaxe de propiedade dun mesmo axente promotor dentro do conxunto de polígonos, tanto de iniciativa pública como privada, desenvolvidos de acordo coa presente lei. Regulamentariamente, previo consenso coas organizacións agrarias profesionais e a representación das cooperativas agrarias, desenvolveranse as porcentaxes máximas de acaparamento en función das diferentes orientacións produtivas dos polígonos. En todo o caso, en tanto non se desenvolva regulamentariamente, ningún promotor poderá superar unha porcentaxe superior ao 5 por 100 nun proxecto executado ou en execución, do 6 por 100 en total se participa en 2 proxectos e do 8 por 100 en total se participa en 3 proxectos. Non se admitirá, en tanto non haxa un desenvolvemento regulamentario, unha participación en máis de tres proxectos executados ou en execución calquera que sexa a superficie achegada.”

---

Emenda nº56, ao apartado 1, de Adición. Artigo 98

Engadir un novo subapartado d) no apartado 1 do Artigo 98 co seguinte texto:

“d) Os demais contidos que deban incorporar os proxectos técnicos segundo a normativa sectorial aplicable, incluíndo como mínimo: Memoria, Prego de condicións, Estudo de Seguridade e Saúde ou Estudo básico, Orzamento e Planos.”

---

Emenda nº57, de Substitución. Artigo 99

Substituír o apartado b) do Artigo 99 polo seguinte texto:

“b) Execución das obras sinaladas no artigo 98, que correrán a cargo das persoas promotoras. No caso de tratarse de varios axentes, os custes distribuiranse de maneira proporcional á superficie ocupada por cada un deles. Nos polígonos de iniciativa pública nos que o promotor sexa unha Agrupación de



Xestión Conxunta, así como nos casos sinalados no apartado 3 do artigo 66 e na letra c) do apartado 2 do artigo 94 poderán ser serán financiados total ou parcialmente pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de acordo coas previsións do Título VII.”

---

Emenda nº58, ao apartado 1.e), de Modificación. Artigo 105

Substituír no subapartado e) do apartado 1 do Artigo 105 a expresión: “70 por cento”, por: “55 por cento”.

---

Emenda nº59, ao apartado 1.g), de Adición. Artigo 105

Engadir no subapartado g) do apartado 1 do Artigo 105 o seguinte texto in fine:

“e asinado por técnico competente e materia agroforestal.”

---

Emenda nº60, ao apartado 4, de Adición. Artigo 105

Engadir un novo apartado 4 no Artigo 105 co seguinte texto:

“4. En todo o caso, na tramitación dos polígonos agroforestais de iniciativa privada deberanse cumprir os requirimentos e esixencias contemplados para os de iniciativa pública.”

---

Emenda nº61, ao apartado 1, de Adición. Artigo 108

Engadir no apartado 1 do artigo 108.1 o seguinte texto in fine:

“Non se permitirá a ordenación de usos que diminúan o cómputo final da superficie dos terreos agropecuarios dentro do polígono agroforestal, polo que se establecerán medidas compensatorias de tal superficie no ámbito territorial do polígono.”



---

Emenda nº62, de Adición. Sección 4ª. Polígonos para a xestión e reorganización preventiva do terreo forestal

Engadir unha nova Sección 4ª co seguinte nome:

"Sección 4ª. Polígonos para a xestión e reorganización preventiva do terreo forestal".

---

Emenda nº63, de Adición. Artigo 108 bis

Engadir un novo Artigo 108 bis co seguinte texto:

"108 bis. Ordenación preventiva dos terreos forestais  
Co obxecto de garantir unha axeitada defensa contra os incendios forestais en base á ordenación dos montes e do seu planeamento preventivo, complementarios das específicas áreas cortalumes, poderán acometerse polígonos específicos para a xestión conxunta de terreos forestais e dos situados nas zonas de influencia forestal por medio da constitución de polígonos forestais de xestión conxunta, que serán obxecto de priorización nas accións de fomento forestal."

---

Emenda nº64, de Adición. Artigo 108 ter

Engadir un novo Artigo 108 ter co seguinte texto:

"Artigo 108 ter. Obxecto e finalidades dos polígonos forestais de xestión conxunta.

1. Os polígonos forestais de xestión conxunta teñen por finalidade a xestión conxunta ou a reorganización da propiedade forestal para o efecto de garantir a defensa contra os incendios forestais e facilitar a ordenación dos montes e o seu planeamento preventivo, obrigándose a manter un Instrumento de Xestión Forestal Específico e unha rede de infraestruturas preventivas básicas.

2. Son obxectivos específicos dos polígonos forestais de xestión conxunta:



- a) Promover a xestión sustentábel do espazo forestal no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza.
- b) Valorizar o uso forestal e facer viables os aproveitamentos forestais mediante a reorganización das propiedades dos membros do polígono forestais de xestión conxunta incluídas no seu perímetro.
- c) Promover instrumentos prácticos que eviten o abandono das pequenas propiedades forestais.
- d) Promover ferramentas que potencien a posibilidade de xestión de pequenas parcelas e que inclúan un planeamento de defensa do espazo rural fronte aos incendios forestais.
- e) Cohesionar territorialmente todo tipo de propiedades forestais integrándoas nunha mesma xestión.
- f) Facilitar a aplicación territorial das medidas máis axeitadas para previr os incendios e loitar contra os lumes."

---

Emenda nº65, de Adición. Artigo 108 quater

Engadir un novo Artigo 108 quater co seguinte texto:

"Artigo 108 quater. Inicio do procedemento de constitución de polígonos forestais de xestión conxunta.

1. Calquera número de persoas propietarias que superen o 55 por 100 da superficie das parcelas forestais que formen parte dunha superficie contigua de terreo forestal cunha extensión mínima de 10 hectáreas terán a maioría legal necesaria para iniciar os trámites conducentes á constitución dun polígono forestal de xestión conxunta.

2. O procedemento iniciárase por proposta asinada por un número de persoas propietarias que superen o 55 por 100 da superficie forestal que se vai a ordenar ou xestionar de maneira conxunta, achegando un informe de investigación da propiedade e dos proxectos de instrumento de xestión forestal específico e de estatutos do polígono forestal de xestión conxunta que exercerá a xestión do monte ordenado. Dita proposta será impulsada por unha comisión de propietarios creada para tal fin e integrada polas persoas asinantes da mesma.

3. Así mesmo, o procedemento poderá iniciarse de oficio, por medio de Decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galiza, nos casos en que a xestión conxunta ou reorganización da propiedade forestal xa estivera previamente prevista no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito,





por tratarse de zonas nas que se manifeste a ausencia de infraestruturas preventivas en materia de incendios forestais ou ben polas deficiencias estruturais na zona que non permitan a viabilidade das explotacións forestais e se faga necesaria a ordenación do monte.

4. Recibida a solicitude de creación do polígono forestal de xestión conxunta, a dirección xeral competente en materia forestal realizará un estudo de viabilidade que comprenderá a descrición do estado actual do proxectado polígono e dos resultados previsíbeis que como consecuencia da súa constitución permitan determinar a viabilidade da mesma, no que se expresarán os seguintes aspectos:

- a) Grao de división, dispersión, propiedades descoñecidas e situación xurídica das parcelas, en relación coas explotacións forestais existentes no ámbito territorial do polígono proxectado de xestión forestal conxunta.
- b) Descrición dos recursos naturais, incluíndo as parcelas abandonadas ou con aproveitamentos inadecuados.
- c) Terreos de especial importancia polos seus valores ambientais, paisaxísticos ou culturais.
- d) Valoración das iniciativas ou propostas feitas na solicitude de creación do polígono forestal de xestión conxunta.
- e) Adecuación do proxecto de instrumento de xestión forestal específico á ordenación forestal e no caso que se proxecte sobre terreos forestais incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais, segundo o previsto na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, será preceptivo o informe da consellería competente en materia de medio ambiente."

---

Emenda nº66, de Adición. Artigo 108 quinquies

Engadir un novo Artigo 108 quinquies co seguinte texto:

"Artigo 108 quinquies. Aprobación do polígono forestal de xestión conxunta.

1. Unha vez avaliada a solicitude conforme o apartado anterior polo órgano forestal, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural procederá á tramitación de acordo co procedemento previsto para os polígonos agroforestais de iniciativa privada, coa salvedade do informe de viabilidade previsto no artigo 103 que entenderá cumprimentado conforme o artigo anterior.



2. Unha vez aprobado o polígono forestal de xestión conxunta, o seu órgano para a dirección e administración deberá constituírse no prazo máximo dun mes.
3. A aprobación do polígono forestal de xestión conxunta obriga á xestión conxunta de todos os terreos forestais atinxidos pola mesma, sempre que o número de persoas propietarias que acrediten a vontade de promovela ou formar parte da mesma superen o 55 por 100 da superficie forestal do total dos terreos delimitados dentro do seu perímetro, consonte o previsto no instrumento de xestión forestal específico por parte da entidade que se cree a estes efectos, así como a facultade de realización das obras e actuacións necesarias para a ordenación do monte segundo o devandito instrumento. As persoas propietarias de terreos forestais participarán na xestión dos seus montes a través da dita entidade e terán dereito a percibir os rendementos de acordo coa participación proporcional na unidade de xestión forestal.
4. Ademais, e cando así o acorden a totalidade das persoas propietarias dos terreos forestais atinxidos pola unidade de xestión forestal, a constitución da mesma poderá conlevar a reorganización forzosa da superficie forestal a través da regularización das parcelas forestais. Nese caso, o acordo final de regularización das teselas será elevado a público e inscrito no Rexistro da Propiedade."

---

Emenda nº67, de Adición. Artigo 108 sexies

Engadir un novo Artigo 108 sexies co seguinte texto:

"Artigo 108 sexies. Entidade de xestión do polígono forestal de xestión conxunta.

1. A entidade que xestione o polígono forestal de xestión conxunta terá personalidade xurídica propia e capacidade para o cumprimento dos seus fins. Os seus acordos, que serán recorribeis ante a persoa titular da consellaría competente en materia forestal, adoptaranse por maioría simple das cotas de participación, agás aqueles que se establezan expresamente nos estatutos por unha maioría cualificada.

2. Será obxecto de desenvolvemento regulamentario as normas básicas de funcionamento, particularmente no que atinxe ás normas comúns de organización e funcionamento das entidades xestoras dos polígonos forestais de xestión



conxunta, así como aos contidos dos seus estatutos e o seu procedemento de elaboración e aprobación.”

---

Emenda nº68, ao apartado 1.a), de Modificación. Artigo 110

Substituír no subapartado a) do apartado 1 do Artigo 110 a expresión: “70 por cento”, por: “55 por cento”.

---

Emenda nº69, ao apartado 1, de Adición. Artigo 110

Engadir ao final do apartado 1 do artigo 110 o seguinte parágrafo:

“Así mesmo, poderán propoñer á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a aprobación dunha Aldea Modelo, os concellos e Grupos de Desenvolvemento Rural constituídos en Galiza”.

---

Emenda nº70, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 121

Suprimir no subapartado c) do apartado 1 do Artigo 121 a expresión: “, con carácter excepcional, e sempre”.

---

Emenda nº71, ao apartado 1.h), de Adición. Artigo 121

Engadir un novo subapartado h) no apartado 1 do Artigo 121 co seguinte texto:

“h) Subvencionar os proxectos previos respecto dos polígonos agroforestais ou das actuacións de xestión conxunta, sexa total ou parcialmente. No caso de as actuacións se proxecten en concellos ou áreas rurais que presenten grave regresión demográfica poderán concederse de forma directa.”



---

Emenda nº72, ao apartado 1, de Modificación. Disposición adicional segunda

Substituír no apartado 1 da Disposición adicional segunda a expresión: “dous anos”, por: “6 meses”.

---

Emenda nº73, ao apartado 1, de Substitución. Disposición adicional quinta

Substituír o primeiro parágrafo do apartado 1 da Disposición adicional quinta polo seguinte texto:

“Mentres non estean aprobados os catálogos oficiais de solos agropecuarios e forestais, un terreo rústico de protección ordinaria non se considerará en estado de abandono e poderá ter uso forestal se se cumpren os seguintes requisitos:

- a) Que houbera un estado de abandono agrícola e constara expresamente a autorización para o uso forestal.
- b) Non conleve a ubicación dun encravado forestal en zonas de cultivo existente de forma maioritaria con finalidades agropecuarias
- c) Se respecten as distancias a lindeiros, núcleos e equipamentos previstas na normativa de prevención de incendios forestais, e no seu caso, nas ordenanzas e planeamento municipais.”

---

Emenda nº74, de Adición. Disposición adicional sexta

Engadir unha nova Disposición adicional sexta coa seguinte redacción:

“Disposición adicional sexta

O Goberno Galego iniciará os trámites para solicitar ao Goberno do Estado o traspaso das competencias en materia de catastro, tanto urbano como de rústica, co obxectivo de ter competencias plenas no ano 2022. “





---

Emenda nº75, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Suprimir os apartados Un, Dous, Tres, Catro, Seis, Sete, Oito, Nove, Once, Doce, Vinte catro, Vinte cinco, Vinte seis, Vinte sete, Vinte oito, Vinte nove, Trinta e dous, Trinta e tres da Disposición derradeira terceira.

---

Emenda nº76, de Adición. Disposición derradeira novena

Engadir unha nova Disposición derradeira novena coa seguinte redacción:

“Disposición derradeira novena

Dentro dos tres meses de entrada en vigor da presente Lei, a consellaría competente en materia de medio rural elaborará e remitirá ao Consello Agrario Galego un informe onde se conteña a planificación plurianual xunto co detalle de programación anual de execución das medidas contidas na presente Lei, con indicación do financiamento, recursos materiais e humanos, así como entidades colaboradoras previstas.”

---

Emenda nº77, de Adición. Disposición derradeira décima

Engadir unha nova Disposición derradeira décima coa seguinte redacción:

“Disposición derradeira décima

O Goberno Galego remitirá no primeiro trimestre do ano 2023 un informe de avaliación desta Lei ao Consello Agrario, ao Consello Forestal e ao Parlamento de Galiza no que se detallan as actuacións realizadas con especial fincapé nos resultados obtidos cos instrumentos de xestión de terras desenvolvidos na presente Lei”.



Emenda nº78, de Adición. Disposición derradeira undécima

Engadir unha unha nova Disposición derradeira undécima coa seguinte redacción:

“Disposición derradeira undécima  
Consonte as medidas fiscais reguladas no Capítulo II do Título VII da presente Lei, no prazo de tres meses desde a súa entrada en vigor, o Goberno galego presentará unha proposta ante o Goberno do Estado para a modificación da normativa do Imposto sobre Sociedades na que se regule a non suxeición como suxeitos pasivos no imposto sobre sociedades das comunidades de montes veciñais en man común e se elabore unha fiscalidade específica que teña en conta as peculiaridades e singularidades de ditas comunidades de montes veciñais e as súas funcións sociais e medioambientais.”

---

Emenda nº79, de Substitución. Exposición de motivos

Substituír o texto do apartado I da Exposición de motivos polo seguinte:

"Ao longo das últimas décadas, a agricultura galega transformou o seu modelo de produción alicerzado en explotacións de dimensión reducida con orientación ao autoconsumo, cara outro de producións dirixidas ao mercado. Con todo, a base do modelo de producións agropecuarias en Galiza segue a ser o de explotacións agrarias de carácter familiar e cooperativo.

Este proceso, que tamén tivo lugar noutros modelos agrarios do noso contorno, tivo unha especial incidencia en Galiza polas especiais características da propiedade, como é a excesiva fragmentación nun elevado número de parcelas de pouca dimensión.

Malia a intensa redución do número de explotacións dedicadas a orientacións agrícolas e gandeiras en Galiza, na maioría dos casos polo abandono da actividade agraria, existiu unha escasa transferencia da base territorial das explotacións, constatándose unha redución global da superficie agraria útil, entendida como aquela apta para o cultivo de producións ligadas ás explotacións agrogandeiras, coa consecuente perda dunha riqueza de interese social e público e que como efecto máis negativo revélase nunha perda de relevo xeracional nas





explotacións agrogandeiras, no descenso da poboación activa agraria en Galiza, e en suma, na redución drástica de poboación nas áreas e concellos rurais galegos.

Esta evolución contrasta, ao mesmo tempo, cunha realidade na cal as explotacións agrogandeiras que permanecen en activo en Galiza manteñen unha alta demanda de superficie agraria útil para aumentar a base territorial das súas unidades produtivas a fin de mellorar a súa eficiencia, tanto do punto de vista económico a través da redución das importacións de forraxes, como do punto de vista ambiental co obxectivo de atinxir unha menor dependencia de factores de produción alleos que permitiría ademais a redución da pegada de carbono polo menor uso do transporte que fai un uso intensivo de combustíbeis fósiles.

Diversos estudos, empregando fontes estatísticas de diferente orixe, coinciden en estimar esta importante redución da superficie agraria útil en Galiza nas últimas décadas. Na actualidade, esta superficie sitúase por debaixo das 700.000 hectáreas (segundo datos da última Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas publicada polo INE, con datos do 2016, a superficie agraria en Galiza situaríase en 621.643 hectáreas), o que representa menos da cuarta parte do territorio galego. Nos últimos 30 anos, a perda de superficie agraria útil foi acusada, cunha perda de máis de 150.000 hectáreas produtivas, o que supón arredor do 20 por 100 da totalidade da superficie agraria útil total estimada para Galiza. Este proceso intensificouse no período de 2012 ata a actualidade, segundo os datos do sistema de información xeográfica de parcelas agrarias empregado para as declaracións de axudas da PAC en Galiza, que indican unha perda superior a 60.000 hectáreas de terras de cultivo agrogandeiro que pasaron ben ao abandono ben a usos forestais.

Esta redución da superficie agraria útil contrasta coa persistencia de graves déficits estruturais nas explotacións agrogandeiras en Galiza, sobre todo no que atinxe á escasa base territorial das mesmas e ao reducido tamaño medio das parcelas que a compoñen. A forte reestruturación das explotacións debida á desaparición de dúas de cada tres explotacións desde a integración na política agraria comunitaria, non levou aparellado unha mudanza da estrutura territorial da superficie agraria destinada a cultivos agrogandeiros. E, de xeito paradoxal, as explotacións que se manteñen en activo presentan unha carencia de terra apta para cultivos agropecuarios dispoñíbeis, o que supón un dos principais freos á súa actividade.





O diagnóstico exposto xustifica que a principal prioridade das medidas de intervención pública en Galiza para apoiar as explotacións agrogandeiras que permanecen en activo, e mesmo para que poidan mellorar as rendas percibidas e con iso reverter a tendencia á súa desaparición, consiste en actuar sobre as superficies agrarias útiles hoxe improdutivas en Galiza por estaren abandonadas e tamén sobre aquelas que tendo esa aptitude para os cultivos agropecuarios mudaron cara un uso forestal, sobre todo nas zonas que manteñen unha clara persistencia de explotacións con vocación agrícola e pecuaria.

A adopción destas medidas permitiría, ademais, garantir un uso axeitado das terras agrarias consonte a súa aptitude favorecendo o destino daquelas de maior produtividade á produción alimentaria, á ampliación da base territorial e ao redimensionamento das explotacións agrogandeiras en activo a través dunha maior extensificación e redución de insumos, favorecendo unha transición cara modelos de explotacións que desenvolvan unha xestión máis sustentábel do territorio e compatible coa conservación do medio ambiente e a seguridade alimentaria que demanda actualmente a sociedade. Este proceso de perda da superficie agraria útil en Galiza, ademais de provocar o aumento de terras agrarias abandonadas, que ningún país se pode permitir, tivo como consecuencia colateral a mudanza de uso de terras con aptitude para cultivos agrogandeiros cara un uso forestal, mesmo en zonas onde hai unha importante presenza de explotacións agrogandeiras, favorecendo dese xeito un proceso de desorganización dos usos agrarios do territorio, cunha incidencia directa na prevención e control dos incendios forestais. Polo tanto, os esforzos públicos dirixidos de forma preferente cara a mobilización e recuperación de superficie agraria útil tamén contribuirán a unha mellor xestión do territorio con fins agrarios e a ordenar o espazo agrogandeiro e forestal.

En suma, o obxectivo fundamental das políticas públicas agrarias en Galiza, e polo tanto da presente Lei, ha de consistir na conservación, recuperación e mobilización dos terreos de alta produtividade agropecuaria, de xeito que a maior parte de recursos e medidas se centren en primeiro termo na protección, conservación e recuperación da terra con destino agrogandeiro, ao favorecer así as demandas das explotacións agrogandeiras en activo, proporcionarlles mecanismos para mellorar a base territorial e con iso o aumento das rendas agrarias. Dese xeito, tamén se afortalará o modelo existente de explotacións de base familiar e cooperativa en Galiza, que é o máis apropiado para manter o emprego agrario e fixar poboación no rural de forma continuada e incentivar o relevo



xeracional. E finalmente, terá un efecto favorecedor dunha ordenación racional do espazo agrario en Galiza, velando pola conservación da paisaxe agraria tradicional, incentivando a mellora das condicións ambientais do territorio galego e tamén facilitando as organización e os labores de prevención de lumes forestais.

A carón da prioridade exposta, outro albo das políticas públicas agrarias na Galiza que non se pode demorar ha de ser a recuperación de terra agraria, entendendo neste caso unha acepción máis ampla que engloba os usos agrícolas, gandeiros e forestais, a través de medidas e actuacións específicas para a recuperación de toda caste de terras agrarias de titularidade descoñecida, así como a mobilización das terras incultas e abandonadas con donos coñecidos coutando dese xeito o absentismo. Mais sempre ha de terse presente que a execución das medidas destinadas a recuperar aqueles predios incultos, abandonados e en situación de grave abandono, ha de estar supeditada a que o seu uso final debe asegurar unha utilización axeitada ás aptitudes da terra e outorgar un uso preferente ao destino de producións agrícolas e gandeiras das terras de alta produtividade e tamén estar inseridas nun modelo de ordenación do espazo agrario que permita a necesaria delimitación necesaria entre usos agrogandeiros e forestais, alén de frear tamén dun xeito máis xeral a transformación das terras agrarias con maior produtividade en solo urbano ou urbanizábel.

A viabilidade do medio rural en Galiza, en termos de sustentabilidade económica, social e ambiental, é un reto que deben afrontar as políticas públicas sen máis demora, sendo imprescindible para asegurar a fixación de poboación no medio rural e o equilibrio territorial do conxunto do país, así como a preservación da biodiversidade agraria. Este obxectivo global require dunha estratexia onde estean presentes accións e medidas desde diversas perspectivas, máis na combinación de todas elas ha de ter un destacado papel a ordenación e valorización do territorio agrario, e nese marco a prioridade ha de fixarse na recuperación, mobilización e posta en valor da superficie agraria útil pola súa contribución a xerar un desenvolvemento económico do medio rural fomentando a reorientación dos sistemas produtivos agrogandeiros para facelos menos dependentes dos insumos externos e sobre a base dun recurso endógeno que non pode seguir minguando consonte a tendencia dos últimos anos en Galiza."

---





**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/03/2021 18:06:08**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/03/2021 18:06:21**



## EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PPL-000003).

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 2

Substituír o texto deste artigo polo que segue:

"Artigo 2.Obxectivos xerais

Son obxectivos desta lei os seguintes:

- a. Promover a recuperación produtiva das terras agroforestais de Galicia, desenvolvendo para iso mecanismos de posta en valor baseados nos arrendamentos, nas cesións, nas permutas ou nas transmisións da titularidade das terras por calquera medio válido en dereito, así como na xestión conxunta das terras.
- b. Loitar contra o abandono das terras agroforestais, establecendo medidas de recuperación, agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización para uso agroforestal, prestando atención especial ao fomento da constitución de iniciativas de xestión e aproveitamento conxunto das terras recuperadas.
- c. Coordinar as actuacións das diferentes administracións que teñan relación directa ou indirecta coa xestión das terras agroforestais, loitar contra o seu abandono e obter datos útiles para esas finalidades, así como crear un fondo documental e unha rede de intercambio de datos e información que contribúa a ese fin.
- d. Facilitar a ordenación das terras agroforestais, mediante a súa identificación cartográfica e a ordenación dos seus usos, especialmente nas áreas con especiais valores produtivos, definidas consonte ao establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, así como aquelas outras con especiais valores patrimoniais, ambientais ou paisaxísticos, de maneira que se contribúa ao necesario equilibrio entre o aproveitamento das terras conforme á súa aptitude máis acaída





e o respecto aos valores patrimoniais, ambientais e paisaxísticos.

e. Contribuír ao coñecemento preciso e veraz da estrutura da propiedade rústica en Galicia, da súa titularidade, prezos de transferencia, grao de mobilidade cara á mellora da transparencia de mercado, niveis de abandono e, en xeral, todo canto contribúa a devolver unha imaxe rigorosa da situación e da evolución do sector agroforestal.

f. Facilitar a posta en contacto entre as persoas emprendedoras de proxectos agroforestais e as persoas titulares de terras.

g. Apoiar ás explotacións agroforestais mediante a aplicación de medidas de fomento co obxectivo de contribuír á mellora da súa competitividade e capacidade de resiliencia.

h. Acadar unha superficie agraria útil galega próxima á media nacional ou europea, así como facilitar que as explotacións agroforestais dispoñan de base territorial suficiente para garantir a súa viabilidade económica e unha acaída orientación da súa actividade.

i. Favorecer o mantemento da poboación vinculada á actividade agroforestal, promovendo e recoñecendo o papel da muller en condicións de igualdade e o relevo xeracional coa incorporación de persoas mozas ás explotacións, así como fomentar que as novas explotacións agroforestais contribúan á renda familiar.

j. Afianzar a actividade agroforestal como actividade económica de referencia fomentando o seu desenvolvemento, así como o doutras actividades complementarias, que sexan compatibles co respecto dos valores naturais, a conservación do patrimonio cultural de interese agrario e a integridade da contorna.

k. Incentivar as producións agroforestais sostibles e, en especial, a produción ecolóxica e os sistemas gandeiros de carácter extensivo."

---

Emenda nº5, de Supresión. Artigo 4





Suprímese a letra i)

---

Emenda nº4, de Substitución. Artigo 4

Substituír o texto do apartado 1º da letra h) polo seguinte:  
"1º Que estean situadas no interior do perímetro doutra parcela ou conxunto de parcelas da mesma persoa titular ou posuidora dos dereitos de uso e se atopen en situación de abandono ou infrautilización"

---

Emenda nº3, de Modificación. Artigo 4

No apartado 1ª da letra a) onde di "en monocultivo ou en rotación" debe dicir "en monocultivo, en rotación ou mixtas"

---

Emenda nº6, de Substitución. Artigo 5

Substituír o texto da letra j) polo seguinte:

"j) Promover a iniciativa, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e en colaboración cos respectivos concellos, da realización de actuacións integradas co obxectivo de fomentar a mobilización de terras a través de aldeas modelo."

---

Emenda nº7, de Adición. Artigo 7

Engadir ao texto da letra k) in fine:

..."e cos artigos 42 e 43 do Decreto legislativo 2/2015, do 2 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade."

---

Emenda nº8, de Substitución. Artigo 9



O texto do artigo 9 quedará redactado como segue:

"A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderase financiar a través de ingresos procedentes tanto de transferencias de financiamento consignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, como de ingresos propios, derivados, entre outros, dos alleamentos e da xestión dos arrendamentos de predios de calquera titularidade, así como de indemnizacións, alleamentos de produtos, ou expropiacións de predios da súa titularidade."

---

Emenda nº9, de Modificación. Artigo 10

No parágrafo 1º do apartado 2 do artigo 10 onde di "explotacións agrícolas" debe dicir "explotacións agrarias"

---

Emenda nº10, de Substitución. Artigo 11

Substituír o texto do apartado 2 do artigo 11 polo seguinte:

2. O Consello terá a seguinte composición, a proposta dos centros directivos ou entidades que se sinalan a continuación:
- a) Unha persoa en representación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que actuará como persoa titular da presidencia do órgano.
  - b) Unha vogalía en representación do Banco de Terras de Galicia.
  - c) Unha vogalía a proposta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
  - d) Unha vogalía a proposta do centro directivo competente en materia de planificación forestal.
  - e) Unha vogalía a proposta do centro directivo competente en produción agrogandeira.
  - f) Unha vogalía a proposta do centro directivo competente en materia de infraestruturas agrarias.
  - g) Unha vogalía a proposta do centro directivo competente en materia de defensa do monte.
  - h) Unha vogalía a proposta do centro directivo competente en materia de patrimonio cultural.
  - i) Unha vogalía a proposta do centro directivo competente en patrimonio natural e biodiversidade.
  - j) Unha vogalía a proposta do centro directivo competente en ordenación do territorio.





- k) Unha vogalía a proposta do centro directivo competente en xestión hidrolóxica de ámbito autonómico.
- l) Unha vogalía a proposta do centro directivo competente en coordinación, integración e elaboración da información xeográfica e cartográfica de Galicia.
- m) Unha vogalía a proposta do centro directivo competente en materia tributaria autonómica.
- n) Unha vogalía a proposta das asociacións de cooperativas agrarias galegas.
- o) Dúas vogalías a proposta das organizacións profesionais e sindicatos agrarios que forman parte do Consello Agrario Galego .
- p) Dúas vogalías a proposta dos representantes dos propietarios e das organizacións profesionais do Consello Forestal de Galicia .
- Así mesmo, convidarase á Administración do Estado a que designe persoas representantes dos centros directivos con competencias en materia de xestión catastral e xestión hidrolóxica, para que actúen como vogais do Consello de xestión da terra agroforestal.
- Actuará como titular da secretaría deste órgano colexiado unha persoa coa condición de empregada pública ao servizo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, designada por esta.

---

#### Emenda nº11, de Substitución. Artigo 13

Substituír o texto da letra j) do apartado 2 polo seguinte:

"j) Dúas vogalías a proposta das organizacións profesionais e sindicatos agrarios que forman parte do Consello Agrario Galego."

---

#### Emenda nº12, de Adición. Artigo 13

Engadir unha nova letra k) no apartado 2 deste artigo co seguinte texto:

"k) Dúas vogalías a proposta dos representantes dos propietarios e das organizacións profesionais do Consello Forestal de Galicia."

---



Emenda nº13, de Modificación. Artigo 15

Substituír "medio público" por "instrumento público"

---

Emenda nº15, de Adición. Artigo 16

Engádese á letra c) do apartado 3 in fine o seguinte texto:

c) Cooperativas ... "e outras entidades da economía social."

---

Emenda nº14, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 16

Engádese un novo punto (2 bis) ao artigo 16, coa seguinte redacción:

"2 bis) De acordo coas finalidades expresadas no número anterior, por transcender os seus fins e obxectivos daqueles exclusivamente de interese particular, poderá declararse de interese xeral a xestión conxunta realizada polas indicadas agrupacións."

---

Emenda nº18, de Substitución. Artigo 17

Substituír o texto da letra e) do apartado 2 polo seguinte:

"e) Colexios profesionais do ámbito agroforestal"

---

Emenda nº16, de Adición. Artigo 17

Engádese in fine, na letra c) do apartado 2 o seguinte texto:

...", en particular, organizacións profesionais e sindicatos agrarios"

---

Emenda nº17, de Adición. Artigo 17



Engádesse in fine, na letra d) do apartado 2 o seguinte texto

... "e outras entidades de economía social."

---

Emenda nº19, de Substitución. Artigo 19

Substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:

"2. O procedemento de investigación dos predios, incluíndo as edificacións ou construcións que puideran existir neles, poderase iniciar de oficio pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ben a iniciativa propia, por comunicación ou por denuncia. Neste último caso, do acordo de inicio do procedemento ou, no seu caso, da súa inadmisibilidade, darase traslado á persoa denunciante."

---

Emenda nº21, de Substitución. Artigo 19

Substituír o texto do apartado 11 que queda redactado como segue:

11. A resolución do procedemento de investigación corresponde á persoa que exerza a dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e contra ela caberá recurso de alzada ante a persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, cuxa resolución esgota a vía administrativa. A resolución determinará a titularidade do ben ou dereito para os efectos da asunción das obrigas que corresponde ás persoas titulares de acordo con esta lei.

A dita resolución decidirá, no caso de inmobles vacantes por teren sido abandonados polos seus donos ou cuxos donos sexan descoñecidos, a pertenza do ben ou dereito á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Neste caso, os bens consideraranse adquiridos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no exercicio das funcións que lle son propias e para o cumprimento dos seus fins, co propósito de devolvelos ao tráfico xurídico patrimonial. Aos ditos bens resultarlles de aplicación o réxime xurídico previsto para estes casos no artigo 8 desta lei.

Porén, os predios en solo rústico adquiridos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de acordo con este artigo, ou os predios de substitución correspondentes no caso de



reestruturación da propiedade nos polígonos agroforestais, só se poderán destinar ao arrendamento durante os cinco anos seguintes á data do ditado da firmeza en vía administrativa da resolución do procedemento de investigación, sen que poidan durante este prazo allearse, permutarse ou constituírse dereitos reais sobre eles. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural estará facultada, dentro deste prazo, para recoñecer o dominio destes predios a quen o acredite suficientemente nos termos previstos no apartado 8 deste artigo e facerlle entrega, de ser o caso, das rendas devindicadas durante o referido período. Transcorrido ese prazo, consideraranse os bens e dereitos integrados definitivamente no patrimonio da Axencia, sen prexuízo das accións civís das persoas que se consideren con dereito á súa titularidade, ou, de ser o caso, dos recursos pendentes ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa previstos no número 12 deste artigo.

Cando o procedemento de investigación se iniciase como consecuencia de denuncia, determinarase na resolución se procede dereito a premio nos termos previstos na normativa xeral de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia

---

#### Emenda nº22, de Substitución. Artigo 19

Substitúese o derradeiro parágrafo do apartado 14 polo seguinte texto:

"Se o procedemento de investigación conclúe coa declaración de que a parcela foi abandonada polos seus donos ou o seu dono é descoñecido e a súa titularidade corresponde á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, as rendas depositadas durante a tramitación do procedemento, así como aquelas devindicadas durante un período de cinco anos posterior a dita declaración, ingresarán na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e neste caso a xestión do predio pasará a rexerse polo réxime ordinario previsto para estes supostos, manténdose ata a súa extinción a cesión de uso e aproveitamento que puidese estar vixente. En todo caso, estarase ao disposto no apartado undécimo do presente artigo"

---

#### Emenda nº20, de Modificación. Artigo 19

No apartado 9:



Substituírse onde di "no apartado anterior" por "no apartado 7"

---

Emenda nº133, de Modificación. Artigo 25

Substituír o texto do apartado 1 deste artigo que quedará redactado como segue:

"1. O Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia configúrase como un documento técnico flexible e e de áxil revisión, que representa o instrumento marco para a ordenación e xestión do desenvolvemento dos usos destes solos sobre o territorio galego."

---

Emenda nº23, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 25

Engádesse un novo apartado 2 bis) co seguinte texto

"2 bis).O Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia procurará unha distribución axeitada dos usos agrogandeiros e forestais no territorio galego, favorecendo o desenvolvemento destes usos fronte ao abandono da terra agroforestal. De xeito particular, o catálogo buscará garantir unha superficie agraria útil próxima á media nacional ou europea."

---

Emenda nº24, de Modificación. Artigo 29

Na letra a) onde di "non supere o 10 por cento" debe dicir "non supere o 5 por cento"

---

Emenda nº25, de Substitución. Artigo 35

Substituír o contido do apartado 2 polo seguinte texto:

"2. Os predios mencionados nas letras a) e b) e, no caso de adquisición definitiva, na letra d) do apartado anterior serán de titularidade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, nos termos sinalados no artigo 10, e sen prexuízo do réxime de



alleamento ou de cesión gratuíta con transmisión da propiedade establecido na presente lei."

---

Emenda nº26, de Adición. Artigo 37

Engadirase in fine, no punto 1º da letra a) o seguinte texto:

...", co fin de acadar, como mínimo, valores próximos á superficie media na Unión Europea para a correspondente orientación produtiva."

---

Emenda nº78, de Substitución. Artigo 38

Substituír os dous últimos parágrafos do apartado 2 do artigo 38 polo seguinte texto:

"En ningún caso a intermediación do Banco de Explotacións suporá a asunción pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural dos dereitos e obrigas da persoa titular da explotación, nin, en particular, das obrigas de conservación ou mantemento da explotación.

Para facilitar o bo fin destas operacións de intermediación, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá aprobar, de acordo co contido do artigo 124, liñas de apoio financeiro específicas, sen prexuízo das competencias doutros órganos da administración autonómica."

---

Emenda nº27, de Substitución. Artigo 39

Substituirase o apartado 1 deste artigo polo seguinte texto:

"1.A inclusión de explotacións no Banco iniciarase a solicitude de calquera persoa interesada en que a súa explotación estea incluída no Banco de Explotacións. As solicitudes de incorporación irán acompañadas dunha declaración xurada da veracidade da información facilitada.

En calquera caso, incorporaranse ao Banco de Explotacións todas aquelas explotacións que non acrediten a súa continuidade e que teñan recibido axudas públicas para a súa





mellora no período de tempo inmediatamente anterior ao abandono da actividade, sempre que dita condición figurase expresamente establecida nas correspondentes bases reguladoras de ditas axudas.

Unha explotación poderá estar incluída no Banco de Explotacións un período máximo de dous anos contado a partir da data de abandono da actividade."

---

#### Emenda nº28, de Substitución. Artigo 39

Substituír o texto do apartado 4 polo seguinte:

"4. Non estará cuberta polo Banco de Explotacións a incorporación, venda ou arrendamento parcial da explotación. Porén, non se considerará parcial cando a operación inclúa negocios xurídicos de arrendamento ou venda dos distintos elementos da explotación a unha única persoa.

Tanto a persoa titular como a que asumirá a titularidade da explotación poderán sinalar bens que queden excluídos do negocio xurídico, sempre e cando non se poña en risco a viabilidade da explotación, previa aceptación expresa pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural."

---

#### Emenda nº29, de Substitución. Artigo 43

Substituír o texto do inciso primeiro do punto 3 (antes das respectivas letras) polo seguinte:

"3. Con base no informe emitido, elaborárase unha proposta de resolución pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que será notificada ás persoas interesadas a fin de que, no prazo de quince días, procedan á presentación de alegacións ou á elección dunha das seguintes opcións:"

---

#### Emenda nº30, de Substitución. Artigo 44

Substituír o texto deste artigo que quedará redactado como segue:

"Cando se dean as circunstancias sinaladas no apartado 4.b) do artigo anterior, a Axencia Galega de Desenvolvemento



Rural poderá instar a execución subsidiaria por parte da Administración competente para a realización das actuacións de mantemento e xestión da biomasa e, de ser o caso, a retirada de especies arbóreas, nos termos establecidos na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ou norma que a substitúa."

---

Emenda nº33, de Adición. Artigo 53

Engadir no apartado 9, in fine, o seguinte texto:

..." , agás no caso de forza maior ou causa debidamente xustificada."

---

Emenda nº34, de Adición. Artigo 53

Engadir no apartado 10, in fine, o seguinte texto:

..." , agás no caso de forza maior ou causa debidamente xustificada."

---

Emenda nº35, de Substitución. Artigo 54

Substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:

"2. As solicitudes de incorporación e arrendamento presentadas serán resoltas pola dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural nun prazo máximo de tres meses, tras a proposta de resolución elaborada polo órgano da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural encargado da xestión do Banco de Terras e a petición dos informes sectoriais que, no seu caso, sexan preceptivos. No caso de que os referidos informes procedan da Administración autonómica deberán ser emitidos con carácter de urxencia."

---

Emenda nº36, de Modificación. Artigo 56





No punto 1 substituír "diñeiro de curso legal" por "moeda de curso legal"

---

Emenda nº37, de Modificación. Artigo 59

No punto 3 substituír "valoración en diñeiro" por "valoración económica"

---

Emenda nº38, ao apartado 4, de Adición. Artigo 59

Engadir un novo apartado 4 co seguinte texto:

"4. Poderase ceder temporal e gratuitamente unha parcela non arrendada e de titularidade do Banco de terras á persoa titular dunha parcela estremeira para que esta proceda á súa limpeza. Esta cesión levarase a cabo coa autorización expresa da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por solicitude da persoa titular da parcela estremeira e polo tempo preciso para proceder á limpeza."

---

Emenda nº39, de Modificación. Artigo 61

Na letra c) do punto 2 deste artigo onde di "agrupacións de xestión conxunta" debe dicir "actuacións de xestión conxunta"

---

Emenda nº40, de Modificación. Artigo 62

No apartado 4 deste artigo onde di "compensarase en diñeiro" debe dicir "compensarase economicamente"

---

Emenda nº41, de Adición. Artigo 67

Engádese in fine un parágrafo ao apartado 3 co seguinte texto:

"A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, á vista das súas características e da información recollida ao longo do



proceso, determinará a forma de execución do proxecto baixo as dúas modalidades seguintes:

- a) Deseño de área única, o que implicará que o proxecto constituirá unha soa unidade produtiva e de licitación.
- b) Deseño en lotes, o que implicará que o proxecto se divida nun grupo de lotes de superficie mínima fixada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural."

---

Emenda nº42, de Supresión. Artigo 68

No artigo 68 suprimir o apartado 2

---

Emenda nº43, de Substitución. Artigo 69

Substituír a letra c) do apartado 1 polo seguinte texto:

"c) Aquelas nas que desde o inicio do proceso se acredite o acordo dun total de persoas propietarias ou representantes dos titulares dos dereitos de uso ou aproveitamento sobre as parcelas afectadas que supoñan un mínimo do 70% do total da superficie incluída dentro do perímetro do polígono agroforestal."

---

Emenda nº44, de Substitución. Artigo 70

Substituír o texto do apartado 3 que queda redactado como segue:

"3. Cando o axente promotor produtivo sexa unha explotación localizada no ámbito do perímetro do polígono, o requirimento do 50 por cento da superficie de terras en abandono ou infrautilización avaliarase excluindo a superficie aportada por esta explotación."

---

Emenda nº45, de Substitución. Artigo 72

Substituír o texto do apartado 1 que queda redactado como segue:



"1. A xestión conxunta de aproveitamentos agroforestais implica a obrigatoriedade da súa xestión e aproveitamento de maneira conxunta durante o tempo de vixencia da correspondente actuación de xestión conxunta forestal ou agrogandeira e, en particular, o cumprimento obrigatorio das especificacións previstas nelas. Non suporá a reorganización da propiedade dos terreos agroforestais ou predios afectados."

---

Emenda nº46, de Adición. Artigo 72

Engadir un novo apartado, o 4. co seguinte texto:

"4. Por orde da consellería competente en materia de medio rural desenvolveranse un modelo de estatutos para os diferentes tipos de agrupacións de xestión conxunta."

---

Emenda nº47, de Substitución. Artigo 74

Substituír o texto do inciso do apartado 1 polo seguinte texto:

"4. Os estatutos da agrupación de xestión conxunta recollerán, sempre que pola súa natureza mercantil lles sexan aplicables, entre outras, as seguintes previsións:"

---

Emenda nº48, de Substitución. Artigo 75

Substituír o título deste artigo que queda redactado como segue:

"Artigo 75. Recoñecemento das agrupacións agrogandeiras de xestión conxunta"

---

Emenda nº49, de Supresión. Artigo 77

Suprimir no primeiro parágrafo do apartado 1 a seguinte expresión "e na súa faixa de protección perimetral"

---



Emenda nº50, de Substitución. Artigo 78

Substituír o texto do apartado 4 polo seguinte:

"4. A declaración de aldea modelo irá precedida da elaboración pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural dun proxecto de ordenación produtiva.  
Os cultivos e aproveitamentos contemplados dentro do proxecto de ordenación produtiva deberán desenvolverse sempre mediante métodos e técnicas de produción sostible."

---

Emenda nº51, de Substitución. Artigo 78

Substituír o texto do apartado 5 polo seguinte:

"5.A declaración dunha aldea modelo poderá levar asociada a elaboración dun plan de dinamización que comprenda, total ou parcialmente, o ámbito clasificado como solo de núcleo rural que se encontre dentro do perímetro da aldea modelo."

---

Emenda nº52, de Adición. Artigo 80

Engádesse un apartado 2 a este artigo co seguinte texto:

"2. Poderanse incorporar á rede de aldeas modelo de Galicia tanto as aldeas modelo como calquera outra aldea que, coas mesmas finalidades e características, se desenvolva pola iniciativa privada."

---

Emenda nº54, de Substitución. Artigo 83

Substituír o texto da letra f) do apartado 1 que queda redactado como segue:

"f) Superficies mínimas: a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural determinará para cada polígono, en función do tipo de cultivo ou aproveitamento e das súas características, unha superficie mínima que será empregada no deseño dos lotes establecidos no artigo 67 e, no seu caso, como parcelas mínimas nos proxectos de reestruturación da propiedade."



---

Emenda nº55, de Adición. Artigo 83

Engádesse unha nova letra, g) ao apartado 1 deste artigo co seguinte contido:

"g) Vida útil: determinarase a vida útil mínima do polígono agroforestal en correspondencia coa duración dos ciclos produtivos das orientacións, cultivos, aproveitamentos ou producións."

---

Emenda nº56, de Supresión. Artigo 84

Na letra b), do apartado 2 suprímese a expresión "... de maneira que se compatibilicen as duracións dos ciclos produtivos das orientacións, cultivos, aproveitamentos ou producións cos intereses das persoas arrendatarias."

---

Emenda nº57, de Supresión. Artigo 84

Suprímese o apartado 4 do artigo 84.

---

Emenda nº58, de Substitución. Artigo 85

Substituír a letra a) do apartado 1 que queda redactada como segue:

"a) O estudo de viabilidade, no que figure o perímetro, o catálogo parcial, o documento ambiental, os prezos e superficies mínimas e a vida útil."

---

Emenda nº59, de Substitución. Artigo 85

Substituír a letra b) do apartado 1 deste artigo que queda redactada como segue:





"b) A revisión do parcelario afectado e a determinación de parcelas nas que se presuma o estado de abandono ou infrautilización."

---

Emenda nº60, de Substitución. Artigo 85

Substituír a letra e) do apartado 1 deste artigo que queda redactada como segue:

"e) Os compromisos de adhesión ao proxecto, que deberán supoñer unha porcentaxe mínima do 70 por cento da superficie das terras incluídas no perímetro do polígono agroforestal"

---

Emenda nº62, de Substitución. Artigo 91

Substituír o texto do apartado 2 que quedará redactado como segue:

"2. Aos efectos previstos no número anterior, notificaráselles ás persoas propietarias dos predios incluídos no perímetro do polígono ou, de ser o caso, ás titulares das facultades de uso e aproveitamento sobre aqueles, os prezos de transmisión ou arrendamentos mínimos, así como as orientacións de produción establecidas no proxecto, requiríndoos a que procedan a optar por algunha das alternativas establecidas no punto anterior ou a manifestar a non adhesión ao proxecto."

---

Emenda nº63, de Substitución. Artigo 91

Substituír no punto 4 desta artigo que queda redactado do seguinte modo:

"4.A superficie que se integre no proxecto deberá representar un mínimo do 70 por cento do total da superficie das parcelas do perímetro do polígono. A estes efectos, entenderase por superficie integrada no polígono a que se derive da sinatura dos compromisos e da posta en produción de acordo co indicado no apartado 1, así como a correspondente ás parcelas integradas transitoriamente no Banco de terras e ás de propiedade pública xestionadas polo Banco de Terras que se integren no proxecto.







De non alcanzarse dita porcentaxe mínima, resolverase o arquivo do procedemento de aprobación do proxecto por incumprimento dos seus requisitos básicos."

---

Emenda nº64, de Substitución. Artigo 91

Substituír o apartado 5 polo seguinte texto:

"5.De existir persoas propietarias dos predios ou, de ser o caso, de titulares das facultades de uso e aproveitamento sobre aqueles, que non accedesen a optar individualmente por ningunha das opcións previstas no apartado 1 sempre que se teña acadado a superficie mínima prevista no apartado anterior, e tendo en conta as exclusións sinaladas no artigo 86 da presente lei, entenderase que concorre a situación de infrautilización ou abandono aos efectos desta lei, e unha vez declarada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, esta propondrá á consellería competente en materia do medio rural a tramitación do procedemento de declaración do incumprimento da función social da propiedade establecido no número seguinte deste artigo."

---

Emenda nº66, de Substitución. Artigo 91

Substituí o contido do apartado 6 deste artigo polo seguinte texto:

"6.A consellería competente en materia do medio rural iniciará o procedemento notificando ás persoas propietarias dos predios ou, de ser o caso, de titulares das facultades de uso e aproveitamento sobre aqueles a intimación de que debe proceder a optar por calquera das opcións establecidas no apartado 1, deste artigo ou formular alegacións no prazo de quince días, coa advertencia expresa de que no caso de que non se formule opción, declararase o incumprimento da función social da propiedade coas consecuencias establecidas neste artigo. Se non se formula a opción referida, efectuarase pola consellería a declaración de incumprimento da función social da propiedade, o que comportará a existencia de causa de interese social para a integración no proxecto a través do arrendamento do predio polo Banco de Terras e a declaración da necesidade de ocupación dos bens e incorporación ao Banco de Terras para esta finalidade. "



---

Emenda nº61, de Modificación. Artigo 91

Nas letras a) e b) do primeiro apartado deste artigo onde di "co axente promotor" debe dicir "ao axente promotor"

---

Emenda nº67, de Substitución. Artigo 92

Substituír o texto da letra e do apartado 2 deste artigo que quedará redactado como segue:

" e) Os predios de titularidade do Banco de Terras de Galicia ou integrados transitoriamente a este serán así mesmo agrupados en lotes de parcelas arrendables e participarán no proxecto nas mesmas condicións económicas que as arrendadas por medio dos compromisos sinalados no artigo anterior."

---

Emenda nº68, de Substitución. Artigo 92

Substituír o texto do apartado 5 deste artigo polo seguinte:

"5. No caso de que, tras a aprobación da acta de reorganización, a investigación da titularidade das parcelas dese como resultado a localización dalgún titular, este deberá optar ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural por algún dos compromisos indicados no artigo 91 da presente lei."

---

Emenda nº70, de Substitución. Artigo 94

Substituír o texto do apartado 2, no primeiro inciso que queda redactado como segue:

"2. Os criterios de selección deberán ponderar, de ser o caso e entre outros, os seguintes extremos:"

---





#### Emenda nº132, de Substitución. Artigo 94

Substituír o texto da letra c) do apartado 2 que queda redactado como segue:

"c)No caso da licitación por lotes recollida no Artigo 67.2.b) da presente lei poderase outorgar preferencia nos pregos, no número de lotes e baixo a forma que neles se determine, a iniciativas destinadas especificamente ao acceso á terra agroforestal das mulleres que sofren violencia de xénero, ás persoas desempregadas de longa duración ou maiores de corenta e cinco anos e á integración social de persoas en risco de exclusión social."

---

#### Emenda nº69, de Modificación. Artigo 94

No apartado 1 deste artigo onde di "dirección da Axencia" debe dicir "da presidencia da Axencia"

---

#### Emenda nº71, ao apartado 2.g bis), de Adición. Artigo 94

Engadir unha nova letra g) bis ao apartado 2 deste artigo co seguinte contido:

"g) bis. As propostas realizadas por cooperativas, sociedades agrarias de transformación ou outras entidades da economía social."

---

#### Emenda nº126, de Substitución. Artigo 98

Substituír o texto do apartado 5 que queda redactado como segue:

"5.A execución das obras e instalacións descritas na letra a) do apartado 1 deste artigo non requirirá de título habilitante urbanístico. O resto das obras e instalacións seguirán a tramitación establecida na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sen que sexan de aplicación as distancias mínimas a vivendas e asentamentos de poboación esixidas no artigo 39.g) da devandita lei para as novas explotacións gandeiras con base territorial, podendo reducirse



xustificadamente esa distancia en función das características de cada polígono."

---

Emenda nº72, de Adición. Artigo 99

Engadir na letra c) deste artigo cando se fai referencia ao "levantamento topográfico final" a expresión "e replanteo"

---

Emenda nº73, de Substitución. Artigo 100

Substituír o apartado 2 deste artigo que queda redactado como segue:

"2.No caso de finalización da vida útil, antes dun ano da data final, os axentes promotores produtivos poderán presentar diante da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural unha solicitude de prórroga do polígono agroforestal. Esta prórroga poderá concederse nos termos establecidos nos pregos de condicións, sempre que se renoven os compromisos de adhesión correspondentes a unha porcentaxe mínima do 70 por cento da superficie das terras incluídas no perímetro do polígono agroforestal e se actualicen os prezos de referencia."

---

Emenda nº74, de Adición. Artigo 101

O texto do apartado 2, letra e), no seu punto 3º queda redactado como segue:

"3º. Se transcorrido o prazo indicado no parágrafo anterior non se tivese presentado ningunha solicitude válida, o polígono poderá ser obxecto de desenvolvemento directo ou indirecto pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que asumirá os compromisos do axente promotor produtivo."

---

Emenda nº75, de Substitución. Artigo 102

Substituír o texto da letra b) do apartado segundo deste artigo que quedará redactado como segue:





"b) Achegar a documentación que acredite o acordo das persoas propietarias ou representantes dos titulares dos dereitos de uso ou aproveitamento que supoñan un mínimo do 70 por cento do total da superficie incluída dentro do perímetro do polígono agroforestal."

---

#### Emenda nº76, de Substitución. Artigo 102

Substituír o texto do apartado 3 deste artigo que queda redactado como segue:

"3. Os requisitos recollidos nas letras c) e d) do apartado anterior entenderanse cumpridos no caso de que o axente promotor produtivo solicitante sexa unha explotación inscrita no rexistro de explotacións agrarias de Galicia cunha antigüidade mínima de tres anos ou conte cun plan de viabilidade aprobado pola Administración Autonómica."

---

#### Emenda nº79, de Substitución. Artigo 105

Substituír as letra a) do apartado 1, do punto 5 polo seguinte texto

"a) O perímetro, o catálogo parcial, o documento ambiental e os prezos e superficies mínimas. Na determinación dos prezos estarase ao disposto na letra e) do artigo 83.1."

---

#### Emenda nº80, de Adición. Artigo 105

Engadir a frase "da superficie" entre "70 por cento" e "das terras"

---

#### Emenda nº81, de Substitución. Artigo 107

Substituír o texto do inciso do apartado 1 que queda redactado como segue:

"1. Ata o momento previo á elaboración da proposta de reestruturación, o axente ou axentes promotores produtivos, de



conformidade co procedemento establecido no número dous do artigo 91 da presente lei, deberán presentar ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural compromisos de adhesión, que inclúen os terreos para os que o axente promotor produtivo posúa previamente dereitos de uso e aproveitamento, relativos a:"

---

#### Emenda nº82, de Substitución. Artigo 107

Substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:

"2. De existir persoas propietarias dos predios ou, de ser o caso, titulares das facultades de uso e aproveitamento sobre aqueles, que non accedesen a optar individualmente por ningunha das opcións previstas no apartado anterior, e tendo en conta as exclusións sinaladas no artigo 86 da presente lei, entenderase que concorre a situación de infrautilización ou abandono aos efectos desta lei, e unha vez declarada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, esta propondrá á consellería competente en materia do medio rural a tramitación do procedemento de declaración do incumprimento da función social da propiedade establecido no Artigo 91.6 da presente lei"

---

#### Emenda nº83, de Supresión. Artigo 111

Suprímese o apartado 4 do artigo 111

---

#### Emenda nº84, de Adición. Artigo 112

Engadir a palabra "dirección" entre "a persoa titular da" e "Axencia"

---

#### Emenda nº85, de Substitución. Artigo 115

Substituír o texto deste apartado 3 que quedará redactado como segue:

"3. Na referida convocatoria determinaranse os criterios máis acaídos de valoración para a selección de propostas de



aproveitamento dos terreos incorporados á aldea modelo mediante a tramitación dun procedemento de concorrencia competitiva. Entre outros, deberanse ter en conta, de ser o caso, os seguintes:"

---

Emenda nº86, de Substitución. Artigo 115

Substituír a letra i) do apartado 3 que queda redactada como segue:

"i) A aportación de terras que xa formen parte do perímetro da aldea modelo. Obterán a puntuación máxima aquelas propostas nas que se aporten terras xestionadas polas persoas que concorran á convocatoria. "

---

Emenda nº87, ao apartado 3.j) bis), de Adición. Artigo 115

Engadir unha nova letra j) no apartado 3 co seguinte texto:

"j) A aplicación das medidas de acceso á terra recollidas no 37 da presente lei."

---

Emenda nº127, de Substitución. Artigo 116

Substituír o seguinte texto do apartado 2:

"2 A execución das obras e instalacións descritas na letra a) deste apartado non requirirá de título habilitante urbanístico. O resto das obras e instalacións seguirán a tramitación establecida na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sen que sexan de aplicación as distancias mínimas a vivendas e asentamentos de poboación esixidas no artigo 39.g) da devandita lei para as novas explotacións gandeiras con base territorial, podendo reducirse xustificadamente esa distancia en función das características de cada aldea."

---

Emenda nº88, de Substitución. Artigo 117



Substituír o texto do apartado 2 que queda redactado como segue:

"2. Os plans de dinamización teñen como obxecto coordinar as actuacións públicas e privadas destinadas á dinamización e á rexeneración destes ámbitos, así como ao impulso da recuperación da actividade económica, á innovación tecnolóxica e á mellora das condicións de vida das persoas residentes. Estas actuacións incluírán, entre outras, a mellora da habitabilidade das vivendas, atendendo a criterios de eficiencia enerxética e de integración paisaxística, a implantación de sistemas alimentarios locais e canais cortos de comercialización, a promoción de estratexias para xeración de valor engadido nos produtos agroalimentarios, o deseño de modelos de negocio local sostibles ou o desenvolvemento de solucións baseadas na natureza"

---

Emenda nº89, de Modificación. Artigo 117

No apartado 3, onde aparece a referencia "dos núcleos rurais" debe dicir "do núcleo rural" (en singular)

---

Emenda nº90, de Substitución. Artigo 118

Substituír a letra b) que quedará redactada como segue:  
(novos signos de puntuación)

"b) A descrición dos obxectivos que se perseguen na formulación do plan, referidos aos principios xerais das aldeas modelo, podendo incluír tamén fins de interese turístico, transformación ambiental, rehabilitación de edificacións e outros análogos ligados á economía verde ou economía prateada, que beneficien a recuperación demográfica e a mellora da calidade de vida da poboación."

---

Emenda nº91, de Substitución. Artigo 118

Substituír o texto do apartado 2º da letra c) polo seguinte:  
(novos signos de puntuación)





"2º. A identificación dos seus titulares ou, nos casos nos que non se teña certeza sobre a súa titularidade, indicación sobre a procedencia de iniciar un procedemento de investigación da titularidade."

---

Emenda nº92, de Substitución. Artigo 118

Substituír o segundo parágrafo da letra d) polo seguinte:

"A proposta de intervención deberá recoller a relación e a localización das obras e actuacións integradas no plan e máis a estimación dos custos das devanditas obras e actuacións. Igualmente, a proposta poderá incluír previsións sobre a intermediación pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural na compravenda, permuta ou arrendamento de edificacións na aldea modelo."

---

Emenda nº93, de Modificación. Artigo 120

Substituír onde di "das áreas de rehabilitación integral das aldeas modelo" debe dicir "do núcleo rural das aldeas modelo"

---

Emenda nº94, de Substitución. Artigo 121

Substituír o texto do apartado 3 que queda redactado como segue:

"3. Os plans e os programas autonómicos e provinciais de axudas plurianuais destinados ao desenvolvemento rural ou ao fomento da actividade agroforestal en Galicia, procurarán o establecemento de liñas de axuda específicas destinadas á mobilización e recuperación da terra agroforestal, particularmente co obxectivo de incentivar ás persoas titulares de explotacións agroforestais, e especialmente ás de explotacións gandeiras, a que amplíen a base territorial daquelas a través das fórmulas establecidas nesta lei."

---

Emenda nº95, de Modificación. Artigo 123





Substituír na letra b) do apartado dous a expresión "de actividade agrícola" por "da actividade agrícola"

---

Emenda nº96, de Adición. Artigo 123

Engadir unha letra f) ao apartado 3 co seguinte texto:

"f) De xeito xeral, a mobilidade da terra na superficie rústica galega, mediante bonificacións nas compravendas ou cesións que eviten, na maior medida posible, a tributación das rendas percibidas e os seus efectos negativos noutras rendas percibidas polas persoas propietarias. Regularase de maneira particular a tributación dos propietarios residentes no rural e que perciban calquera tipo de pensión contributiva ou non contributiva."

---

Emenda nº97, de Substitución. Artigo 125

Substituír o texto deste artigo que queda redactado como segue:

"1. A Consellería competente en materia de medio rural ou a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderán concertar contratos temporais, de carácter voluntario, coas agrupacións de xestión conxunta agroforestais de acordo coas prioridades que se fixen e, en particular, cando carezan dos recursos iniciais económicos e financeiros suficientes para asegurar a súa xestión sostible.

2. Esta actividade de prestación de servizos que se pon á disposición da cidadanía terá a consideración de servizo público e rexerese polo disposto nesta lei.

A estes efectos, a consellería e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobarán as condicións xerais nas que se realizará a prestación destes servizos e dos negocios xurídicos derivados deles, que serán obxecto de publicación na páxina web da consellería e da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e deberán ser aceptadas polos solicitantes dos indicados servizos.

3. Os contratos temporais deberán prever unha cantidade anual en concepto de compensación polos servizos de xestión prestados. Os investimentos iniciais para as obras e os servizos realizados con cargo aos contratos de xestión pública, terán a natureza de anticipo reintegrable e se compensarán





con cargo aos ingresos obtidos polos aproveitamentos agroforestais ou por calquera outro ingreso de natureza ordinaria ou extraordinaria.

4. A xestión ou a execución das actuacións agroforestais nos terreos obxecto destes contratos poderán ser realizadas pola administración, ben directamente ou por medio dos seus entes instrumentais, ben indirectamente mediante a súa contratación, de acordo co indicado na lexislación de contratos do sector público.

"

---

#### Emenda nº98, de Modificación. Artigo 134

Substituír o texto da letra b) do apartado 3 deste artigo que quedará redactada como segue:

"b) No caso de declaración de predios en abandono ou infrautilización cunha superficie superior a unha hectárea, a falta de comunicación á administración pública da opción elixida, consonte o establecido no artigo 43.3, ou o incumprimento da realización da opción elixida no prazo establecido no apartado 4 do mesmo artigo."

---

#### Emenda nº99, de Substitución. Artigo 136

Substituír o texto do apartado 1 polo que segue:

"1. Ás persoas responsables de infraccións moi graves poderá aplicárselles a inhabilitación durante un período de dous anos para seren adxudicatarios en calquera concepto de predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia."

---

#### Emenda nº100, de Adición. Disposición adicional primeira

Engadir no apartado 2 da Disposición adicional primeira in fine o seguinte texto:

"... salvo nos supostos en que a normativa estatal que resulte de aplicación determine outra solución".



---

Emenda nº101, de Adición. Disposición adicional sexta

Engadir unha nova disposición adicional sexta co seguinte texto:

"Disposición adicional sexta. Acceso a información catastral

Os centros directivos, organismos e entidades públicas adscritas á consellería competente en materia do medio rural poderán acceder de forma dixital e directa aos datos de nome, apelidos, razón social, código identificativo e domicilio de todas aquelas persoas ou entidades que figuren nas bases de datos do Catastro como titulares ou suxeitos pasivos do imposto sobre bens inmobles a fin de poder realizar as funcións en materia de investigación da titularidade que os instrumentos, medidas e accións de control e sanción en materia agroforestal sonlle encomendados en virtude da presente Lei e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, así como para aquelas outras actuacións administrativas declaradas nas devanditas leis que teñan como obxecto o tratamento dos datos co fin de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos, sempre que este tratamento se realice coas garantías adecuadas para os dereitos e liberdades dos solicitantes nos termos do artigo 89, apartado 1 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE."

---

Emenda nº102, de Adición. Disposición transitoria primeira

Engadir in fine no primeiro parágrafo do punto segundo o seguinte texto:

"..., salvo no caso previsto no número seguinte"

---

Emenda nº105, de Adición. Disposición transitoria oitava





Engádesse unha nova disposición transitoria oitava con seguinte texto:

"Disposición transitoria oitava. Repoboacións co xénero *Eucalyptus*

1. Con carácter transitorio, ata o 31 de decembro de 2025, só estarán permitidas as repoboacións con especies do xénero *Eucalyptus* nos seguintes casos:

a) Repoboacións previstas en instrumentos de ordenación ou xestión forestal que foran aprobados pola administración forestal antes da entrada en vigor desta disposición, ou en ditos instrumentos cando a súa solicitude de aprobación atopárase en tramitación con anterioridade á entrada en vigor desta disposición, e que foran, finalmente, obxecto de aprobación pola administración forestal.

b) Repoboacións que, en superficie, sexan equivalentes a outras xa existentes e que teñan unha ocupación dominante de individuos do xénero *Eucalyptus*, e cuxos titulares decidan transformalas noutras formacións específicas, sexan masas de coníferas ou de frondosas caducifolias. Estas repoboacións deberán cumprir o disposto nesta lei e no resto da lexislación sectorial vixente, e a nova superficie de repoboación pertencerá ao mesmo titular e non poderá superar a aquela que foi obxecto de transformación, e en todo caso será necesaria autorización previa emitida polo órgano territorial competente en materia de medio rural onde radique o monte ou terreo forestal.

2. Con carácter transitorio, ata o 31 de decembro de 2025, as reforestacións con especies do xénero *Eucalyptus* unicamente estarán permitidas cando a ocupación anterior do terreo obxecto da reforestación constituíse unha masa pura ou mixta dominante deste xénero, e sempre e cando as plantacións anteriores se tivesen realizado respectando o disposto na lexislación sectorial vixente.

3. Aos efectos do indicado nos números anteriores, entenderase por dominante aquela ocupación que, dentro da mesma parcela catastral, supoña unha porcentaxe de pés maiores do xénero *Eucalyptus* superior ao 50 por cento do total da masa. A estes efectos considerarase pés maiores aqueles que presenten un diámetro normal igual ou superior a 7,5 centímetros. No caso de que a ocupación do eucalipto sexa superior ao 50 por cento e inferior ao 80 por cento do total da masa, será necesaria autorización previa emitida polo órgano territorial competente en materia de medio rural onde radique o monte ou terreo forestal.



Asemade poderase solicitar autorización perante o mesmo órgano para aquelas parcelas poboadas con pés do xénero *Eucalyptus* que estean a ser xestionadas consonte a adhesión a modelos silvícolas orientativos EG2 ou EN2 cuxo obxectivo de xestión é a produción de madeira para serra, chapa ou bateas en quendas superiores a 25 anos.

4. O prazo para a execución das novas plantacións que se realicen co xénero *Eucalyptus* e que foran autorizadas consonte ao artigo 67 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, finalizará aos 30 días da entrada en vigor desta lei.

5. A data establecida nos anteriores números 1 e 2 desta disposición poderá ser obxecto de revisión en base aos datos consolidados obtidos polo inventario forestal continuo de Galicia e á revisión das medidas establecidas no Plan Forestal de Galicia 2021-2040.

6. Aos efectos previstos nesta disposición entenderase por repoboación forestal como a introdución de especies forestais arbóreas ou arbustivas nun terreo mediante sementeira ou plantación. Podendo ser forestación ou reforestación.

A reforestación consistirá na reintrodución de especies forestais, mediante sementeira ou plantación, en terreos que estiveron poboados forestalmente ata épocas recentes, pero que quedaron rasos por mor de cortas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos."

---

Emenda nº103, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Substituír o apartado Dous da disposición derradeira primeira que queda redactado como segue:

""Dous. Modifícase o apartado quince do artigo 5, que queda redactado como segue:

«Quince. Dedución por investimento en empresas que desenvolvan actividades agrarias

1.Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite conxunto de 20.000 euros, o 20 por cento das cantidades ou, no caso de aportacións non dinerarias, do valor dos bens que destinen no exercicio aos seguintes investimentos:

a)Adquisición de capital social como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, así como calquera achega a reservas, en:

1.ºSociedades de fomento forestal reguladas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia.





2.º Entidades agrarias, cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra, que teñan por obxecto exclusivo actividades agrarias.

3.º Entidades que teñan por obxecto a mobilización ou recuperación das terras agrarias de Galicia ao amparo dos instrumentos previstos na Lei -/--, de ---, de recuperación da terra agraria de Galicia.

b) Préstamos realizados a favor das mesmas entidades citadas na letra a) anterior, así como garantías que o contribuínte constituía persoalmente a favor destas entidades.

c) Achegas que os socios capitalistas realicen a contas en participación constituídas para o desenvolvemento de actividades agrarias e nas que o partícipe xestor sexa algunha das entidades citadas na letra a) anterior.

2. Para ter dereito a estas deducións deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) As operacións ás que sexa de aplicación a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal debe especificarse a identidade dos contribuíntes que pretendan aplicar esta dedución e o importe da operación respectiva.

b) Os investimentos realizados deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de cinco anos computado a partir do día seguinte á data en que se formalice a operación en escritura pública. No caso de operacións de financiamento, o prazo de vencemento ha de ser superior ou igual a cinco anos, sen que se poida amortizar unha cantidade superior ao 20 % anual do importe do principal. Durante ese mesmo prazo de cinco anos deben manterse as garantías constituídas.

c) O contribuínte pode formar parte do consello de administración da sociedade en que materializou o investimento, pero en ningún caso pode levar a cabo funcións executivas nin de dirección durante un prazo de dez anos, nin pode manter unha relación laboral coa entidade obxecto do investimento durante ese mesmo prazo, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

Esta dedución é incompatible coas recollidas nos números nove, dez e once deste artigo.»

---

Emenda nº104, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Substituír o apartado Cinco da disposición derradeira primeira que quedará redactado como segue:



"Cinco. Modifícase a letra a) e b) do número 2 do apartado cinco do artigo 7, que queda redactado como segue:

«a) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao inclusive, da persoa causante.»

b) Que as persoas adquirentes ou os seus cónxuxes teñan a condición de persoa agricultora profesional en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas e sexan ben titulares dunha explotación agraria á cal estean afectos os elementos que se transmiten ou ben persoas socias dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria á que estean afectos os elementos que se transmiten. A condición de persoa agricultora profesional deberá terse na data de devindicación do imposto ou adquirirse no prazo dun ano a contar desde o día seguinte á data de devindicación.

O incumprimento dos requisitos e das condicións establecidas comporta a perda do beneficio fiscal, e o contribuínte deberá ingresar a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo dun mes, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos.»

"

---

Emenda nº108, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Substituír o apartado 1 do punto Once da disposición derradeira primeira que queda redactado como segue:

"1. Os contribuíntes poderán aplicar unha dedución do 100 por cento da parte da cota do imposto que proporcionalmente corresponda ao valor dos seguintes bens ou dereitos:

a) Participacións no capital social de:

1.º Sociedades de fomento forestal reguladas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

2.º Entidades agrarias, cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra, que teñan por obxecto exclusivo actividades agrarias.

3.º As entidades que teñan por obxecto a mobilización ou recuperación das terras agrarias de Galicia ao amparo dos







instrumentos previstos na Lei -/--, de ---, de ---de----, de recuperación da terra agraria de Galicia.

b) Préstamos realizados a favor das mesmas entidades citadas na letra a) anterior, así como garantías que o contribuínte constituía persoalmente a favor destas entidades.

c) Participacións dos socios capitalistas en contas en participación constituídas para o desenvolvemento de actividades agrarias e nas que o partícipe xestor sexa algunha das entidades citadas na letra a) anterior.

No caso de participacións no capital social de entidades, a dedución só alcanzará ao valor destas, determinado segundo as regras deste imposto, na parte que corresponda á proporción existente entre os activos necesarios para o exercicio da actividade agraria, minorados no importe das débedas derivadas desta, e o valor do patrimonio neto da entidade. Para determinar esta proporción tomarase o valor que se deduza da contabilidade, sempre que esta reflicta fielmente a verdadeira situación patrimonial da entidade.

No caso de préstamos ou participacións en contas en participación, a dedución alcanzará ao importe que financie a actividade agraria da entidade, entendéndose que financian esta actividade na parte que resulte de aplicar á súa contía total a proporción determinada conforme o previsto no parágrafo anterior."

---

Emenda nº109, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Substituír o apartado Catorce da disposición derradeira primeira que queda redactado como segue:

"Catorce. Engádese un apartado seis ao artigo 13 ter do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, coa seguinte redacción:

«Seis. Dedución por incorporación de bens e dereitos aos instrumentos de mobilización ou recuperación das terras agrarias de Galicia

Se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base imponible se inclúsen bens incorporados a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei -/----, de – de recuperación da terra agraria de Galicia, o contribuínte poderá aplicar unha dedución





do 100 por cento na parte da cota que proporcionalmente corresponda aos devanditos bens ou dereitos, sempre que dita adscrición se manteña durante un prazo de, polo menos, cinco anos.

Os citados bens e dereitos deberán estar inscritos no Rexistro que resulten de aplicación conforme o previsto na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Esta dedución será incompatible coa aplicación para os mesmos bens ou dereitos das exencións do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, aínda que dita exención sexa parcial.»"

---

Emenda nº110, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Substituír o parágrafo segundo do apartado Quince da disposición derradeira primeira quedará redactado como segue:

"Tamén se establece unha dedución na cota do 100 por cento na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para os arrendamentos ou cesións temporais de predios rústicos que se leven a cabo para a súa incorporación a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei -/----, de - de -----, de recuperación da terra agraria de Galicia."

---

Emenda nº111, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Substituír o apartado Dezanove da disposición derradeira primeira que queda redactado como segue:

"Dezanove. Modifícase o apartado sete do artigo 17, que queda redactado como segue:

«Sete. Dedución aplicable ás agregacións, agrupacións e segregacións para posterior agregación ou agrupación de predios que conteñan solo rústico

1. Ás agregacións e agrupacións de predios que conteñan solo rústico aplicaráselles unha dedución do 100 por cento na cota correspondente ao gravame gradual sobre actos xurídicos documentados, documentos notariais, que recaia sobre o





devandito solo. A estes efectos entenderase como solo rústico o definido como tal no artigo 31 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

No caso de que sobre o solo rústico exista unha construción que non estea afecta a unha explotación agraria en funcionamento, a dedución non se estenderá á parte da cota que se corresponda co valor na base liquidable da devandita construción e do solo sobre o que se asenta, agás que se trate de agrupacións de predios rústicos que leven a cabo para a súa incorporación, no prazo máximo dun ano desde a data de devindicación, a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei -/- ---, de – de -----, de recuperación da terra agraria de Galicia ou que xa se atopen adheridas a algún destes instrumentos, nese caso a dedución si comprenderá o valor das construcións que existan sobre os predios e do solo sobre o que se asentem.

2.A dedución regulada no número 1 deste apartado será así mesmo aplicable, coas mesmas condicións, ás segregacións de predios que conteñan solo rústico, cando dita segregación teña por finalidade unha agregación ou agrupación de predios de solo rústico posterior a realizar nos mesmos termos que se establecen no número 1 deste apartado. Esta condición entenderase cumprida soamente cando na mesma escritura pública de segregación ou nunha escritura pública da mesma data se outorgue a agregación ou agrupación de predios que inclúa algún dos predios segregados.»

3. En caso de incumprimento dos requisitos esixidos nas alíneas anteriores para a aplicación desta dedución, a persoa beneficiaria haberá de ingresar o importe do beneficio gozado e os xuros de demora, mediante a presentación dunha autoliquidación complementaria, no prazo dun mes desde o incumprimento da condición.»"

---

Emenda nº106, de Modificación. Disposición derradeira primeira

Substituir na letra c) do punto 2 do apartado Sete a expresión "na marxe" por "á marxe"

---

Emenda nº107, de Modificación. Disposición derradeira primeira





Substituír na letra d) do apartado Dez a expresión "na marxe" por "á marxe"

---

Emenda nº112, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Suprimir no punto Catro da disposición derradeira terceira.

---

Emenda nº119, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Substituír o texto do punto Vinte desta disposición que queda redactado como segue:

"«Artigo 122 sexies. Xestión das parcelas incluídas no ámbito da actuación de xestión conxunta

1. Na superficie da iniciativa de actuación de xestión conxunta, as persoas titulares ou con dereitos de uso ou aproveitamento de parcelas forestais non pertencentes á agrupación forestal de xestión conxunta, ou que non teñan acordos de cesión con dita agrupación para o uso e o aproveitamento do seu predio, quedan obrigadas a manter unha adecuada xestión forestal da súa propiedade, cando menos mediante a súa adhesión a modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais que alcance un nivel de actividade de xestión forestal equiparable ao da agrupación forestal. O incumprimento desta obriga poderá xustificar o inicio dun procedemento de declaración de parcelas en situación de abandono ou infrautilización, segundo o disposto na lexislación en materia de recuperación da terra agraria.

2. No caso de que, tras a declaración de abandono ou infrautilización, as persoas titulares das parcelas opten por incorporalas ao Banco de Terras, esta incorporación deberá efectuarse a través dun arrendamento pactado a favor da agrupación de xestión conxunta segundo o disposto na lexislación en materia de recuperación da terra agraria.

3. As parcelas declaradas en situación de abandono ou infrautilización no apartado anterior poderán ser obxecto do réxime de permutas voluntarias ou permutas de especial interese agrario, segundo o disposto na lexislación en materia de recuperación de terra agraria".

"

---





#### Emenda nº113, de Substitución. Disposición derradeira terceira

Substituír o primeiro parágrafo do punto Cinco da disposición derradeira terceira que queda redactado como segue:

"39. Silvicultor/a activo/a: persoas ou entidades, con ou sen personalidade xurídica que sexan persoas propietarias, titulares ou xestoras dos aproveitamentos e servizos ecosistémicos daquelas unidades de xestión forestal que contén cun instrumento de ordenación ou de xestión forestal e sempre que dispoñan ou estean incluídos dentro dun certificado de xestión forestal sustentable emitido por un sistema de certificación forestal recoñecido internacionalmente, sen prexuízo do disposto na disposición adicional novena desta lei."

---

#### Emenda nº114, de Substitución. Disposición derradeira terceira

Substituír o punto Doce da disposición derradeira terceira referido ao punto 4 do artigo 67 da Lei 7/2012 do 28 de xuño, de Montes de Galicia que queda redactado como segue:

"4. Quedan prohibidas as reforestacións e as novas plantacións forestais co xénero Eucalyptus, naquelas superficies poboadas por especies do anexo I e nas masas compostas por formacións arbóreas onde estean mesturados ou intercalados pés maiores pertencentes a especies do anexo I con pés maiores do xénero Eucalyptus, cando, estes últimos, integren unha porcentaxe de individuos inferior ao 50 por cento do total da masa. Esta prohibición aplicarase incluso con posterioridade ao aproveitamento final desa masa mixta ou á súa afectación por un incendio forestal. Exceptuaranse desta prohibición as parcelas poboadas con pes do xénero eucalyptus que estean a ser xestionadas consonte a adhesión consonte a modelos silvícolas EG2 ou EN2 cuxo obxectivo de xestión é a produción de madeira para serra, chapa ou bateas en quendas superiores a 25 anos e sempre e cando obtivesen autorización previa emitida polo órgano territorial competente en materia de medio rural onde radique o monte ou terro forestal".

Para estes efectos consideraranse pés maiores aqueles que presenten un diámetro normal igual ou superior a 7,5 centímetros. Esta prohibición non será de aplicación nos casos de rexeneración posterior á plantación ou rexeneración, en piso inferior ou sotobosque, de especies do anexo 1.



En masas consolidadas de frondosas a prohibición anterior esténdese igualmente ás reforestacións e ás novas plantacións intercaladas co xénero Pinus.»"

---

Emenda nº117, de Substitución. Disposición derradeira terceira

Substituír o incidso do punto 4 do apartado Dezasete da disposición derradeira terceira que queda redactado como segue:

"4. Os estatutos da agrupación de xestión conxunta, recollerán sempre que pola súa natureza mercantil que sexan aplicables, entre outras, as seguintes previsións:"

---

Emenda nº134, de Substitución. Disposición derradeira terceira

Substituír o punto 2 do apartado Dezasete da disposición derradeira terceira que queda redactado como segue:

"2. Será requisito necesario que as persoas ou entidades que forman parte da agrupación forestal cedan a planificación da xestión forestal e a representación para a xestión e comercialización conxunta durante un prazo mínimo de 10 anos, ou o prazo que permita completar a quenda de corta do aproveitamento principal, no caso de que esta sexa maior."

---

Emenda nº135, de Substitución. Disposición derradeira terceira

Substituír o segundo punto "2" apartado Vinte e dous da disposición derradeira terceira que queda redactado como segue:

"3 Os silvicultores/as activos/as poderán actuar por medio de representante ante o Rexistro, de acordo co réxime xeral de representación previsto no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. En particular, as persoas ou entidades que sexan titulares de certificados de xestión forestal sustentable en vigor, con superficie no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e cos requisitos previstos na



lexislación de procedemento administrativo, poderán ser designados como representantes para calquera tramitación ante o rexistro.”

---

Emenda nº136, de Substitución. Disposición derradeira terceira

Substituír do punto 5, apartado 42 polo seguinte texto:

"42.Certificado de xestión forestal sustentable: Título ou documento, expedido por terceira parte independente, que acredita que, nos montes ou unidades de xestión forestal nel incluídos, lévase a cabo unha xestión forestal sustentable, segundo requisitos determinados previamente por un sistema de certificación forestal recoñecido internacionalmente."

---

Emenda nº137, de Substitución. Disposición derradeira terceira

Modificación ao apartado Un da disposición derradeira terceira, que modifica a lei de Montes 7/2012, o punto un quedaría redactado como segue:

"Un. Suprimese a letra c) do apartado 1 do artigo 2."

---

Emenda nº115, de Modificación. Disposición derradeira terceira

Substituír no punto 3 do apartado Quince da disposición derradeira terceira a expresión "declararase" por "poderá declararse"

---

Emenda nº118, de Modificación. Disposición derradeira terceira

No apartado 4 do punto Dezoito desta disposición substituír a palabra "estimada" por "desestimada"

---

Emenda nº120, de Modificación. Disposición derradeira terceira



No apartado Vinte e dous a numeración do punto 3º aparece por erro como punto 2, debe substituírse ese número por un 3.

---

Emenda nº122, de Modificación. Disposición derradeira terceira

No punto Trinta e un da disposición derradeira terceira onde di "Trinta e un. Engádese unha nova disposición adicional octava, que queda redactada do seguinte xeito:" debe dicir "Trinta e un. Engádese unha nova disposición adicional novena, que queda redactada do seguinte xeito:"

---

Emenda nº116, de Adición. Disposición derradeira terceira

Engadir in fine na letra c) do punto 4 do apartado Quince desta disposición o seguinte texto:

"... e doutras entidades da economía social"

---

Emenda nº121, de Adición. Disposición derradeira terceira

Engadir dúas novas letras ao punto 2 do apartado Vinte e seis que quedará redactado como segue:

"n) As infraccións tipificadas na alínea i).1 do artigo 128 desta lei, cando se trata de novas plantacións realizadas co xénero Eucalyptus que incumpran a disposición transitoria oitava  
ñ) As infraccións tipificadas na alínea i).2 do artigo 128 desta lei."

---

Emenda nº123, de Substitución. Disposición derradeira cuarta

A disposición derradeira cuarta quedará redactada como segue:

"Disposición derradeira cuarta. Modificación da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, queda modificada como segue:







Un. Engádesse un punto 6 ao artigo 6 coa seguinte redacción:

«6. Cando as iniciativas de reestruturación parcelaria que se recollen nas letras b) e c) do parágrafo 1 deste artigo teñan por obxecto terreos de monte, priorizáranse aquelas que acheguen o compromiso, por parte dos afectados polo proceso, de levar a cabo unha xestión e aproveitamento dos terreos de xeito sostible e viable mediante a súa integración en agrupacións de xestión conxunta ou, no seu caso, polígonos agroforestais.»

Dous. Suprímese o apartado f e g do artigo 9 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Tres. Engádesse un punto 4 ao artigo 11 coa seguinte redacción:

«4. Publicado o decreto polo que se declara a reestruturación parcelaria dunha zona, o servizo provincial competente por razón da materia, elaborará e porá a disposición de todos os interesados, un listado de persoas titulares que desexen adquirir, allear ou permutar terreos achegados ao proceso.

A inclusión no referido listado poderá levarse a cabo ata a declaración da firmeza de bases e será necesario que, xunto coa solicitude, se autorice á administración ao tratamento dos datos achegados co único fin de facilitalos a terceiras persoas que acrediten o seu interese na adquisición, alleamento ou permuta dos terreos afectados polo proceso de reestruturación e incluídos no listado elaborado.»

Catro. Modifícase o artigo 22, ao que se engade uns novos puntos 17 e 18:

«17. A resolución favorable do órgano ambiental respecto a avaliación de impacto ambiental da zona de reestruturación parcelaria. Para iso, procederase previamente segundo o establecido na normativa de avaliación de impacto ambiental.»

«18. Unha delimitación das zonas de obrigada conservación e protección, que polas súas características constitúan masas consolidadas de frondosas autóctonas.»

Cinco. Suprímese o número 6 do artigo 34 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Seis. Modifícase o apartado terceiro do artigo 41, “Tramitación da documentación”, que queda redactado como segue:

«3. Unha vez aprobadas as bases só se tramitarán as solicitudes de cambio de titularidade de parcelas de achega que se presenten antes da data límite que se determine para cada zona pola dirección xeral competente en materia de reestruturación parcelaria, a proposta do servizo provincial. Esta resolución será obxecto de publicación nos termos establecidos no apartado 1 do artigo 42 desta lei.

Transcorrido dito prazo e ata o momento de aprobación do acordo, unicamente se admitirán as solicitudes de cambio de





titularidade das parcelas de achega, sempre e cando o cambio afecte á totalidade das parcelas achegadas por unha persoa titular e a transmisión se faga integramente a outra, coa excepción dos cambios derivados de sentenzas xudiciais firmes, que serán tramitadas sempre. En todo caso, a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior persoa titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

No caso de falecemento dun titular e cando exista partición de herdanza, procederáse á tramitación do cambio de titularidade ata a firmeza do acordo, sempre e cando esta partición afecte a parcelas de reemprazo íntegras. En todo caso a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior persoa titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.»

Sétimo. Modifícase o apartado primeiro, segundo e terceiro do artigo 48, “Tramitación”, que queda redactado como segue:

«1. Comprobado o cumprimento dos obxectivos xerais conforme o disposto no artigo 7 da presente lei, así como os requisitos establecidos nos artigos 46 e 47 o servizo provincial emitirá informe dirixido á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, no que analizará a viabilidade da execución do proceso de reestruturación, propoñendo a aceptación ou denegación da solicitude de reestruturación.

2. No caso de que a proposta sexa de aceptación da solicitude de reestruturación e os peticionarios manifesten a súa vontade de continuidade do proceso, a dirección xeral competente en desenvolvemento rural dirixirase aos órganos das administracións autonómica, central e local que puidesen verse afectados por razón das súas competencias polo proceso, ao obxecto de solicitar, nun prazo máximo de dous meses, a información necesaria, coñecer a existencia de plans ou actuacións específicas sobre a zona que puidesen afectar á delimitación do perímetro ou á execución do procedemento e, en xeral, calquera outra incidencia que haxa de ser reflectida no expediente.

A vista do mesmo, a citada dirección xeral comunicará o resultado do informe ás persoas solicitantes para que, no prazo de quince días naturais, a contar desde o día seguinte á data de recepción da notificación, no seu caso, aleguen o que estimen oportuno.

3. Completados os trámites dos apartados anteriores, a proposta da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, mediante orde da consellería, autorizarase a execución do proceso de reestruturación da propiedade de leiras de vocación agraria polas persoas particulares.



4. Contra esta orde, as persoas propietarias e titulares de dereitos e situacións xurídicas alleas á agrupación e afectadas polo proceso poderán presentar recurso de alzada ante a consellería competente en materia de desenvolvemento rural. »  
Octavo. Modifícase o apartado primeiro do artigo 50, “Execución dos traballos técnicos”, que queda redactado como segue:

«1. O procedemento de execución dos traballos técnicos responderá estritamente ao exposto no título II, en todo o que lle sexa de aplicación Redactarase o preceptivo documento ambiental, que será remitido ao órgano competente a fin de que este realice a tramitación establecida na normativa de avaliación ambiental»

Noveno. Suprímese o Título IV, “Reestruturación da propiedade mediante permutas voluntarias”, e, en consecuencia, os artigos 55, 56 e 57.

Décimo. Modifícase o Disposición transitoria sexta “Coordinación catastral”, que queda redactado como segue:

«As actuacións ás que se refiren os apartados anteriores deberán levar a cabo dentro do prazo dos sete anos seguintes á entrada en vigor desta lei».

Undécimo. Engádese unha nova disposición transitoria novena, que queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición Transitoria novena. Limitación dos cambios de titularidade en Bases Definitivas aprobadas non firmes

O establecido no parágrafo 3 do artigo 41 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, será de aplicación a todos os procedementos de concentración parcelaria que se atopen en bases definitivas aprobadas e non acadaran aínda a aprobación do acordo á entrada en vigor desta lei.»"

---

Emenda nº124, de Adición. Disposición derradeira sétima bis

Engádese unha disposición derradeira sétima coa seguinte redación:

"Disposición derradeira sétima bis). Modificación da disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Engádese un novo parágrafo no número 1 in fine da disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017 do 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas, que queda redactado como segue:



Previamente á cancelación do convenio ou consorcio, deberá existir aprobado un instrumento de ordenación ou xestión forestal consonte o artigo 81 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, que garanta a continuidade da xestión forestal sostible."

---

Emenda nº125, de Substitución. Disposición derradeira oitava

Substituír o texto da disposición derradeira oitava que queda redactado como segue:

"Disposición derradeira oitva. Entrada en vigor  
Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, agás o disposto nos apartados un, dous e tres da disposición derradeira primeira, que producirá os efectos desde o 1 de xaneiro de 2021".

---

Emenda nº128, de Substitución. Exposición de motivos

Substituír o apartado I da Exposición de motivos, que queda redactado como segue:

"No mundo actual acadan cada vez maior importancia aquelas accións que pretenden cubrir as necesidades fundamentais da humanidade dunha forma á vez sustentable e eficiente. Así, os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 e o Pacto Verde Europeo, que inclúe, entre outras actuacións, a Estratexia da Granxa á Mesa, a nova estratexia forestal da Unión Europea, a Estratexia sobre Biodiversidade para 2030 e a Acción polo Clima, deben formar parte de calquera actuación desenvolvida polos poderes públicos no eido da xestión da terra.

Un dos obxectivos prioritarios da Estratexia da Granxa á Mesa é garantir a seguridade alimentaria, para o cal presenta como elementos críticos a competitividade das explotacións agrícolas, a resiliencia dos sistemas alimentarios locais e rexionais e a creación de cadeas de subministro curtas. A terra constitúe o sustento básico da produción de alimentos a nivel local e rexional, polo que resulta esencial tanto protexer este recurso escaso e non renovable como asegurar o seu acceso aos produtores agroalimentarios.





Pola súa banda, a nova estratexia forestal da Unión Europea declara que os bosques xestionados non só fixan o carbono mellor que os bosques non xestionados, senón que tamén reducen as emisións e os problemas causados pola deterioración do estado dos bosques; sinala que a xestión sustentable e activa dos bosques ten un mellor impacto no clima e que os países que xestionan os seus bosques adecuadamente deben ser recompensados por iso.

A presente lei ten como finalidade a recuperación das terras agrarias de Galicia para uso agrícola, gandeiro e forestal, sen limitarse a enunciar estes valores con carácter xenérico, senón que forman parte fundamental das medidas e as propostas contidas no seu articulado. Así, o apoio á actividade agrícola e aos ingresos das explotacións agrarias familiares e nomeadamente ás mulleres agricultoras, o fomento da aplicación de prácticas agrícolas que contribúan ao mantemento dos ecosistemas e incrementen a capacidade de adaptación ao cambio climático, o fomento da xestión forestal sostible e activa, e a loita contra a degradación e o abandono dos solos agrarios son á vez cuestións transversais presentes na lei e eixos fundamentais do Pacto Verde Europeo, moi especialmente da Estratexia da Granxa á Mesa incluída nel, así como da Acción polo Clima e da nova estratexia forestal da Unión Europea.

A aposta estratéxica pola recuperación de terras abandonadas mediante a súa posta en valor presenta varios eixos fundamentais: a creación de actividade económica no medio rural, factor fundamental á hora de combater o reto demográfico; a mitigación e adaptación ao cambio climático, en especial mediante a prevención dos incendios forestais; a seguridade alimentaria, a través da protección da capacidade produtiva da terra e o fomento da súa posta en produción; e o impulso dunha planificación da paisaxe agraria que permita a creación de ecosistemas resilientes cunha probada capacidade de recuperación fronte a perturbacións como grandes incendios ou graves riscos fitosanitarios.

Así mesmo, a lei non só é un instrumento que permita facer fronte ao reto demográfico promovendo a recuperación de asentamentos poboacionais que progresivamente veñan a reducir o problema da despoboamento do rural, senón que tamén constitúe unha aposta clara pola igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, na medida en que facilita a mobilidade e dispoñibilidade de terras, creando unhas condicións de desenvolvemento das iniciativas de emprendemento agrogandeiro e forestal máis equitativas entre xéneros.





Polos motivos expostos, e tendo en conta a función social do dereito de propiedade conforme ao disposto no artigo 33 da Constitución española, a principal motivación da presente lei é loitar contra o abandono e a infrautilización das terras, facilitando base territorial suficiente a aquelas explotacións que a precisan, á vez que se procurará anticiparse aos incendios e traballar, en definitiva, pola recuperación demográfica e pola mellora da calidade de vida da poboación no rural.

Todas as cuestións devanditas, alén dos problemas ambientais e a crise climática, obrigan a evolucionar a produción agraria cara un modelo máis sostible e respectuoso co medio ambiente. Tamén cara un aproveitamento dos recursos endóxenos e compatibles cunha produción forestal ordenada. E a iso é ao que tende, entre outras cuestións, a formulación da nova PAC e das medidas e incentivos nela incluídos, que darán apoio de modo transversal aos mecanismos e instrumentos regulados na presente lei.

Galicia presenta, en termos obxectivos, evidentes vantaxes para competir nesas condicións, pero non sen dificultades. Para isto debe, canto antes, corrixir os desequilibrios que se producen e que, dun modo resumido, se expoñen a continuación.

En primeiro lugar, os graves problemas da súa estrutura territorial agraria: unha parte importante do solo rústico de Galicia está composta por pequenas parcelas dispersas pertencentes a propietarios, na súa maioría, desligados do rural. Isto é fundamentalmente froito dun proceso de desagrarización que reduciu a poboación activa empregada na agricultura a menos da décima parte da que tiña hai 50 anos e que supuxo unha notable diminución da superficie agraria útil galega. Paralelamente, non se produciu un crecemento proporcional do tamaño das explotacións, o que se traduciu nun forte incremento do abandono das terras agrarias que, en moitos casos, son terras de alta ou moi alta produtividade. Por este motivo, é necesario proporcionar ferramentas orientadas a acadar unha superficie agraria útil e unha superficie media das explotacións próximas ás medias nacionais e europeas.

Consecuencia evidente do abandono e da desagrarización resulta ser, sobre todo nunha estrutura xeográfica tan complexa como a galega, a desestruturación na ordenación territorial dos usos agrarios. A excesiva fragmentación e mestura dos diversos usos agroforestais, xunto coa súa localización en terreos que non son sempre os óptimos para eses usos, provoca un incremento de custes e un menor rendemento das actividades agrarias.

Por outra parte, o abandono e a inexistencia dunha ordenación territorial dos usos agroforestais é a causa de importantes





problemas ambientais e socioeconómicos, entre os que destacan a vulnerabilidade fronte a incendios e a baixa eficiencia das actividades agrarias. Está demostrado que o abandono e a desordenación de usos favorece o incremento dos lumes e tamén a súa virulencia. Esta multicausalidade na xeración de incendios veuse referendada no Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, do 31 de xullo de 2018, do Parlamento de Galicia, que avaliou a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que sufriu Galicia en outubro de 2017, no que se recollen un total de 22 recomendacións referidas á necesidade da ordenación de usos agrarios, á mellora no coñecemento da titularidade e ao fomento da mobilidade de terras produtivas. Todas estas recomendacións están explicitamente recollidas ao longo do articulado da lei.

Por último, ao tempo que existe terra abandonada e, polo tanto, dispoñible, o índice de mobilización –por compravendas ou arrendamentos – das nosas terras agrarias resulta ser moi baixo, comparado con economías da nosa contorna. Unha das razóns da inmovilización é o paulatino descoñecemento da localización das propiedades rústicas que teñen as persoas titulares dos predios, conforme van pasando os tempos e as xeracións.

Paradoxalmente, ese conxunto de factores negativos pódese traducir nunha oportunidade para un sector agrario reforzado logo da pandemia da COVID-19: existe unha demanda clara de terra produtiva dos diferentes usos agrícolas, gandeiros e forestais. Esta demanda procede das explotacións actualmente existentes, pero tamén se observa un interese crecente de novos emprendedores e de persoas e colectivos dispostos a investir no sector. Un dos obxectivos da presente lei é precisamente dar cobertura á devandita demanda a través da recuperación de terras hoxe en día abandonadas ou infrautilizadas, sempre que se apunte, en liña co anteriormente exposto, cara a producións agrícolas, gandeiras e forestais ambientalmente respectuosas, sustentables, co foco posto na excelencia e no contexto dunha acaída ordenación de usos nos solos agrarios, tan necesaria como urxente. Unha ordenación de usos que tamén axudará a mellorar a base territorial de explotacións agroforestais situadas nas principais comarcas agrarias galegas. En definitiva, trátase de desenvolver no territorio rural galego unha zonificación do uso agrícola, gandeiro e forestal que evite a desestruturación da paisaxe pero tamén a súa homoxeneización e a continuidade de masas





arboradas en grandes superficies que incrementen o risco asociado aos incendios.

O Catálogo de solos agropecuarios e forestais proposto na lei constituirá o instrumento marco para a ordenación dos usos do territorio rural, co fin de acadar un desenvolvemento económico e social sostible no medio rural. A localización das actividades agroforestais nos emprazamentos máis axeitados contribúe en gran medida ao seu éxito e, consecuentemente, favorece o progreso económico e a cohesión social do territorio rural. A planificación dos usos do solo facilita unha maior eficiencia económica das actividades agrarias ao mesmo tempo que garante a súa sostibilidade ambiental.

No que se refire aos instrumentos para a mobilización de terras, a lei reforza o papel do Banco de Terras como instrumento público de intermediación na mobilización da terra agraria, reducindo trámites administrativos, impulsando a súa axilización e converténdoo na figura fundamental para o desenvolvemento dos novos instrumentos de recuperación da terra agraria. Así mesmo, créase o Banco de Explotacións co fin de garantir o relevo xeracional facilitando o contacto entre persoas titulares de explotacións agroforestais e persoas interesadas nelas. Dentro tamén dos procedementos de mobilización de terras, defínense as permutas de especial interese agrario como un mecanismo especialmente acaído para mellorar a base territorial das explotacións agrarias galegas, calquera que sexa a súa localización no territorio.

Por outra parte, propóñense novos mecanismos para a recuperación da terra agraria: polígonos agroforestais, aldeas modelo e actuacións de xestión conxunta. Estas figuras permiten recuperar as terras agrarias en situación de abandono ou infrautilización, poñendo de acordo ás persoas titulares e ás interesadas na posta en produción a través fundamentalmente do recurso ao arrendamento voluntario, por prezos e prazos acordados entre as partes, a permuta ou a compravenda para casos particulares. Isto é, poñendo en conexión a oferta e a demanda de terra, con instrumentos que garantan a seguridade xurídica dos investimentos e os dereitos das persoas titulares, e todo iso a través da mediación e o soporte técnico dos poderes públicos.

Os principios reitores na aplicación destes instrumentos serán sempre a voluntariedade, rendibilidade e sostibilidade.

Neste senso, non se implantará unha figura de recuperación de non existir un consenso amplamente maioritario das persoas titulares das respectivas áreas de actuación, deixándose liberdade de non incorporación ás persoas titulares non interesadas e permitíndolles diferentes alternativas, sempre





que a súa posición non poña en risco a actuación da maioría integrada no proxecto.

Por outro lado, e agás nos casos de actuacións por criterios ambientais, paisaxísticos, patrimoniais ou sociais, as actuacións levadas a cabo deberán garantir a priori unha actividade económica rendible, capaz de asegurar a calidade de vida no medio rural.

Asemade, ningunha das actuacións será allea á planificación previa que vén dada pola ordenación de usos e nas novas figuras só poderán ser integradas aquelas orientacións produtivas que cumpran cos requirimentos culturais, produtivos, sociais e ambientais que serán predeterminados con carácter obxectivo.

Finalmente, establécense instrumentos de fomento da recuperación da terra agraria a través das actuacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e un potente catálogo de medidas fiscais e financeiras.

A Lei de recuperación da terra agraria de Galicia forma parte dun corpus lexislativo que culmina un camiño que xa se advertía na exposición de motivos da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, cando se sinalaba a “necesidade de implementar instrumentos capaces de garantir o cumprimento do obxectivo de mellora da calidade de vida no medio rural (...) dotándose dun conxunto de normas xurídicas propias (...) para constituír un corpo xurídico coherente e eficaz cara á contribución do espazo agrario e dos seus sistemas produtivos a ese obxectivo”.

Un claro exemplo da aplicación coordinada das diferentes normas que forman parte dese corpus pode verse á hora de analizar a relación entre as novas figuras de recuperación produtiva e os procesos de reestruturación parcelaria enmarcados na lei de 2015.

A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia ten como obxectivo declarado a actuación naquelas zonas nas que é posible mellorar a estrutura territorial das explotacións agrarias; non é, polo tanto, de aplicación nas áreas en situación de abandono, nas que non existen explotacións. Pola contra, son esas zonas en abandono o obxectivo principal de traballo das figuras de recuperación, que mesmo contan, dentro dos seus procedementos, coa posibilidade de levar a cabo reestruturación parcelaria nas áreas recuperadas. Aínda máis, a lei declara como zonas prioritarias para o desenvolvemento de polígonos agroforestais de iniciativa pública as zonas de concentración ou reestruturación parcelaria rematadas que presenten un abandono superior ao 50 por cento do seu ámbito. Deste modo a relación entre a recuperación produtiva e a reestruturación



parcelaria non só non é competitiva, senón que resulta sinérxica e complementaria.

A presente lei responde tamén á vontade de cumprimento do mandato parlamentario recollido no Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, do 31 de xullo de 2018, do Parlamento de Galicia, recollendo ao longo do seu articulado de xeito específico 43 das súas recomendacións."

---

Emenda nº129, de Substitución. Exposición de motivos

Substituír o primeiro parágrafo do apartado II da Exposición de motivos que queda redactada como segue:

"A Lei de recuperación da terra agraria de Galicia estrutúrase en 144 artigos, distribuídos en oito títulos. Ademais, a sistemática da lei incorpora seis disposicións adicionais, oito disposicións transitorias, unha disposición derogatoria única, e nove disposicións derradeiras."

---

Emenda nº130, de Substitución. Exposición de motivos

Substituír o parágrafo dezaseis do apartado II da Exposición de motivos queda redactado como segue:

"As disposicións transitorias abordan o réxime transitorio aplicable aos usos do solo; á cualificación provisional dos montes inscritos no sistema rexistral forestal de Galicia; aos expedientes en tramitación no Banco de Terras de Galicia; ao funcionamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ao réxime de infraccións, sancións e recursos administrativos, á aplicación de prezos e á adquisición por parte da Comunidade Autónoma de Galicia dos inmobles situados no seu territorio vacantes por ter sido abandonados polos seus donos ou cuxos donos son descoñecidos; suspensión plantación eucaliptos."

---

Emenda nº131, de Substitución. Exposición de motivos

Substituír o parágrafo dezaioito do apartado II da Exposición de motivos polo seguinte texto:





"Por último, nas nove disposicións derradeiras inclúense as modificacións precisas noutras normas, como a Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da comunidade autónoma de Galicia; na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia; na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia; na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; e no Decreto 45/2011, do 10 de marzo, de fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro. Así mesmo, autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para o ditar as normas necesarias para o desenvolvemento da presente lei."

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/03/2021 18:17:42**



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO  
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE  
RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PPL-  
000003).**

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 1

Proponse una nova redacción para o artigo 1, que terá o seguinte contido:

"Esta lei ten por obxecto establecer o marco xeral para a xestión da terra agroforestal, a súa ordenación de usos, a loita e prevención contra o seu abandono, o fomento da súa recuperación, a incorporación de mozas e mozos á actividade agraria, co fin de garantir a sostibilidade ambiental, económica e social do sector agroforestal e o carácter estratéxico deste para o desenvolvemento de Galicia."

---

Emenda nº2, ao apartado b), de Adición. Artigo 2

Na letra b) deste artigo débese engadir *ab initio* a seguinte expresión: "Previr e ..."

---

Emenda nº3, ao apartado k), de Modificación. Artigo 2

Proponse unha nova redacción para a letra k) deste artigo, que terá o seguinte contido:

"k) Incentivar as producións agroforestais sustentables e, en especial, a produción ecolóxica, os sistemas gandeiros de carácter extensivo e a xestión forestal sostible (activa e resiliente)."

---

Emenda nº4, ao apartado l), de Adición. Artigo 2





Débese engadir unha nova letra l) que terá o seguinte contido:

"l) Favorecer a transparencia dos procesos de gobernanza das superficies agrarias con garantía da preferencia polos agricultores e gandeiros nos ditos procesos, en detrimento das transaccións con fins meramente especulativos."

---

Emenda nº5, ao apartado m), de Adición. Artigo 2

Débese engadir unha nova letra m) que terá o seguinte contido:

"m) Impulsar medidas innovadoras en materia de reparto de terras que favorezan o establecemento de mozas e mozos á actividade agraria."

---

Emenda nº6, ao apartado n), de Adición. Artigo 2

Débese engadir unha nova letra n) neste artigo que terá o seguinte contido:

"n) Establecer as condicións para a fomento dos procesos de transferencia de coñecementos a través de proxectos de investigación e innovación para a mellora da calidade das superficies e as aptitudes produtivas, como garantía de ecosistema rurais sostibles, dinámicos e prósperos."

---

Emenda nº7, ao apartado a).1º, de Modificación. Artigo 4

No punto 1º, da letra a) deste artigo onde di: "... pastos naturais ou ...", debe dicir: "... prados naturais ou ..."

---

Emenda nº8, ao apartado a).2º, de Modificación. Artigo 4

No punto 2º, letra a) deste artigo onde di: "... no artigo 8.3 da ..", debe dicir: "... nos artigos 8.2, 8.3, 85, 86, 87 e 88 da ..."

---

Emenda nº9, ao apartado h), de Modificación. Artigo 4



Débase substituír o enunciado da letra h) deste artigo, polo seguinte texto:

"h) Parcelas enclavadas: Un enclave forestal é unha porción de terreo de natureza forestal de superficie suficiente para ter tal consideración de acordo coa Lei de montes, illado nunha contorna de terreos agrícolas, denominaremos como parcelas encravadas a aquelas parcelas en que concorra algunha das seguintes situacións: ..."

---

Emenda nº10, ao apartado k), de Adición. Artigo 4

Na letra k) deste artigo, despois de catastrais completas. ...", débese engadir o seguinte texto: "... agás as parcelas catastrais dos Montes Veciñais de Man Común ou Montes Abertais. Neste caso, dada a dimensión das parcelas catastrais deste tipo de propiedade colectiva, será necesaria a realización previa dun estudo detallado de compatibilidade (prevalencia) para engadir parcelas ao devandito perímetro. Os seus lindes ..."

---

Emenda nº11, ao apartado m), de Adición. Artigo 4

Na letra m) deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... , terase en conta que no caso dos Montes Veciñais de Man Común ou Montes Abertais, dada a dimensión das parcelas catastrais deste tipo de propiedade colectiva, será necesaria a realización previa dun estudo detallado de compatibilidade (prevalencia) para engadir parcelas ao devandito perímetro."

---

Emenda nº12, ao apartado s), de Adición. Artigo 4

Na letra s) deste artigo, débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"Ten consideración de monte ou terreo forestal, segundo a Lei de montes de Galicia, os terreos de antigo uso agrícola con, polo menos, corenta anos continuados de abandono, sempre que adquirisen sinais inequívocos de carácter forestal por



existiren árbores na maioría da superficie, con especies por encima do sesenta por cento de fracción de cabida cuberta, aplicado a escala de subparcela catastral, e formen parte de superficies continuas de, polo menos, cinco hectáreas, salvo que se trate de terreos que estean incluídos con ese fin nun banco de terras ou nun instrumento semellante. Todo iso sen prexuízo de que as persoas titulares destes terreos poidan solicitar o recoñecemento da consideración de monte, sempre que, a xuízo da consellaría competente en materia forestal, sexan obxectivamente recuperables para fins forestais."

---

Emenda nº13, ao apartado u), de Modificación. Artigo 4

Na letra u) deste artigo, onde di: "... terreo agroforestal ...", debe dicir: "... terreo agrogandeiro ..."

---

Emenda nº14, ao apartado t), de Adición. Artigo 4

Na letra t) deste artigo, débese engadir logo de: "... agropecuarios e forestais de Galicia ou nos catálogos parciais ...", o seguinte texto: "..., ademais ese terreo non terá definido un uso ambiental ou unha actividade produtiva sostible, fóra do establecido no catálogo. ..."

---

Emenda nº15, ao apartado 4, de Adición. Artigo 8

Débese engadir un novo punto 4, que terá o seguinte contido:

"4. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de conformidade co disposto no artigo 80 da Lei 16/2010, do 16 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, aprobará no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei o seu contrato plurianual de xestión. Anualmente deberá aprobar o correspondente plan de acción, o informe xeral de actividade correspondente ao ano anterior e as contas anuais, acompañadas do informe de auditoría de contas."

---



Emenda nº16, ao apartado 2.d), de Modificación. Artigo 11

Proponse unha nova redacción para a letra d) do punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"d) Unha vogalía por proposta do centro directivo competente en materia de planificación e ordenación forestal."

---

Emenda nº17, ao apartado d) bis), de Adición. Artigo 11

Débese engadir unha nova letra d) bis, que terá o seguinte contido:

"e) bis. Unha vogalía por porposta do centro directivo competente en materia de defensa do monte."

---

Emenda nº18, ao apartado l), de Adición. Artigo 11

Débese engadir unha nova letra l), no punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"l) l) Unha vogalía por proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias"

---

Emenda nº19, ao apartado m), de Adición. Artigo 11

Débese engadir unha nova letra m), no punto 2 deste artigo que terá o seguinte contido:

m) Unha vogalía en representación do Centro Público de Investigacións Agrarias de Mabegondo."

---

Emenda nº20, ao apartado n), de Adición. Artigo 11

Débese engadir unha nova letra n), no punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:





"n) Unha vogalía en representación do Centro Público de Investigacións Forestais de Lourizán."

---

Emenda nº21, ao apartado o), de Adición. Artigo 11

Débese engadir unha nova letra o) no punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"o) Unha vogalía en representación do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural da Universidade de Santiago de Compostela."

---

Emenda nº22, ao apartado a).1º, de Modificación. Artigo 12

No punto 1, letra a) apartado 1º, deste artigo, onde di: "... ordenación e xestión ...", debe dicir: "... planificación, ordenación e xestión ..."

---

Emenda nº23, ao apartado 1.a) 4º, de Adición. Artigo 12

No punto 1, letra a) parágrafo 4º, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "..., co seu correspondente informe anual económico-financeiro."

---

Emenda nº24, ao apartado 2.j), de Modificación. Artigo 13

No punto 2, letra j) deste artigo, *ab initio*, onde di: "Unha vogalía por proposta ...", debe dicir: "Dúas vogalías por proposta ..."

---

Emenda nº25, ao apartado 2.k), de Adición. Artigo 13

Débese engadir unha nova letra k) que terá o seguinte contido:

"k) Dúas vogalías por proposta das organizacións de profesionais de selvicultores ou propietarios forestais que forman para do Consello Forestal de Galicia."



---

Emenda nº26, ao apartado 2.j), de Modificación. Artigo 13

Na letra j) punto 2, deste artigo, no parágrafo que empeza por: "Actuará como titular da secretaría ...", onde di: "... condición de empregada pública ...", debe dicir: "... condición de funcionario público ..."

---

Emenda nº27, ao apartado 2.g), de Modificación. Artigo 13

No punto 2, letra g), onde di: "... en materia tributaria autonómica", debe dicir: "... en materia de produción agropecuaria."

---

Emenda nº28, ao apartado 2.g) bis), de Adición. Artigo 13

No punto 2, débese engadir unha nova letra g) bis, que terá o seguinte contido:

"g) bis. Unha vogalía por porposta do centro directivo competente en materia de infraestruturas agrarias."

---

Emenda nº29, de Modificación. Artigo 14

Proponse unha nova redacción para este artigo que terá o seguinte contido:

"O Banco de Terras de Galicia, dependente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, configúrase como un instrumento público de intermediación entre persoas titulares de terras con vocación agroforestal e persoas físicas, xurídicas, públicas ou privadas interesadas no seu aproveitamento agrario, que ten como obxectivo principal contribuír á mobilización produtiva desas terras mediante arrendamentos, cesións, permutas, alleamentos ou calquera outro negocio xurídico. No seu funcionamento terá a colaboración das oficinas comarcais e dos distritos forestais da Consellería do Medio Rural  
Configúrase como un instrumento público de protección da superficie agraria útil de Galicia, o aproveitamento axeitado da



terra agraria e a transparencia do mercado das terras agrarias facilitando información sobre a oferta e demanda de terras con vocación agraria en Galicia.

Corresponderá ao Banco de Terras a realización dun inventario de parcelas declaradas infrautilizadas e prestar asesoramento para a súa xestión agronómica ou para a cesión a persoas agricultoras profesionais ou agrupacións constituídas como iniciativas de xestión en común. "

---

#### Emenda nº30, de Modificación. Artigo 15

Proponse unha nova redacción para este artigo, que terá o seguinte contido:

"O Banco de Explotacións, xestionado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, actuará como un instrumento público de intermediación que terá como finalidade facilitar a posta en contacto entre persoas titulares de explotacións agroforestais que, voluntaria ou forzosamente, abandonan a actividade e persoas interesadas en incorporarse a ela, co obxectivo de garantir a continuidade da explotación e así loitar contra o seu desmantelamento e o abandono sobrevido das terras que a constitúen.

A consellaría competente en materia de medio rural establecerá as medidas de fomento para contribuír á imprescindible incorporación de mozas e mozos á actividade agraria e a configuración de explotacións viables e sostibles."

---

#### Emenda nº31, de Modificación. Artigo 16

Proponse unha nova redacción para este artigo, que terá o seguinte contido:

1". As persoas propietarias ou titulares de dereitos de aproveitamento de terreos agroforestais que pretendan unha xestión común dos ditos terreos para o cultivo e explotación en común poderán solicitar o seu recoñecemento como agrupación forestal ou agrogandeira de xestión conxunta, segundo a finalidade principal da agrupación. Corresponde á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a creación e levanza dun rexistro xurídico público das agrupacións de xestión conxunta.



2. As agrupacións de xestión conxunta terán por finalidade a xestión conxunta e sustentable dos terreos agroforestais integrados no perímetro de actuación co fin de recuperalos e poñelos en valor, previndo e impedindo o seu abandono; favorecer a produción e comercialización conxunta; a axuda mutua entre explotacións e o uso en común dos medios para a realización de actividades agrarias e complementarias, servir como instrumento para a protección do medio ambiente, a prevención e defensa contra os incendios forestais, a protección fronte a catástrofes e a mitigación e adaptación contra o cambio climático; e a creación de emprego endógeno, colaborando no aumento da calidade de vida e expectativas de desenvolvemento da poboación rural e a introdución de prácticas innovadoras e a transferencia de coñecementos no medio rural.

3. Poderán solicitar o recoñecemento como agrupacións de xestión conxunta as seguintes entidades cuxa actividade se desenvolva en terreos agroforestais no ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia e que teñan por obxecto social o exercicio da actividade agraria e presenten un plan de xestión conxunta:

- a) Asociacións sen ánimo de lucro constituídas para o auxilio, apoio e asesoramento ás persoas propietarias ou titulares dos dereitos de aproveitamento de terreos na planificación da xestión agroforestal e na xestión e comercialización conxunta dos seus aproveitamentos, sempre que estean compostas por persoas titulares dos indicados dereitos dentro da comunidade autónoma de Galicia.
- b) Sociedades civís e comunidades de bens.
- c) Cooperativas.
- d) Sociedades agrarias de transformación.
- e) Sociedades mercantís reguladas na lexislación de sociedades de capital.
- f) Sociedades de fomento forestal, para o caso de agrupacións de xestión conxunta forestal.
- g) Calquera outra que teña por obxecto a recuperación, de forma conxunta, de terras agroforestais."

---

Emenda nº32, de Modificación. Artigo 17

Propónse unha nova redacción para este artigo, que terá o seguinte contido:

"Artigo 17. Axentes dinamizadores





1. Os axentes dinamizadores da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural son aquelas entidades de carácter público ou privado que contribúen ao cumprimento dos obxectivos desta lei a través da cooperación coa dita axencia, mediante a realización de funcións de garantía de intermediación, asesoramento e acompañamento para facilitar o uso e aproveitamento de parcelas con vocación agraria, mediante a súa configuración como Puntos de Acollida á instalación, a innovación e ao emprendemento por calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada.

2. Previa aprobación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, poderán ter a condición de axentes dinamizadores os seguintes:

- a) Entidades locais.
- b) Grupos de desenvolvemento rural.
- c) Entidades asociativas de ámbito agroforestal.
- d) Cooperativas.
- e) Entidades corporativas ou profesionais do ámbito agroforestal
- f) Entidades sen ánimo de lucro con obxectivos comúns aos desta lei.
- g) Organizacións profesionais agrarias.
- h) Oficinas agrarias comarcais
- i) Distritos forestais

3. Baixo a supervisión e seguindo as indicacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, entre as súas funcións figuran as seguintes:

- a) Actuación como oficinas xestoras do Banco de Terras de Galicia, prestando apoio e información ás persoas usuarias, mediante a realización de servizos de arbitraje, promoción, dinamización e intermediación co obxecto de garantir a mobilización de terras infrautilizadas.
- b) Acompañamento e orientación ás mozas e mozos que se incorporan á actividade agraria en materia de información, formación, análise técnico das terras, acompañamento xurídico e de garantías.
- c) Actuación como unidades xestoras do sistema de información de terras de Galicia (Sitegal), coa posibilidade de tramitar solicitudes de incorporación e de arrendamento e, en xeral, cantas funcións permitan a aplicación para o nivel de autorización outorgado a elas pola persoa administradora do sistema.
- e) Asesoramento e acompañamento a iniciativas de solicitude de polígonos agroforestais ou actuacións de xestión conxunta.
- e) Asesoramento no redimensionamento das explotacións e no deseño, no seu caso, de plans de negocio segundo criterios de



sostibilidade ambiental, fomentando os ecoesquemas e a incorporación de novas tecnoloxías da información e a comunicación.

f) Vixilancia sobre a posible existencia de terras en abandono ou infrautilización, e, en especial, a notificación desta circunstancia á correspondente xefatura territorial.

g) Colaboración na revisión e actualización dos mapas de usos e do Catálogo de solos agropecuarios e forestais.

h) Colaboración co Consello de xestión da terra agroforestal na compilación de datos e a observación do territorio.

i) Calquera outra que puiden facilitar a aplicación dos instrumentos previstos nesta lei ou os que se establezan nas súas normas de desenvolvemento."

---

#### Emenda nº33, de Modificación. Artigo 18

Proponse unha nova redacción para este artigo, que terá o seguinte contido:

##### Artigo 18. Rexistro dos Axentes Dinamizadores

1. A condición de Axente Dinamizador de acordo cos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, mediante a formalización do correspondente convenio de colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural que precisará as funcións que se asumen pola entidade de acordo co establecido no artigo anterior, os requisitos que debe cumprir e facer cumprir, e as medidas de comprobación e control que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural se reservará sobre as funcións desenvolvidas.

Igualmente no convenio deberse determinar a súa duración e as posibles prórrogas.

Se for o caso, o convenio poderá prever a axuda financeira da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en concepto de compensación dos gastos nos que se incorra no exercicio das funcións previstas nesta lei.

2. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural manterá un rexistro actualizado dos Axentes Dinamizadores autorizados.

3. En calquera caso, o recoñecemento como persoa xestora do Sistema de información de terras de Galicia (Sitegal) emitírase a título individual, de entre as que cumpran os requisitos esixidos para as entidades colaboradoras.

4 . A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá fomentar a formación técnica específica ás persoas con



capacidade técnica para exercer os labores sinalados no artigo anterior."

---

#### Emenda nº34, de Modificación. Artigo 19

Proponse unha nova redacción para este artigo, que terá o seguinte contido:

"Artigo 19. Investigación da titularidade e declaración de incumprimento da función social do uso da terra

1. A consellaría con competencias no medio rural a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá promover a investigación sobre a situación de inmobles existentes en solo rústico ou en solos de núcleo rural dos que non se teña certeza sobre a súa titularidade.
2. O procedemento de investigación dos predios de terra agroforestal poderase iniciar de oficio pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ben por iniciativa propia, por comunicación ou por denuncia. Neste último caso, do acordo de inicio do procedemento ou, no seu caso, da súa inadmisibilidade, darase traslado á persoa denunciante.
3. O procedemento de investigación pode levar de seu, se fo preciso, a inspección dos bens e dereitos afectados nos termos previstos na lexislación de patrimonio das administracións públicas e a declaración de incumprimento da función social do uso da terra e os efectos dela na lexislación xeral sobre expropiación forzosa.
4. A colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no proceso da investigación da titularidade será obrigatoria para as persoas titulares dos predios.
5. Acordada a iniciación do procedemento de investigación, disporase a publicación no Diario Oficial de Galicia dun anuncio onde figuren as características que permitan identificar o ben ou dereito obxecto de investigación e en todos os medios de comunicación a disposición pública, web da Consellería do Medio Rural, prensa, radio e consulados. Remitirase copia do anuncio ao concello e á xefatura territorial correspondente onde radique o ben ou dereito para a súa exposición ao público no taboleiro edictal da dita entidade e da unidade durante un prazo de vinte días.
6. A copia do anuncio será remitida, así mesmo, á Administración xeral do Estado, para os efectos de que poida alegar, de ser o caso, a súa titularidade sobre o ben e, en





particular a data de vacancia do ben anterior á entrada en vigor desta lei ou a existencia dun procedemento administrativo de investigación da titularidade dese ben.

7. Durante o prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do prazo de exposición no taboleiro edictal do concello, poderán as persoas afectadas polo procedemento de investigación, así como tamén a Administración xeral do Estado, alegar, por escrito, canto estimen conveniente, debendo achegar os datos, antecedentes ou documentos que consideren pertinentes para fundar o seu dereito. En todo caso, as persoas indicadas deberán presentar, de existiren, os títulos escritos nos que se funde o seu dereito e declarar os gravames e situacións xurídicas que coñezan e afecten aos seus predios ou dereitos. A falsidade destas declaracións dará lugar, con independencia das accións penais, á responsabilidade polos danos e prexuízos que se deriven da falsidade ou omisión.

8. Aos efectos desta lei, salvo proba en contrario, considerarase persoa propietaria á titular que conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, no seu defecto, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais, ou finalmente a quen o sexa pública e notoriamente, aínda que carezan do oportuno título escrito de propiedade.

Neste último suposto deberase achegar pola persoa interesada unha declaración na que, baixo a súa responsabilidade, manifeste a súa condición de titular dos inmobles de que se trate. A dita declaración terá efectos unicamente no marco desta lei e coa finalidade de asumir as obrigas que corresponden ás persoas titulares. O anterior entenderase sen prexuízo do dereito de propiedade e a salvo dos dereitos de terceiros e a competencia dos órganos xurisdiccionais civís, de acordo coa lexislación estatal, para a determinación das titularidades en presenza.

No caso de que a persoa afectada indicase a titularidade en réxime de comunidade presumírase, aos efectos desta lei e agás proba en contrario, que actúa en representación da comunidade que for titular.

9. Transcorrido o prazo sinalado no apartado anterior, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural determinará a proba que, no seu caso, se deba practicar atendendo ao obxecto da investigación e tendo en conta as alegacións e documentación que figure no expediente.

10. Instruído o procedemento, porase de manifesto por termo de dez días ás persoas a quen afecte a investigación e que compareceran nel, incluída a Administración xeral do Estado se comparecese no procedemento, para que dentro do dito prazo, aleguen o que crean conveniente ao seu dereito.







Na tramitación deste procedemento, a emisión de informe polo centro directivo competente en materia de patrimonio e dos centros directivos de planificación e ordenación forestal terá carácter preceptivo.

A Administración terá especial precaución en parcelas que puidesen estar incluídas en montes veciñais en man común e montes abertais, posto que moitos non están deslindados e cuxa protección está atribuída á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

11. A resolución do procedemento de investigación corresponde á persoa que ostente a dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e contra ela caberá recurso dealzada ante a persoa que ostente a presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, cuxa resolución esgota a vía administrativa. A resolución determinará a declaración de incumprimento da función social do uso da terra pola súa infrautilización e a cesión temporal de uso ao Banco de Terras de Galicia por un prazo non inferior a dez anos nin superior a trinta das parcelas afectadas pola declaración, e sempre que quede acreditado no expediente o abandono total da parcela."

---

Emenda nº35, ao apartado 1, de Adición. Artigo 20

No punto 1 deste artigo, despois de: "... da persoa titular ...", débese engadir: "... do predio e titulares de dereitos sobre del, á revisión ..."

---

Emenda nº36, ao apartado 2, de Adición. Artigo 20

No punto 2 deste artigo, despois de: "... das persoas titulares do predio ...", débese engadir: "... e titulares de dereitos sobre del que, polo seu ..."

---

Emenda nº37, ao apartado b), de Modificación. Artigo 22

Na letra b) deste artigo, onde di: "... referencias cartográficas ...", debe dicir: "... referencias catastrais ..."

---

Emenda nº38, ao apartado 6, de Adición. Artigo 24





No punto 6 deste artigo, despois de: "... e no Inventario forestal continuo de Galicia (IGCG),..." débese engadir o seguinte: "..., consultaránse, ademais os planos de ordenación dos usos do solo a nivel municipal, establecidos nos correspondentes PXOM, ou no Plan básico autonómico teránse tamén en conta os estudos referentes aos espazos protexidos e/ou especies ameazadas, co fin de ter sempre presente o respecto polas leis de conservación do patrimonio natural na elaboración do mapa. En todo caso...."

Emenda nº39, ao apartado 7, de Adición. Artigo 24

Débese engadir un novo punto 7 neste artigo que terá o seguinte contido:

"7. 7. Mentres dure o proceso de elaboración e ata a aprobación do mapa de usos agroforestais, usaránse como unha base xeral os mapas de clases agrolóxicas (ou de capacidade de uso) elaborados nos 70 e 80 polo Ministerio de Agricultura a unha escala 1:50000, e deixar para un estudo máis detallado a unha escala máis precisa cando se estea traballando con polígonos agroforestais ou con actuacións concretas (achégase a relación dos mapas de clases agrolóxicas publicados que cobren a maior parte de Galicia) Mapas de clases agrolóxicas 1:50000, Ministerio de Agricultura. Inclúen 6 esquemas: edafolóxico, de caracterización agroclimática, de termos municipais, litolóxico, xeolóxico y de comarcas agrícolas.

Hojas publicadas: 1: Cariño.- D.L. 1981. 2: Cillero.- D.L. 1982. 3: San Cipriano.- D.L. 1981. 6: San Salvador de Senantes.- D.L. 1980. 7: Cedeira.- D.L. 1980. 8: Viveiro.- D.L. 1980. 9: Foz.- D.L. 1980. 10: Ribadeo.- D.L. 1982. 11: Luarca.- 1985. 21: A Coruña.- D.L. 1974. 22: Puentedeume.- D.L. 1974. 23: Puentes de García Rodríguez.- D.L. 1978. 26: Boal.- D.L. 1978. 27: Tineo.- 1985. 29: Oviedo.- 1995. 43: Lage.- D.L. 1980. 44: Sisargas-Carballo.- D.L. 1980. 45: Betanzos.- 1975. 46: Guitiriz.- 1975. 47: Villalba.- D.L. 1980. 48: Miera.- D.L. 1978. 67. Mugia.- D.L. 1981. 68: Camarinas.- 1978. 69. Santa Comba.- D.L. 1980. 70: Órdenes.- D.L. 1974. 71: Sobrado de los Monjes.- D.L. 1974. 72: Lugo.- D.L. 1980. 73: Castroverde.- D.L. 1978. 74: Fonsagrada.- D.L. 1978. 92: Finisterre.- D.L. 1981. 94: Santiago de Compostela.- 1983. 96: Arzúa.- D.L. 1982. 97: Guntín.- D.L. 1983. 98: Baralla.- D.L. 1983. 99: Becerreá.-D.L. 1985. 119: Noya.- D.L. 1983. 123: Portomarín.





1978. 151: Puebla de Caramiñal.- D.L. 1983. 155: Chantada.-  
D.L. 1988. 156: Monforte de Lemos.- D.L. 1988189: Puebla de  
Trives.- D.L. 1988. 190: O Barco.- D.L. 1986. 227: Manzaneda.-  
D.L. 1978."

---

Emenda nº40, ao apartado 7 bis), de Adición. Artigo 24

Débese engadir un novo punto 7 bis, que terá o seguinte  
contido:

"7 bis. Para a elaboración do catálogo e do mapa, consultarase  
coas organizacións profesionais do sector agroforestal e coas  
asociacións destes mesmos profesionais."

---

Emenda nº41, ao apartado 7, de Adición. Artigo 25

Débese engadir un novo punto 7, que terá o seguinte contido:

"7. Deben de se actualizaren os correspondentes instrumentos  
de ordenación urbanística existentes a todos os niveis para  
que sexan acordes co catálogo."

---

Emenda nº42, ao apartado a), de Adición. Artigo 26

Na letra a) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . Esta caracterización de usos agroforestais deberá ter en  
conta os usos e aproveitamentos existentes en documentos  
simples ou conxuntos de xestión forestal e proxectos de  
ordenación de montes aprobados pola Dirección Xeran de  
Planificación e Ordenación Forestal."

---

Emenda nº43, ao apartado d), de Modificación. Artigo 26

Propónse unha nova redacción para a letra d) deste artigo, que  
terá o seguinte contido:



"d) Mapa de ordenación de usos agroforestais, resultante da integración nun só mapa do conxunto dos mapas de aptitude individual construídos segundo o detallado na letra anterior, priorizando a clasificación como terreo agropecuario ou forestal de acordo coas aptitudes agronómicas axeitadas a cada un. Este mapa incluírá, como mínimo, a delimitación espacial dos terreos agropecuarios e forestais, así como a identificación dos solos de alta produtividade agropecuaria e forestal. O catálogo incluírá tamén a descrición da metodoloxía empregada para a elaboración deste mapa."

---

Emenda nº44, ao apartado e), de Adición. Artigo 26

Na letra e) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... e no caso de terreos forestais, atenderase ao disposto nas leis galegas de incendios forestais e montes."

---

Emenda nº45, de Adición. Artigo 28

Neste artigo, despois de: "... Consello de Xestión da Terra Agroforestal. ...", débese engadir: ",,, do Consello Agrario Galego e do Consello Forestal de Galicia. ..."

---

Emenda nº46, de Adición. Artigo 28 bis.

Débese crear un novo artigo 28 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 28 bis. Control e situación do mapa e catálogo de solos agrarios e forestais

Trala aprobación do mapa e do catálogo de solos agrarios e forestais, terá un plan de vixilancia e control por parte da Agader, que elaborará un informe anual da situación, que será exposto no Consello Forestal e Agrario e no Parlamento de Galicia."

---



Emenda nº47, ao apartado b), de Adición. Artigo 29

Na letra b) deste artigo, débese engadir despois de: "... Consello Xestión da Terra Agroforestal, ..." as seguintes expresións: "... o Consello Agrario Galego e o Consello Forestal de Galicia e ..."

---

Emenda nº48, ao apartado 7, de Adición. Artigo 30

Débese engadir un novo punto 7, que terá o seguinte contido:

"7. A resolución da consellaría competente en materia de medio rural, suporá a modificación correspondente dos PXOM ou Plan Básico Autonómico, ademais de se incorporaren estes catálogos parciais cos terreos de alta produtividade agropecuaria ou forestal a eles."

---

Emenda nº49, de Supresión. Artigo 31

Débese suprimir.

---

Emenda nº50, de Adición. Artigo 33

Despois de: "... para a recuperación ...", débese engadir: "...e prevención do abandono de ..."

---

Emenda nº51, de Adición. Artigo 34

Débese engadir *ab initio* un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"O Banco de Terras de Galicia ten como finalidade principal contribuír á mobilización produtiva desas terras mediante arrendamentos, cesións, permutas, alleamentos ou calquera outro negocio xurídico."

---



Emenda nº52, de Adición. Artigo 34

Débase engadir *in fine* un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:

"No funcionamento e xestión do Banco de Terras, a Agader terá a colaboración imprescindible das oficinas comarcais e dos distritos forestais da Consellería do Medio Rural."

---

Emenda nº53, ao apartado d), de Supresión. Artigo 35

A letra d) no punto 1, deste artigo, débese suprimir.

---

Emenda nº54, ao apartado a).2º, de Adición. Artigo 37

No punto 2º, da letra a) deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte frase:

"..., así como persoas silvicultoras activas segundo a Lei de montes de Galicia."

---

Emenda nº55, de Adición. Artigo 37 bis

Débase engadir un novo artigo 37 bis, que terá o seguinte contido:

Artigo 367bis. Plan de acción anual e avaliación do funcionamento do Banco de Terras

1. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural deberá presentar no último trimestre de cada exercicio un plan de acción anual do Banco de Terras no que se concreten os obxectivos para o exercicio seguinte, os medios precisos e as liñas de actuación prioritarias, debendo publicarse na sede electrónica da Axencia e no Diario Oficial de Galicia.

2. O Plan de actuación deberá ser obxecto dunha avaliación de resultados no primeiro trimestre do exercicio seguinte ao da súa vixencia, que deberá incluír unha análise coste-beneficio do funcionamento do Banco de Terras, a ratio de parcelas de





titularidade pública e privada incorporadas no exercicio. A avaliación deberá ser efectuada polo Consello de Xestión da Terra Agroforestal, coa colaboración técnica dos servizos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, representantes das universidades públicas galegas e axentes sociais, debe publicarse na sede electrónica da Axencia e do Banco de Terras e dar conta ao Parlamento de Galicia.

3. O incumprimento das obrigas dos apartados anteriores determinará a avaliación negativa do desempeño do persoal directivo da Axencia de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia."

---

Emenda nº56, ao apartado 1, de Adición. Artigo 38

No punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"..., e coa colaboración esencial das oficinas agrarias e os distritos forestais para a súa xestión."

---

Emenda nº57, de Modificación. Artigo 38

Na letra c), punto 2, deste artigo, onde di:

"En ningún caso a intermediación do Banco de Explotacións suporá a asunción pola Axencia Galega de desenvolvemento rural dos dereitos e obrigas da persoa titular da explotación, nin, en particular, das obrigas de conservación ou mantemento da explotación.", **debe dicir:** "A incorporación dunha explotación ao Banco de Explotacións, suporá a asunción pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural dos dereitos e obrigas de conservación das parcelas e bens postos a disposición do Banco de Explotacións, durante os períodos que non teña arrendador ou comprador."

---

Emenda nº58, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 39

Propónse unha nova redacción para o punto 1 deste artigo, que terá o seguinte contido:



"1. A inclusión de explotacións no Banco iniciarase por solicitude das persoas interesadas en que a súa explotación estea incluída no Banco de Explotacións. Poderanse incorporar no Banco de Explotacións todas aquelas explotacións que non acrediten a súa continuidade, no caso de explotacións que recibisen axudas públicas para a súa mellora no período de tempo inmediatamente anterior ao abandono da actividade, sempre que esa condición fose establecida nas correspondentes bases reguladoras das devanditas axudas, quedarán incorporadas ao Banco de Explotacións. As solicitudes de incorporación nestes casos irán acompañadas dunha declaración xurada da veracidade da información facilitada."

---

Emenda nº59, ao apartado 3.d), de Adición. Artigo 39

Na letra d) do punto 3, deste artigo, débese engadir logo de: "... as marcas de produción ecolóxica e integrada, ..." a seguinte frase: "...a adhesión a un sistema de xestión forestal sostible e ..."

---

Emenda nº60, de Adición. Artigo 40 bis

Débese engadir un novo artigo 40 bis) que terá o seguinte contido:

"Artigo 40 bis. Plan de acción anual e avaliación do funcionamento do Banco de Explotacións

1. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural deberá presentar no último trimestre de cada exercicio un plan de acción anual do Banco de Explotacións no que se concreten os obxectivos para o exercicio seguinte, os medios precisos e as liñas de actuación prioritarias, debendo publicarse na sede electrónica da Axencia e no Diario Oficial de Galicia.

2. O Plan de actuación deberá ser obxecto dunha avaliación de resultados no primeiro trimestre do exercicio seguinte ao da súa vixencia, que deberá incluír unha análise coste-beneficio do funcionamento do Banco de Explotacións. A avaliación deberá ser efectuada coa colaboración técnica dos servizos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e publicarse na sede electrónica da Axencia e do Banco de Explotacións.







3. O incumprimento das obrigas dos apartados anteriores determinará a avaliación negativa do desempeño do persoal directivo da Axencia de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia."

---

Emenda nº61, de Adición. Artigo 41

Débase engadir unha nova letra c), no punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"c) Que se trate de montes de carácter colectivo, baixo diferentes denominacións no actual Catastro (montes de veciños de..., montes veciñais de..., montes da parroquia de..., etc) que, atendendo á súa orixe son montes veciñais en man común sen clasificar ou montes abertais sen constituírse, actualmente tutelados polas administracións locais na súa maioría.

Estes montes deberán ser obxecto de investigación da propiedade e iniciarse, consecuentemente, o seu procedemento administrativo de clasificación ou constitución como monte veciñal en man común ou monte abertal, respectivamente, pola Administración forestal (como órgano responsable da súa custodia e integridade).

Por ende, este tipo de predios, previa a súa declaración como terreo en abandono ou infrautilizado, requirirá informe favorable do órgano forestal. De non ser favorable, por entenderse que se require a constitución da comunidade propietaria lexítima, o procedemento de declaración de terreo abandonado ou infrautilizado non procederá."

---

Emenda nº62, ao apartado 2, de Adición. Artigo 42

No punto 2, deste artigo, despois de: "... coa identificación precisa dos predios, ...", débese engadir: "... entendendo como tal identificación, a inclusión da referencia catastral do predio, ademais débese de publicar se limita ou linda con montes públicos, montes veciñais en man común, montes abertais e montes colectivos non clasificados como montes veciñais en man común ou non constituídos como montes abertais, e notificada ás persoas ..."



---

Emenda nº63, ao apartado 5, de Adición. Artigo 42

No punto 5 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . Agás no caso de procedemento de iniciación da clasificación de monte veciñal en man común ou de constitución de monte abertal, que suspenderá o procedemento de declaración de abandono ou infrautilización."

---

Emenda nº64, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 43

Proponse unha nova redacción para o punto 1 deste artigo:

"1. Na fase de instrución, elaborará un informe o servizo correspondente da xefatura territorial da consellaría competente en materia de medio rural, este informe debe incorporar os datos do órgano forestal para aqueles terreos obxecto de declaración (de abandono ou infrautilización) que:

- a) Limiten/linden con montes públicos, montes veciñais en man común, montes abertais e montes colectivos non clasificados como montes veciñais en man común ou non constituídos como montes abertais.
- b) Formen parte de montes públicos, montes veciñais en man común, montes abertais e montes colectivos non clasificados como montes veciñais en man común ou non constituídos como montes abertais

A xefatura territorial, actuará como instrutora, e que en todo caso se pronunciará sobre o cumprimento dos requisitos de incorporación sinalados no artigo 48, así como tamén sobre o resultado da audiencia practicada segundo o establecido no artigo anterior."

---

Emenda nº65, ao apartado 1, de Adición. Artigo 45

No punto 1, deste artigo, logo de: "... . Agás nos predios descritos nas letras a) e b) ...", débese engadir: "... do artigo 35.1, ..."

---



Emenda nº66, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 46

No punto 1, deste artigo, onde di: "... a que teña facultades bastantes para ceder o uso e o aproveitamento dun predio.", debe dicir: "... a que conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, no seu defecto, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais, ou finalmente a quen o sexa pública e notoriamente, aínda que carezan do oportuno título escrito de propiedade."

---

Emenda nº67, ao apartado 3, de Adición. Artigo 46

No punto 3 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . Esta proposta de uso, debe ir acompañada dun informe ou documento técnico, asinado por técnico competente en materia agroforestal, que avale as condicións e características do uso proposto."

---

Emenda nº68, ao apartado 1, de Adición. Artigo 47

No punto 1, deste artigo, débense engadir *in fine* dous novos parágrafos que terán o seguinte contido:

"A revisión xurídica, cartográfica e catastral para predios limítrofes con montes públicos, montes veciñais en man común e montes abertais, así como aqueles montes de carácter colectivo (non clasificados ni constituídos como monte veciñal en man común o monte abertal, respectivamente) requirirá informe favorable do órgano competente en materia de montes, como órgano administrativo responsable da súa custodia. De ser negativo, será necesaria o estudo e a inspección in situ por ambos órganos (Agader e a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal).

Igualmente, para os predios a incorporar que sexan montes públicos, montes veciñais en man común e montes abertais, así como aqueles montes de carácter colectivo (non



clasificados ni constituídos como monte veciñal en man común ou monte abertal, respectivamente) será preciso o devandito informe favorable do órgano competente en materia de montes, como órgano administrativo responsable da súa custodia. De ser negativo, será necesaria o estudo e a inspección in situ por ambos órganos (Agader e a Dirección Xeral Planificación e Ordenación Forestal)."

---

Emenda nº69, ao apartado 2, de Adición. Artigo 47

No punto 2, deste artigo, despois de: "..., segundo o disposto nos artigos 20 e 21. ...", débese engadir o seguinte texto: "... .De ser o predio monte público, monte veciñal en man común ou monte abertal, este procedemento axustarase ao articulado da Lei galega de montes. Este procedemento tamén se axustará para os montes actualmente non clasificados ou constituídos como montes veciñais en man común ou montes abertais, respectivamente, adscritos como montes de carácter colectivo baixo diferentes denominacións no Catastro e, maioritariamente, tutelados por administracións locais."

---

Emenda nº70, de Supresión. Artigo 48

Debe suprimirse.

---

Emenda nº71, ao apartado b), de Modificación. Artigo 49

Na letra b), deste artigo, onde di: "... totalmente ..." debe dicir: "... substancialmente ..."

---

Emenda nº72, ao apartado b), de Adición. Artigo 49

Na letra b) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . No caso de parcelas de monte público, monte veciñal en man común, monte abertal e monte colectivo sen clasificar ou sen constituír como monte veciñais en man común ou monte abertais, respectivamente,



requirirase informe positivo e vinculante do órgano competente en materia de montes."

---

Emenda nº73, ao apartado f), de Supresión. Artigo 49

Debe suprimirse a letra f)

---

Emenda nº74, ao apartado h), de Adición. Artigo 49

Na letra h) deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte frase: "..., segundo o procedemento indicado no punto 5 do artigo 46."

---

Emenda nº75, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 50

Propónse unha nova redacción para o punto 3 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"3. A incorporación suporá a asunción por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural das obrigas da persoa titular do predio e, en particular, o réxime de responsabilidade en relación co mantemento do terreo e a súa masa vexetal nas condicións legalmente exixibles, entremetres non se produza o arrendamento a unha terceira persoa."

---

Emenda nº76, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 50

Débese suprimir o punto 4 deste artigo.

---

Emenda nº77, ao apartado 5, de Adición. Artigo 50

No punto 5 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . Será excepción á incorporación e aos seus efectos, incluída a cesión temporal do uso e aproveitamento a terceiras persoas, as alteracións de titularidade asociadas á tutela e



custodia do órgano forestal ata a clasificación ou constitución do monte veciñal en man común ou monte abertal, respectivamente."

---

Emenda nº78, ao apartado 1, de Adición. Artigo 53

No punto 1 deste artigo, logo de: "... poderá dispor a publicación da oferta pública de arrendamento no Sitegal ...", débese engadir: "... e no DOG, ..."

---

Emenda nº79, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 53

No punto 3 deste artigo, onde di: "... apertura dun prazo de dez días ...", debe dicir: "... apertura dun prazo de trinta días ..."

---

Emenda nº80, ao apartado 7, de Adición. Artigo 53

No punto 7 deste artigo, logo de: "... da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola intermediación realizada, ...", débese engadir a seguinte frase: "... agás causa debidamente xustificada e analizada pola axencia. ..."

---

Emenda nº81, ao apartado 9, de Adición. Artigo 53

No punto 9, deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte frase: "...agás causa debidamente xustificada e analizada pola axencia."

---

Emenda nº82, ao apartado 10, de Adición. Artigo 53

No punto 10 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "..., ademais non impedirá a devindicación e cobro da remuneración da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola intermediación realizada, agás causa debidamente xustificada e analizada pola Axencia."



---

Emenda nº83, ao apartado 12, de Adición. Artigo 53

No punto 12 este artigo, débese engadir in fine a seguinte frase: "..., así como débedas coa seguridade social e facenda."

---

Emenda nº84, ao apartado 2.c), de Adición. Artigo 55

Na letra c), do punto 2 deste artigo, despois de: "...ou predios arrendados sexa forestal, ...", débese engadir: "...agás no caso de montes veciñais en man común que será máximo de 30 anos como vén recollido no artigo 5, punto 2, da Lei 13/1989, do 10 de outubro, ou no caso de especies forestais que se rexan por modelos silvícolas en que estea establecida a idade de corta, o tempo correspondente á primeira quenda de corta ou en 50 anos no caso dos montes veciñais en estado de grave abandono ou degradación segundo o artigo 30 da Lei galega de montes veciñais ..."

---

Emenda nº85, ao apartado 2, de Adición. Artigo 57

No punto 2, deste artigo, logo de: "Nos casos de morte ...", débense engadir as seguintes palabras: "... do titular do predio ..."

---

Emenda nº86, ao apartado 4.b), de Modificación. Artigo 58

Na letra b) do punto 4, deste artigo, onde di: "... achegar un proxecto e unha memoria económica ...", debe dicir: "... achegar un proxecto técnico e unha memoria económica, ..."

---

Emenda nº87, ao apartado 4.b), de Adición. Artigo 58

Na letra b), punto 4, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . No caso de terreos forestais, predios para uso e aproveitamento forestal ou terreos de alta produtividade forestal (segundo Catálogos), será obrigatoria a elaboración



dun instrumento de ordenación ou xestión forestal e a súa correspondente aprobación polo órgano forestal."

---

Emenda nº88, ao apartado 4.c), de Adición. Artigo 58

Na letra c), punto 4, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . Cando este tipo de infraestruturas promovidas por entidades públicas afecten a terreos forestais, predios para uso e aproveitamento forestal ou terreos de alta produtividade forestal (segundo Catálogos), requirirase informe favorable do órgano forestal."

---

Emenda nº89, ao apartado 4.e), de Adición. Artigo 58

Na letra e), punto 4, deste artigo, logo de: "... dunha explotación agropecuaria ...", débese engadir: "... ou forestal ..."

---

Emenda nº90, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 59

No punto 2, deste artigo, onde di: "... achegar un proxecto e unha memoria económica, ...", debe dicir: "... achegar un proxecto técnico e unha memoria económica ..."

---

Emenda nº91, ao apartado 2, de Adición. Artigo 59

No punto 2 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . No caso de terreos forestais, predios para uso e aproveitamento forestal ou terreos de alta produtividade forestal (segundo Catálogos), será obrigatoria a elaboración dun instrumento de ordenación ou xestión forestal e a súa correspondente aprobación polo órgano forestal."

---

Emenda nº92, ao apartado 1.b), de Adición. Artigo 60

Na letra b), punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . Cando este tipo de infraestruturas promovidas por entidades públicas afecten a terreos forestais,





predios para uso e aproveitamento forestal ou terreos de alta produtividade forestal (segundo Catálogos), requirirase informe favorable do órgano forestal."

---

Emenda nº93, ao apartado 2.g) 4º, de Adición. Artigo 61

No apartado 4º, letra g), punto 2, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... vixente aprobado polo órgano forestal ou de montes que, con este tipo de instrumento, ademais contén un sistema de certificación de xestión forestal sostible internacionalmente recoñecidos."

---

Emenda nº94, ao apartado h), de Adición. Artigo 61

Débese crear unha nova letra h), no punto 2, que terá o seguinte contido:

"h) Redefinición ou mellora da superficie e límites dos montes públicos, montes veciñais en man común e montes abertais mediante este tipo de permutas (eliminar encravados, redefinir lindeiros, etc.), sempre sen menoscabo da propiedade e da potencial produtividade do monte, e atendendo á lexislación sectorial de montes e de montes veciñais en man común. Nestes casos, requirirase a participación e información do órgano forestal competente no procedemento de declaración de permuta de interese agrario."

---

Emenda nº95, ao apartado 2, de Adición. Artigo 62

No punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... agraria (agrícola, gandeira ou forestal)."

---

Emenda nº96, ao apartado 3, de Adición. Artigo 62

No punto 3, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "...No caso de montes públicos, montes veciñais en man común ou montes abertais, requirirase a participación e a información do órgano forestal competente no procedemento



de declaración de permuta de interese agrario, como órgano encargado da custodia e defensa da integridade destes montes."

---

Emenda nº97, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 62

O contido do punto 4 deste artigo, débese substituír polo seguinte texto:

"4. A permuta só poderá ser considerada como de especial interese agrario sempre que, concorrendo os requisitos do artigo 61.2 desta lei, exista diferenza de valor entre o conxunto dos predios de cada titular que se van permutar inferior á porcentaxe determinada polos estudos de mercado, diferenciando a variabilidade que pode existir en función do territorio ou zona onde se vai a declarar a permuta e que será determinada pola valoración efectuada polos servizos competentes da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural."

---

Emenda nº98, ao apartado 2, de Adición. Artigo 63

No punto 2, deste artigo, débese engadir *in fine*, o seguinte texto:"... . No caso de montes públicos, montes veciñais en man común ou montes abertais, requirirase a participación e información do órgano forestal competente no procedemento de declaración de permuta de interese agrario, como órgano encargado da custodia e defensa da integridade destes montes."

---

Emenda nº99, ao apartado 2.a), de Supresión. Artigo 64

Na letra a), punto 2, deste artigo, débese suprimir a seguinte frase: "... da persoa titular á que se lle elimina a parcela enclavada ..."

---

Emenda nº100, ao apartado 2.a), de Adición. Artigo 64

No punto 2 deste artigo, letra a), débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido: "De ser aportada unha



finca de substitución cunha superficie mínima superior ao 20 % do inicial, haberá que estudar en cada caso a diferenza de valor agronómico resultante da permuta. Existirán, polo tanto, casos nos que será necesario “compensar” ao titular do encravado e outros casos nos que o titular da finca onde estea o encravado deberá ser compensado.”

---

Emenda nº101, ao apartado 2.c), de Adición. Artigo 65

No punto 2, letra c), débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . No caso de permutas que afecten a montes públicos, montes veciñais en man común e montes abertais, esta actualización entenderase dentro do proceso de información e participación do órgano forestal no procedemento de declaración da permuta.”

---

Emenda nº102, ao apartado 3, de Adición. Artigo 65

No punto 3, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . No caso de parcelas de uso forestal atenderanse ás limitacións indicadas no artigo 69 da Lei galega de montes e na Lei galega de montes veciñais en man común.”

---

Emenda nº103, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 65

Débese engadir un novo punto 3 bis), que terá o seguinte contido:

"4.Nos casos de permutas nos que interveñan mais de dous propietarios e as permutas afecten a un mínimo de superficie (10-15 ha) o proceso rematará cunha acta de reorganización da propiedade (das mesmas características que as das concentracións parcelarias), obxecto de protocolización notarial e inmatriculación rexistral a instancias da Dirección Xeral competente no desenvolvemento rural.”

---

Emenda nº104, ao apartado 1, de Adición. Artigo 67

No punto 1, deste artigo, débese engadir logo de: "... no perímetro proposto de polígono agroforestal, ..." o seguinte





texto: "... porcentaxe aplicable para as terras con propietarios coñecidos e localizados, ..."

---

Emenda nº105, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 68

No punto 3 deste artigo, débese suprimir a palabra: "... produtivos, ..."

---

Emenda nº106, ao apartado 1.a), de Modificación. Artigo 69

Na letra a) do punto 1, deste artigo, onde di: " ao 50 % ", debe dicir: "ao 70 %"

---

Emenda nº107, ao apartado 1.c), de Adición. Artigo 69

Na letra c), punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine*, o seguinte texto: "... , porcentaxe aplicable para as terras con propietarios coñecidos e localizados."

---

Emenda nº108, ao apartado 2, de Adición. Artigo 70

No punto 2, deste artigo, débese engadir *in fine*, o seguinte texto: "..., porcentaxe aplicable para as terras con propietarios coñecidos e localizados."

---

Emenda nº109, ao apartado 3, de Adición. Artigo 70

No punto 3, deste artigo, logo de: "... Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia ...", débese engadir o seguinte texto: "... ou existan montes incluídos no Rexistro Oficial de Montes Ordenados de Galicia ou montes pertencentes a silvicultores activos incluídos no rexistro correspondente, ..."

---

Emenda nº110, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 70





No punto 3, deste artigo, onde di: " do 50 %", debe dicir: " do 70 %"

---

Emenda nº111, ao apartado 1.d), de Adición. Artigo 73

Na letra d), punto 1, deste artigo, débese engadir logo de: " ..., a xestión activa ...", o seguinte texto: "... e sostible segundo instrumento de ordenación forestal e xestión forestal ..."

---

Emenda nº112, ao apartado 1.c), de Adición. Artigo 75

Na letra c), punto 1, deste artigo, débese engadir logo de: "... superior ao 70 % da superficie, ...", a seguinte frase: "... con propietario coñecido e localizado, ..."

---

Emenda nº113, ao apartado 1, de Adición. Artigo 78

No punto 1 deste artigo, logo de: "... uso agrícola, gandeiro ...", débese engadir a seguinte expresión: "... e forestal ..."

---

Emenda nº114, ao apartado 4, de Adición. Artigo 78

No punto 4, débese engadir *in fine* o seguinte texto: ".. e tamén requirirá unha modificación a ordenación urbanística do ámbito."

---

Emenda nº115, de Adición. Artigo 81 bis

Débese engadir un novo artigo 81 bis, que terá o seguinte contido:

Artigo 81 bis. Espazos Test Agrarios

1. A consellaría competente en materia do medio rural fomentará a creación de Espazos Test Agrarios co obxecto de facilitar procesos progresivos de instalación de novos axentes ao sector agrario, nos que se garanta un soporte físico, un marco legal de actuación nos que estean cubertas as





responsabilidades laborais e fiscais e o acompañamento, asesoramento e formación ás novas incorporacións, nomeadamente de mozas e mozos, ao sector agrario.

2. Os Espazos Test Agrarios configúranse como espazos de experimentación de actividades agrarias nas que as persoas emprendedoras poden probar o seu modelo de empresa nun entorno seguro, co fomento da innovación social para a incorporación progresiva ao sector agrario e a transferencia de coñecemento."

---

Emenda nº116, de Adición. Artigo 81 ter

Débese engadir un novo artigo 81 ter, que terá o seguinte contido:

"Artigo 83 ter. Obxectivos dos Espazos Test Agrarios

Son obxectivos dos espazos test agrarios:

- a) Impulsar novos modelos de relevo xeracional no ámbito agrario, dotando de espazo físico, ferramentas e infraestruturas para iniciar proxectos a aquelas persoas emprendedoras que carezan deste.
- b) Impulsar novos modelos de formación, asesoramento e transferencia de coñecementos para o fomento de novas incorporacións ao medio rural.
- c) Potenciar a existencia de espazos para a proba de novas ideas e proxectos antes da incorporación efectiva; e validar a viabilidade técnica, económica e persoal dos proxectos.
- d) Fomento da bioeconomía circular e das cadeas cortas de comercialización, fomentando modelos agroecolóxicos nas novas xeracións agrarias."

---

Emenda nº117, de Adición. Artigo 84 quater

Débese engadir un novo artigo 81 quater, que terá o seguinte contido:

"Artigo 81 quater. Rexistro dos Espazos Test Agrarios

1. Os Espazos Test Agrarios impulsaranse por persoas xurídicas de base asociativa ou cooperativa mediante a formalización do correspondente convenio de colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural que precisará as



funcións que se asumen pola entidade e as medidas de apoio que se realizarán pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, o Banco de Terras e o Banco de Explotacións, así como polos centros de investigación públicos dependentes da consellaría con competencias en materia de medio rural.

2. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural manterá un rexistro actualizado dos Espazos Test Agrarios

3. Corresponde á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural fomentar a formación técnica específica ás persoas con capacidade técnica para exercer as funcións sinaladas no artigo anterior."

---

Emenda nº118, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 83

No punto 1, letra b) deste artigo, onde di: "... que permita presumir un ...", debe dicir: "... que permita determinar un ..."

---

Emenda nº119, ao apartado 1.f), de Modificación. Artigo 83

Na letra f), punto 1, deste artigo, onde di: "..., en función do tipo de cultivo ou aproveitamento e das súas características ...", debe dicir: "... en función do tipo de cultivo, aproveitamento, características e mercado de terras na zona (parcela media no concello ou parroquia), ..."

---

Emenda nº120, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 83

No punto 1, deste artigo, letra b) onde di: "... inferior ao 50 % ...", debe dicir: "... inferior ao 70 % ..."

---

Emenda nº121, ao apartado 1, de Adición. Artigo 88

No punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . Para terreos que sexan montes públicos, montes veciñais en man común, montes abertais ou montes colectivos non clasificados ou non constituídos como montes veciñais en man común ou montes abertais, respectivamente, esta



comprobación será realizada conxuntamente co órgano forestal."

---

Emenda nº122, ao apartado 1.b), de Adición. Artigo 91

No punto 1, letra b) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . Estes compromisos escritos serán notificados polo axente produtivo á Agader segundo un procedemento que se deberá articular tamén por escrito co fin de evitar especulacións e posibles inmovilizacións de terras."

---

Emenda nº123, ao apartado 3, de Adición. Artigo 91

No punto 3 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . Segundo a Lei de montes de Galicia no artigo 56, a Administración autonómica terá dereito de adquisición preferente, a reserva do disposto no apartado 2, nos seguintes casos de transmisións onerosas:

- a) De montes de superficie superior a 250 hectáreas.
- b) De montes declarados protectores e outras figuras de especial protección.

Segundo o artigo 57 da dita lei, as comunidades de montes en man común terán dereito de adquisición preferente tanto das superficies lindeiras, cuxa integración permita unha diminución ou mellor definición do perímetro do monte veciñal, como dos seus enclavados."

---

Emenda nº124, ao apartado 4, de Adición. Artigo 91

No punto 4, deste artigo, logo de: "... das parcelas do perímetro do polígono, ...", débese engadir a seguinte frase: "..., con propietario coñecido e localizado. ..."

---

Emenda nº125, ao apartado 2.h), de Adición. Artigo 92

No último parágrafo da letra h), punto 2, deste artigo, débese engadir logo de: "... interese agronómico ou, ..." a seguinte palabra: "... ambiental ..."





---

Emenda nº126, ao apartado 1.c), de Adición. Artigo 94

Na letra c) punto 1, logo de: "Os criterios de solvencia ...", débense engadir as seguintes palabras: "... económica, técnica e profesional ..."

---

Emenda nº127, ao apartado 1.g), de Adición. Artigo 94

débese crear unha nova letra g) no punto 1, deste artigo, que terá o seguinte contido:

"g)No caso de polígonos forestais debe incluírse de modo xenérico o compromiso do axente promotor ou do adxudicatario de redactar no prazo dun ano o correspondente instrumento de ordenación ou xestión forestal."

---

Emenda nº128, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 96

No punto 1 deste artigo, onde di: ".. quince días ...", debe dicir: "... trinta días ..."

---

Emenda nº129, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 96

No segundo parágrafo do punto 2 deste artigo, onde di: "... dous anos ...", debe dicir: "... un ano ..."

---

Emenda nº130, ao apartado 1.d), de Adición. Artigo 98

No punto 1 deste artigo, débese crear unha nova letra d), que terá o seguinte contido:

"d) Incluirá como mínimo, memoria, prego de condicións, estudo de seguridade e saúde ou estudo básico, orzamento e planos."

---



Emenda nº131, de Adición. Artigo 98

No punto 3 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... así mesmo, darase traslado ao órgano forestal para aqueles terreos que sexan montes públicos, montes veciñais en man común e montes abertais."

---

Emenda nº132, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 98

O punto 5 deste artigo débese suprimir.

---

Emenda nº133, ao apartado b), de Adición. Artigo 99

Na letra b) deste artigo, terceiro parágrafo, logo de: "... a cabo por técnicos competentes ...", débese engadir: "..., titulados universitarios de grado e master en material forestal. ..."

---

Emenda nº134, ao apartado c), de Adición. Artigo 99

Na letra c) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . Con esta última actuación permitírase a ocupación dos terreos polos adxudicatarios do proceso de concorrencia."

---

Emenda nº135, ao apartado 2.e) 1º, de Modificación. Artigo 101

No apartado 1º, letra e), punto 2, deste artigo, onde di: " ... quince días ...", debe dicir: " ... trinta días ..."

---

Emenda nº136, ao apartado 2.e) 3º, de Adición. Artigo 101

No apartado 3º, letra e), punto 2, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... coa participación ou colaboración do órgano forestal competente."

---



Emenda nº137, ao apartado 2.c), de Adición. Artigo 102

Na letra c), punto 2, deste artigo, débese engadir logo de: "... técnicos precisos, ...", débese engadir: " ... en función dos usos e actividades a promover ..."

---

Emenda nº138, ao apartado 2.d), de Adición. Artigo 102

No punto 2, letra d) deste artigo, logo de: "... que acredite a súa viabilidade ...", débese engadir: "... económica e técnica e, ..."

---

Emenda nº139, ao apartado 3, de Adición. Artigo 102

No punto 3 deste artigo, logo de: "... Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia e ...", débese engadir o seguinte texto: "... e tamén un silvicultor activo ou un titular dun monte ordenado inscritos no Rexistro público correspondente ..."

---

Emenda nº140, ao apartado 2.b), de Adición. Artigo 103

Na letra b), punto 2, deste artigo, logo de: "... Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia ..", débese engadir o seguinte texto: "... ou unha explotación forestal dun silvicultor activo inscrito no correspondente Rexistro público, ou un propietario dun monte con instrumento de ordenación ou xestión forestal aprobado incluído no Rexistro público correspondente ..."

---

Emenda nº141, ao apartado 2.c), de Adición. Artigo 103

Na letra c) punto 2, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . No caso de afectar a predios catalogados como montes veciñais en man común ou montes abertais, requirirase informe favorable e vinculante do órgano forestal."

---

Emenda nº142, ao apartado 1.c), de Modificación. Artigo 110



Proponse unha nova redacción para a letra c) do punto 1, deste artigo, que terá o seguinte contido:

"c) Que exista grave situación de abandono nun mínimo do 70 % do perímetro proposto, o que se acreditará mediante informe debidamente xustificado e tecnicamente fundado."

---

Emenda nº143, ao apartado 2, de Adición. Artigo 112

No punto 2 deste artigo, primeiro parágrafo, logo de: "... na aldea modelo e serán ...", débese engadir o seguinte texto: "... redactados por técnicos competentes en materia agrogandeira ou forestal, segundo a finalidade da ordenación produtiva e ..."

---

Emenda nº144, ao apartado 2.c), de Adición. Artigo 112

Na letra c) do punto 2, deste artigo, logo de: "... exista unha maior aptitude ...", débese engadir: "... e menor impacto, isto é, maior capacidade de acollida para ese uso concreto, ..."

---

Emenda nº145, ao apartado 2.e), de Adición. Artigo 112

No punto 2 deste artigo, letra e) débese engadir *in fine* o seguinte texto: "..., tendo en conta os prazos estipulados na Lei galega de montes veciñais en man común."

---

Emenda nº146, ao apartado 3, de Adición. Artigo 112

No punto 3, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... e mesmo de prevalencia para o caso de montes veciñais en man común."

---

Emenda nº147, de Adición. Artigo 112 bis

Débese engadir un novo artigo 112 bis, que terá o seguinte contido:



"Artigo 112 bis. O disposto nos artigos desta lei para as aldeas modelo serán de aplicación de maneira retroactiva a aquelas que xa fosen aprobadas ou estivesen en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei."

---

Emenda nº148, ao apartado 3.h), de Adición. Artigo 115

Na letra h), punto 3, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte: "..., e particularmente de ser o caso, á silvicultura activa (ordenada e sostible)"

---

Emenda nº149, ao apartado 3.d), de Adición. Artigo 115

Na letra d), punto 3, deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte frase: "... e a xestión forestal sostible, se for o caso."

---

Emenda nº150, ao apartado 2.a), de Adición. Artigo 116

No punto 2, letra a) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... e tamén terá en conta as disposicións pertinentes da normativa sectorial de montes (Lei de montes de Galicia e de montes veciñais en man común).

---

Emenda nº151, ao apartado 2.c), de Adición. Artigo 116

Na letra c), punto 2, cuarto parágrafo, débese engadir *in fine*, logo de:"... do solo de Galicia.", o seguinte texto: "... e ademais na Lei de montes de Galicia e de montes veciñais en man común no tocante a obras e instalacións en terreos forestais."

---

Emenda nº152, ao apartado 2, de Adición. Artigo 117

No punto 2 deste artigo, logo de "... eficiencia enerxética e de integración ..." débese engadir: "... urbanística e ..."

---



Emenda nº153, ao apartado 2, de Adición. Artigo 117

No punto 2, deste artigo, logo de: "... nos produtos agroalimentarios ,,," , débese engadir: "... e forestais, ..."

---

Emenda nº154, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 119

Propónse unha nova redacción para o punto 1 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"1. Os plans de dinamización dos núcleos rurais das aldeas modelo serán formulados polos concellos interesados, o que será considerado unha encomenda de xestión, seguindo o que dispón, a tal efecto, a lexislación estatal e autonómica, podendo recabar a colaboración da Agader para a súa realización."

---

Emenda nº155, ao apartado 2.a), de Adición. Artigo 119

Na letra a), punto 2 deste artigo, débese engadir logo de: "... do plan de dinamización, ...", o seguinte texto: "... que será redactado por equipos multidisciplinares atendendo ás actividades propostas (arquitectos, enxeñeiros de montes, agrónomos e outras titulacións), ..."

---

Emenda nº156, ao apartado 1.f), de Adición. Artigo 121

Na letra f), punto 1, deste artigo, logo de: "... incremento da súa base territorial, ...", débese engadir: "... os silvicultores activos ..."

---

Emenda nº157, de Modificación. Artigo 121

No punto 3, deste artigo, onde di: "3. Os plans e os programas autonómicos e provinciais de axudas ...", debe dicir: "Os plans e os programas autonómicos de axudas ..."

---



Emenda nº158, de Modificación. Artigo 122

Neste artigo, onde di: "... recuperación da terra agraria de Galicia, ...", debe dicir: "... recuperación da terra agraria e a prevención do seu abandono en Galicia, ..."

---

Emenda nº159, ao apartado 2.a), de Modificación. Artigo 123

Proponse unha nova redacción para a letra a) punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido.

"a) A recuperación da terra agraria e a prevención do seu abandono en Galicia, así como a adecuada e racional ordenación de usos do solo."

---

Emenda nº160, de Modificación. Artigo 123

No punto 3 deste artigo, onde di: "... recuperación da terra agraria de Galicia, ...", debe dicir: "... recuperación da terra agraria e a prevención do seu abandono en Galicia ..."

---

Emenda nº161, ao apartado 4.a) 6ª, de Adición. Artigo 123

No punto 4, letra a) débese engadir unha nova alínea 6ª, que terá o seguinte contido:

"6ª. Afondamento nos beneficios fiscais para os titulares/xestores de montes abertais."

---

Emenda nº162, ao apartado 4.a) 7ª, de Adición. Artigo 123

No punto 4, letra a) deste artigo, débese engadir unha nova aliña 7ª, que terá o seguinte contido:

"7ª. Promoción do relevo xeracional e a incorporación de mozos e mozas á actividade forestal."

---



Emenda nº163, ao apartado 4.b)1º, de Modificación. Artigo 123

No punto 4, letra b) parágrafo 1º, onde di: "... xenuíno ...", debe dicir: "... profesional ..."

---

Emenda nº164, ao apartado 4.b)3º, de Modificación. Artigo 123

No punto 4, letra b), parágrafo 3º, onde di: "... actividade agraria.", debe dicir: "... actividade agrogandeira."

---

Emenda nº165, ao apartado 4.c)2º, de Adición. Artigo 123

No punto 4, letra c) parágrafo 2º, débese engadir logo de: "... e de integración ..." a seguinte palabra: "... urbanística e ..."

---

Emenda nº166, ao apartado 4.c)3º, de Modificación. Artigo 123

No punto 4, letra c), parágrafo 3º, onde di: "... solucións baseadas na natureza ...", debe dicir: "... solucións baseadas nos usos e aproveitamentos propios de cada territorio, de forma racional e sostible."

---

Emenda nº167, ao apartado 4.c)4º, de Adición. Artigo 123

No punto 4, letra c), débese crear un novo parágrafo 4º, que terá o seguinte contido:

"4º.O apoio á cidadanía do rural perceptora de pensións mínimas, con cambios na regulación, que fagan que non computen a efectos de complemento a mínimos das pensións, as rendas pola cesión de terreos ou os importes por transmisión."

---

Emenda nº168, ao apartado 2.f), de Adición. Artigo 124

no punto 2, letra f) débese engadir *ab initio* a seguinte frase: "





"f) En colaboración co órgano competente, en materia forestal,  
..."

---

Emenda nº169, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 125

No punto 1, deste artigo, ab initio, onde di: "1. A consellaría competente en materia de medio rural ...", debe dicir: "O órgano competente en materia forestal ..."

---

Emenda nº170, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 125

No punto 1 deste artigo, in fine, onde di: "... asegurar a súa xestión sustentable ...", debe dicir: "... asegurar a súa xestión forestal sostible dos terreos forestais incluídos no Banco de Terras."

---

Emenda nº171, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 125

No punto 2, deste artigo, segundo parágrafo, onde di: "Para estes efectos, a consellaría ...", debe dicir: "Para estes efectos, o órgano competente en materia forestal ..."

---

Emenda nº172, de Modificación. Artigo 128

No enunciado do artigo 128, onde di: "Obrigas das persoas inspeccionadas", debe dicir: "Obrigas e dereitos das persoas inspeccionadas"

---

Emenda nº173, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 128

Débase engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. As persoas físicas ou xirídicas inspeccionadas teñen dereito a estar informados e presentes nas inspeccións dos seus predios."



---

Emenda nº174, de Supresión. Artigo 131

Débese suprimir *in fine* a seguinte frase: "..., coa colaboración, de ser o caso, doutros suxeitos habilitados para o efecto."

---

Emenda nº175, ao apartado 4.b), de Adición. Artigo 134

Na letra b) punto 4, deste artigo, débese engadir *in fine*, a seguinte expresión: "... ou unha aldea modelo."

---

Emenda nº176, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 136

Na letra b) punto 1, deste artigo, onde di: "... no xornal de maior circulación da provincia ...", debe dicir: "... no DOG ..."

---

Emenda nº177, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 136

No punto 2, deste artigo, onde di: "... da madeira correspondente ás especies arbóreas retiradas pola Administración no caso de ocupación ilegal con aproveitamento forestal recollido no artigo 134 desta lei.", debe dicir: "... daqueles equipamentos, instalacións ou produtos, como a madeira, retirados pola Administración no caso de ocupación ilegal con aproveitamento agroforestal recollido no artigo 134 desta lei."

---

Emenda nº178, ao apartado 3, de Adición. Artigo 140

No punto 3, deste artigo, logo de: "... cando se acredite ...", débense engadir as seguintes palabras: "... expresa e notoriamente ..."

---

Emenda nº179, ao apartado 1, de Adición. Artigo 141





No punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine*, a seguinte expresión: "..., no seu grao menos severo."

---

Emenda nº180, de Supresión. Disposición adicional primeira

Débese suprimir

---

Emenda nº181, de Supresión. Disposición adicional quinta

Débese suprimir.

---

Emenda nº182, de Adición. Disposición transitoria primeira

No punto 1, alínea b), parágrafo 1º, engadir *in fine* a seguinte palabras: "... agroforestal."

---

Emenda nº183, de Modificación. Disposición transitoria primeira

No punto 1, alínea b), apartado 2º, onde di: "... no artigo 2.1 a) e d) da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. ...", debe dicir: "... no artigo 2.1 a), b) e c) cando non estea integrado en solos de protección ordinaria e d) da lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e no artigo 34 b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. ..."

---

Emenda nº184, de Supresión. Disposición transitoria primeira

No punto 2, desta disposición, débese suprimir o último parágrafo que comeza por: "... Nestes terreos en ningún caso ..."

---

Emenda nº185, de Adición. Disposición transitoria segunda

Débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... e no artigo 34 b) da Lei 2/2016, do 16 de febreiro, do solo de Galicia."



---

Emenda nº186, ao apartado Un.Cinco, de Adición. Disposición derradeira primeira

Na epígrafe Un, "Cinco, primeiro parágrafo, logo de: " ... agricultor profesional, ..." débese engadir: " ..., silvicultor activo e ..."

---

Emenda nº187, ao apartado Un.Cinco, de Adición. Disposición derradeira primeira

Na epígrafe Un, "Cinco, débese engadir *in fine* un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:

"Para os efectos previstos neste texto refundido, o concepto de "aproveitamentos de pastos ou pastoreo", "aproveitamentos forestais", "especie forestal", "xestión forestal", "persoa silvicultora" e "silvicultor activo" serán os contemplados na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e as súas modificacións asociadas a esta lei."

---

Emenda nº188, ao apartado Dous.a)1, de Adición. Disposición derradeira primeira

Na epígrafe Dous, pola que se modifica o número quince do artigo 5, na alínea a) , punto 1, logo de: "Sociedades de fomento forestal ..." débese engadir o seguinte texto: "... e outro tipo de figuras de xestión forestal conxunta, ..."

---

Emenda nº189, ao apartado Sete.Seis1, de Adición. Disposición derradeira primeira

Na epígrafe Sete, "Seis: Redución por adquisición de predios rústicos. Punto 1, logo de " ... Rede galega de espazos protexidos, ... ", débese engadir o seguinte texto: "... e terreos forestais baixo instrumentos de ordenación e xestión forestal vixente e aprobados polo órgano forestal, ..."

---





Emenda nº190, ao apartado Sete.2, de Modificación.  
Disposición derradeira primeira

Na epígrafe Sete, "Seis: Reducción por adquisición de predios rústicos. Punto 2, alínea c), terceiro parágrafo, que comeza por: No caso de que sobre o solo rustico ...", onde di: "... afecta a unha explotación agraria ...", debe dicir: "... afecta a unha explotación agrícola, gandeira e forestal ..."

---

Emenda nº191, ao apartado Dez.Nove d), de Modificación.  
Disposición derradeira primeira

Na epígrafe Dez, "Nove. Redución por adquisición de predios rústicos. Alínea d), parágrafo terceiro que comeza por: "No caso de que sobre o solo rústico, ...", onde di: "... afecta a unha explotación agraria ...", debe dicir: "... afecta a unha explotación agrícola, gandeira e forestal ..."

---

Emenda nº192, ao apartado Once.Dous 1, a) 1, de Adición.  
Disposición derradeira primeira

Na epígrafe Once, "Dous. Dedución por investimentos en empresas agrarias. Punto 1. Alínea a) número 1, logo de: "Sociedades de fomento forestal ...", débese engadir o seguinte texto: "... e outro dipo de figuras de xestión forestal conxunta, ..."

---

Emenda nº193, ao apartado Quince.Dous, de Modificación.  
Disposición derradeira primeira

Na epígrafe Quince. "Dous. Dedución por arrendamento de predios rústicos. Onde di: "... teñan a condición de agricultores profesionais en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas e sexan titulares dunha explotación agrícola, gandeira e forestal, á cal queden afectos os elementos obxecto do alugamento, ou ben socios dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ousociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria á que queden afectos os elementos arrendados.",





Debe dicir: "... teñan a condición de agricultores profesionais e silvicultores activos en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas e sexan titulares dunha explotación agrícola, gandeira e forestal, á cal queden afectos os elementos obxecto do alugamento, ou ben socios dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra, sociedade de fomento forestal ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agrícola, gandeira e forestal á que queden afectos os elementos arrendados."

---

Emenda nº194, ao apartado Dezaioito.Dez, de Adición.  
Disposición derradeira primeira

Na epígrafe Dezaioito. "Dez: Dedución aplicable ás transmisións de elementos efectos a explotacións agrarias." débese engadir *in fine* deste enunciado o seguinte: "... e aos dereitos de pagamento básico."

---

Emenda nº195, ao apartado Dezaioito.Dez, de Modificación.  
Disposición derradeira primeira

Na epígrafe Dezaioito. "Dez, no parágrafo que comeza por: "Aplicarase unha dedución do 100 % da cota ...", onde di: "... elementos afectos a unha explotación agraria ...", debe dicir: "... elementos afectos a unha explotación agrícola, gandeira e forestal e os dereitos básicos desta, ..."

---

Emenda nº196, ao apartado Dezaioito.Dez b), de Adición.  
Disposición derradeira primeira

Na epígrafe dezaioito, alínea b) débese engadir *in fine*, a seguinte expresión: "... e silvicultor activo."

---

Emenda nº197, ao apartado Dezaioito. Dez c), de Modificación.  
Disposición derradeira primeira



Na epígrafe Dezaoito, alínea c), *ab initio* onde di: " Que no seo da explotación agraria ...", debe dicir: " Que no seo da explotación agrícola, gandeira e forestal ..."

---

Emenda nº198, ao apartado Dezaoito.Dez c), de Modificación. Disposición derradeira primeira

Na epígrafe Dezaoito, alínea c) onde di: "... actividades agrarias ...", debe dicir: "... actividades agrícolas, gandeiras e forestais ..."

---

Emenda nº199, ao apartado Dezanove.Sete, de Adición. Disposición derradeira primeira

Na epígrafe Dezanove. "Sete. Débese engadir *in fine* o seguinte parágrafo: "Aplicarse o mesmo beneficio fiscal ás segregacións que teñen como fin agregar ou agrupar ese terreo a outras fincas ou, en calquera caso, que melloran a base territorial da explotación."

---

Emenda nº200, ao apartado Vinte.Once, de Modificación. Disposición derradeira primeira

Na epígrafe Vinte. "Once. Enunciado. Onde di: "... afectos a explotacións agrarias.", debe dicir: "... afectos a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais."

---

Emenda nº201, ao apartado Vinte.Once , de Modificación. Disposición derradeira primeira

Epígrafe Vinte. "Once. Primeiro parágrafo que comeza por: "Aplicarase unha dedución do 100 %...", onde di: "... afectos a unha explotación agraria ...", debe dicir: "... afectos a unha explotación agrícola, gandeira e forestal, ..."

---

Emenda nº202, ao apartado Vinte.Once, de Modificación. Disposición derradeira primeira





Na epígrafe Vinte, "Once. Primeiro parágrafo que comeza por: "Aplicarase unha dedución do 100 %...", onde di: "... usufruto dunha explotación agraria ...", debe dicir: "... usufruto dunha explotación agrícola, gandeira e forestal ..."

---

Emenda nº203, ao apartado Vinte.Once a), de Modificación.  
Disposición derradeira primeira

Na epígrafe Vinte. alínea a), onde di: "... afectos á explotación agraria ...", debe dicir: "... afectos á explotación agrícola, gandeira e forestal ..."

---

Emenda nº204, ao apartado Vinte.Once a), de Adición.  
Disposición derradeira primeira

Na epígrafe Vinte, "Once, alínea a), débese engadir *in fine* a seguinte expresión: "... e silvicultor activo."

---

Emenda nº205, ao apartado Vinte.Once b), de Modificación.  
Disposición derradeira primeira

Propónse unha nova redacción na epígrafe Vinte. "Once, alínea b), que quedará redactada co seguinte contido:

"b) Que no seo da explotación agrícola, gandeira e forestal da que proceden os elementos adquiridos se viñesen realizando, efectivamente actividades agrícolas, gandeiras e forestais durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto."

---

Emenda nº206, ao apartado Dezaioito.Dez, de Modificación.  
Disposición derradeira primeira

No parágrafo que comeza por: "Aplicarase unha dedución do 100 % da cota ...", onde di: "... ou do usufruto dunha explotación agraria ...", debe dicir: "... ou do usufruto dunha explotación agrícola, gandeira e forestal ..."

---





Emenda nº207, ao apartado Seis, de Supresión. Disposición derradeira terceira

A epígrafe Seis desta disposición débese suprimir.

---

Emenda nº208, ao apartado Cinco.39, de Adición. Disposición derradeira terceira

Proponse unha nova redacción para a epígrafe Cinco, 39, que terá o seguinte contido:

"39. Silvicultor/a activo/a: persoas ou entidades, con ou sen personalidade xurídica, que sexan persoas propietarias, titulares ou xestoras dos aproveitamentos e servizos forestais daquelas unidades de xestión forestal que contén cun instrumento de ordenación ou de xestión forestal."

---

Emenda nº209, ao apartado Trinta e dous, de Modificación. Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Trinta e un. No enunciado, onde di: "... disposición adicional oitava, que queda redactada do seguinte xeito: ...", debe dicir: "... disposición adicional novena, que queda redactada do seguinte xeito: ..."

---

Emenda nº210, ao apartado Un, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Débese suprimir a epígrafe Un desta disposición.

---

Emenda nº211, ao apartado Catro, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Débese suprimir a epígrafe Catro desta disposición.

---



Emenda nº212, ao apartado Cinco.40, de Adición. Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Cinco, 40, débese engadir *in fine*, o seguinte texto: "... estas explotacións deben contar, obrigatoriamente para o seu recoñecemento legal, cun instrumento de ordenación e xestión forestal vixente e aprobado polo órgano forestal."

---

Emenda nº213, ao apartado Sete.2, de Modificación. Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Sete, punto 2, onde di: "... a solicitude de autorización e a comunicación previa ...", debe dicir: "... a solicitude de autorización ou a comunicación previa ..."

---

Emenda nº214, ao apartado Sete.3, de Adición. Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Sete, punto 3, logo de: "... . O aproveitamento forestal, mediante declaración responsable ...", débese engadir a seguinte expresión: "... ou autorización, ..."

---

Emenda nº215, ao apartado Oito, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Débese suprimir a epígrafe Oito, desta disposición, que ten o seguinte contido: "Oito. Suprímese o artigo 61, "cambio de actividade agrícola a forestal."

---

Emenda nº216, ao apartado Doce.2, de Adición. Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Doce punto "2, que comeza por: "Queda prohibida a sementeira ou ...", logo de: "... en todo terreo forestal ...", débese engadir o seguinte: "... e agrícola ..."

---





Emenda nº217, ao apartado Doce.4, de Modificación.  
Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Doce, punto 4, *in fine*, propónse unha redacción para o seguinte parágrafo, que terá o seguinte contido:

"En masas consolidadas de frondosas autóctonas a prohibición anterior esténdese igualmente ás reforestacións e ás novas plantacións intercaladas co xénero Pinus, Picea sp., Abies sp., Pseudotsuga sp. e Tsuga sp."

---

Emenda nº218, ao apartado Trece.a), de Modificación.  
Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Trece, alínea a) onde di: " ... correspondentes agrupacións forestais de xestión conxunta, ... ", debe dicir:"... correspondentes figuras de agrupación forestal legalmente recoñecida, ..."

---

Emenda nº219, ao apartado Catorce.d), de Adición. Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Catorce, alínea d) débese engadir ab initio a seguinte frase: "d) As sociedades de fomento forestal e as agrupacións ..."

---

Emenda nº220, ao apartado Dezaseis.1, de Adición.  
Disposición derradeira terceira

A epígrafe Dezaseis, punto 1, débese engadir *ab initio*, o seguinte texto: "1. Baixo instrumentos de ordenación e xestión forestal vixentes e aprobados polo órgano forestal, o obxecto ..."

---

Emenda nº221, ao apartado Dezaseis.1 c), de Modificación.  
Disposición derradeira terceira





Epígrafe Dezaseis, punto 1, letra c), propónse unha nova redacción para a letra c) desta epígrafe, que terá o seguinte contido:

"c) A comercialización, prestación e/ou produción conxunta de produtos e servizos forestais, a realización e melloras no medio rural, a promoción e desenvolvemento agrarios e a prestación de servizos comúns que sirvan a aquela finalidade."

---

Emenda nº222, ao apartado Dezaseis.1 e), de Adición. Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Dezaseis, punto 1, letra e), logo de: "... estratexias de mitigación ...", débese engadir a seguinte expresión: "... e adaptación ..."

---

Emenda nº223, ao apartado Dezaseis .1 f), de Adición. Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Dezaseis, punto 1, letra f), logo de "A restauración ...", débese engadir a seguinte expresión: "... e conservación ..."

---

Emenda nº224, ao apartado Seis, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Débese suprimir a epígrafe Seis.

---

Emenda nº225, ao apartado Dezaseis.2, de Adición. Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Dezaseis, punto 2, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... , sempre e cando, o fin principal e maioritario deste tipo de agrupacións, tanto superficial como economicamente, sexa a actividade forestal."

---



Emenda nº226, ao apartado Dezasete.2, de Modificación.  
Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Dezasete, punto 2, onde di: "... parte da agrupación forestal cedan ...", debe dicir: "... parte da agrupación forestal deixen establecido en documento que ceden a planificación ..."

---

Emenda nº227, ao apartado Dezaoito.1 e), de Adición.  
Disposición derradeira terceira

Na letra e), punto 1, epígrafe Dezaoito, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "...e a obriga de mantelos ao longo de toda a actividade, e establecer, por parte da Administración, un sistema de control periódico do seu cumprimento."

---

Emenda nº228, ao apartado Dezanove, de Supresión.  
Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Dezanove, punto 1, débese suprimir *in fine* a seguinte frase: "... nas mesmas condicións que o resto de socios propietarios ou titulares de dereitos de uso."

---

Emenda nº229, ao apartado Dezanove.1 bis), de Adición.  
Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Dezanove, débese engadir un novo punto 1 bis, que terá o seguinte contido:

"1 bis. As persoas titulares de parcelas forestais ou de dereito de uso das parcelas situadas ou situadas entre leiras explotadas e xestionadas por unha sociedade de fomento forestal quedan obrigadas a manter unha adecuada xestión forestal da súa propiedade, polo menos ,mediante a adhesión a un modelo silvícola que alcance un nivel de xestión silvícola equiparable ao da sociedade de fomento forestal. O incumprimento desta obriga poderá xustificar o inicio dun procedemento de declaración de parcelas en situación de abandono ou infrautilización, segundo o disposto na lexislación en materia de recuperación das terras agrarias."



---

Emenda nº230, ao apartado Vinte e tres.1d), de Adición.  
Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Vinte e tres, punto 1, débese engadir unha nova letra d), que terá o seguinte contido:

"d) Achegar documentación que acredite a disposición de instrumento de ordenación ou xestión forestal vixente e aprobado polo órgano forestal, de ser necesario a disposición do dito instrumento, ou código de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos outorgados polo órgano forestal."

---

Emenda nº231, ao apartado Vinte, de Adición. Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Vinte, primeiro parágrafo, onde di: "Artigo 122 sexies. Daquelas parcelas en estado de abandono .." Débese engadir logo de: "... actuación de xestión ...", a seguinte palabra: "... forestal ..."

---

Emenda nº232, ao apartado Vinte.1, de Adición. Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Vinte. punto 1, primeira liña, logo de: "... da iniciativa de actuación de xestión ..." , débese engadir a seguinte palabra: "... forestal ..."

---

Emenda nº233, ao apartado Vinte e tres.6, de Adición. Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Vinte e tres, punto 6, débese engadir *ab initio*, o seguinte texto: "No caso de que os terreos forestais dispoñan dun certificado voluntario de xestión forestal sostible, o órgano forestal poderá ..."

---



Emenda nº234, ao apartado Vinte e cinco.2º bis), de Adición.  
Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Vinte e cinco. Artigo 128, letra i), débese crear un novo apartado 3º, que terá o seguinte contido:  
"2º bis. A realización de novas repoboacións forestais sen gardar as distancias mínimas establecidas no anexo 2 a outros terreos, construcións, instalacións e infraestruturas."

---

Emenda nº235, ao apartado Vinte e cinco.1, 2º ter), de Adición.  
Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Vinte e cinco, punto 1, letra i), débese engadir un novo apartado 2º ter, que terá o seguinte contido:

"2 ter. A non adaptación das repoboacións ás distancias sinaladas no anexo 2."

---

Emenda nº236, ao apartado Vinte e cinco.1 ñ) 2º bis), de Adición. Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Vinte e cinco, punto 1, letra ñ) débese engadir un novo apartado 2º bis, que terá o seguinte contido:

"2º bis. O aproveitamentos non-madeireiros (cortiza, resina, etc.), tamén recollidos na Lei de montes galega, e que están sometidos tamén a declaración responsable."

---

Emenda nº237, ao apartado Vinte e cinco.1 ñ) 6º bis), de Adición. Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Vinte e cinco, punto 1, letra ñ), débese engadir un novo apartado 6º bis, que terá o seguinte contido:

"6º bis. A realización de aproveitamentos en agrupacións forestais conxuntas ou outro tipo de agrupación forestal legalmente recoñecida sen dispoñer dun instrumento de ordenación ou de xestión forestal vixente e aprobado pola Administración forestal."

---



Emenda nº238, ao apartado Vinte e sete.1 n), de Adición.  
Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Vinte e sete, "1, letra n), logo de: "O valor da  
madeira ...", débese engadir: " ... ou produtos forestais ..."

---

Emenda nº239, ao apartado Trinta, de Modificación.  
Disposición derradeira terceira

Proponse unha nova redacción para o enunciado da epígrafe  
Trinta, que terá o seguinte contido:

"Trinta. Modifícase a disposición adicional segunda  
engadíndolle a seguinte redacción: "

---

Emenda nº240, ao apartado Trinta e dous.2, de Supresión.  
Disposición derradeira terceira

Débese suprimir o número 2, da epígrafe Trinta e dous.

---

Emenda nº241, ao apartado Trinta e catro.g), de Modificación.  
Disposición derradeira terceira

Na epígrafe Trinta e catro, letra "g), onde d: "g) Os artigos 4, 5  
e 7, ...", debe dicir: "Os artigos 4 e 5 ..."

---

Emenda nº242, ao apartado Un.6 b), de Adición. Disposición  
derradeira cuarta

No parágrafo Un, "6, b) débese engadir logo de: "...  
aproveitamento dos terreos de xeito sustentable e viable ...", o  
seguinte texto: "... mediante a elaboración e desenvolvemento  
dun instrumento de ordenación e xestión forestal a aprobar  
polo órgano forestal e ..."

---







Emenda nº243, ao apartado b), de Adición. Disposición derradeira quinta

Na letra b) débese engdir *in fine* a seguinte frase: "... os montes veciñais de man común e os montes abertais."

---

Emenda nº244, ao apartado I, de Adición. Exposición de motivos

Na epígrafe I, cuarto parágrafo, que comeza por: "A presente lei ten como finalidade ...", logo de: "... agrícola, gandeiro e forestal, ...", débese engadir a seguinte frase: "... ademais da prevención ante o seu abandono ..."

---

Emenda nº245, ao apartado I, de Adición. Exposición de motivos

Na epígrafe I, sétimo parágrafo, que comeza por: "Todas as cuestións devanditas, ...", logo de: "... cunha produción forestal ordenada, ..." débense engadir as seguintes palabras: "... sostible e multifuncional. ..."

---

Emenda nº246, ao apartado II, de Adición. Exposición de motivos

Na epígrafe II, débese engadir un último texto, que terá o seguinte contido:

"Cumpriría elaborar un diagnóstico da estrutura territorial de Galicia, ao non ter este texto lexislativo unha base científica, nin análise dos resultados da normativa que derroga. Seguindo as directrices de técnica normativa aprobadas pola Xunta de Galicia no ano 2014, no apartado 15 di que se deberán destacar os aspectos máis relevantes da tramitación, como consultas efectuadas, principais informes emitidos, audiencia das entidades e sectores afectados, etc... Como non se emitiron informes, e non se deu audiencias ás entidades e sectores afectados, debe quedar reflectido na exposición de motivos desta lei, a absoluta falta de garantías xurídicas do proxecto e a inseguridade xurídica que xera a situación actual, máxime tendo en conta a doutrina do Tribunal Constitucional





na materia obxecto de regulación e as eventuais afeccións á normativa expropiatoria, o que esixiría por un mínimo exercicio de prudencia e responsabilidade que se soliciten os seguintes informes:

- Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia
- Consello Consultivo de Galicia
- Consello de Contas de Galicia como órgano asesor deste Parlamento de Galicia en materia económica financeira.

En segundo lugar, a imprescindible participación social no proxecto, polo que se require os informes á proposición do:

- Consello Económico e Social
- Consello Agrario Galego
- Federación Galega de Municipios e Provincias .

Así mesmo, resulta perentorio a inclusión na exposición de motivos dun diagnóstico da estrutura territorial de Galicia, resulta incongruente un texto legislativo sen a máis mínima base científica, nin análise dos resultados da normativa que vén a derrogar este novo texto."

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 04/03/2021 18:21:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa ás medidas a tomar para mellorar as condicións laborais e salariais do persoal do Sergas.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione diante da problemática das condicións laborais e salariais do persoal do SERGAS.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública é unha conquista social dun servizo esencial que non estamos dispost@ a perder.

O BNG leva anos denunciando as políticas de recortes e deterioro da sanidade pública levadas a cabo polo Partido Popular desde a Xunta e Galiza e demandando unha sanidade pública galega, universal, gratuíta e de calidade.

A pandemia ocasionada polo COVID-19 puxo ao límite o noso sistema sanitario. Evidenciou o preciso que é investir en saúde e as repercusión que ten someter ao sistema sanitario a uns tremendos recortes tanto en termos de recursos económicos como humanos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A pandemia da Covid-19 está a someter á sanidade pública galega a unha proba de esforzo que non está superando, chegou tras anos de recortes e precariedade da sanidade pública galega, anos de escaseza de investimentos, de medidas destinadas ao seu adelgazamento e deterioro, que a levou a problemas estruturais de gran envergadura.

Puxo de relevo que precisamos un sistema sanitario público forte, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan.

A pandemia tamén constatou que o máis valioso que ten a sanidade pública é o seu persoal, @s magnífic@s profesionais, que máis unha vez deron o mellor de si, arriscaron a súa saúde para garantir a saúde da poboación.

Un persoal que leva sufrindo anos de precarización, temporalidade, anos de saturación, que está farto de que se fagan por un lado soflamas de recoñecemento mentres polo outro non se fai nada para cambiar a situación límite na que se atopan.

O último exemplo témolo no anuncio do “Plan de intervención psicosocial para o apoio e atención ao persoal do Sergas” anunciado polo conselleiro para, segundo el, recoñecer o traballo levado a cabo polos máis de 44.000 profesionais do Sergas e atender as posibles repercusións sobre a saúde e o benestar dos traballadores que puidera ter neles a pandemia.

O plan que demandan @s profesionais da sanidade pública galega, o mellor aplauso e recoñecemento é defender os seus dereitos, contratacións estábeis, rematar coa precariedade, repoñer todas as prazas eliminadas coa aplicación da taxa de reposición, en suma unha sanidade pública sen recortes nin privatizacións.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Para isto é preciso empezar por facer unha diagnose certa de cal é a situación actual, para o cal é indispensábel ter información, datos, cousa que non temos pola opacidade coa que actúa a Xunta, pola súa negativa a ter sistema de identificación de prazas, para saber cales son estruturais, cantas están cubertas con persoal eventual e desde cando, con que tipo de contrato (interinidade, acúmulo de tarefas, obra e servizo...), de que duración etc.

Realizar un recoñecemento ao seu traballo é rematar coa discriminación salarial que significa que o persoal do Sergas cobre un complemento específico en menor contía do que se contempla na orde de nóminas da Xunta e polo tanto menos que outro persoal da Xunta, ou a atención continuada que @s coloca á cola do Estado español. Complementos que teñen como obxectivo retribuír a penosidade da prestacións de servizo, traballo a quendas, domingos e festivos, gardas...

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Poñer en marcha de inmediato un sistema de identificación de prazas no Sergas que permita ter unha información clara de cal é a situación actual e real do cadro de persoal do Sergas.

2. Rematar coa política de precariedade e explotación na contratación, ofertando contratos dignos para evitar que sigan marchando profesionais ven cara a privada ou o estranxeiro.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Realizar os contratos pola causalidade que os orixina e por todo o tempo da mesma.

4. Inicie de inmediato todas as actuacións para a equiparación do complemento específico e de atención continuada do persoal do Sergas.”

Santiago de Compostela, 05 de marzo de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/03/2021 13:28:03**

**Iria Carreira Pazos na data 05/03/2021 13:28:09**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/03/2021 13:28:19**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública, ocasionada pola covid-19, a pandemia internacional. A rapidez na evolución dos feitos, a escala nacional e internacional, requiriu a adopción dunha serie de medidas orientadas a protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública, sendo a primeira norma adoptada polo Goberno de España a declaración do estado de alarma recollido no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, seguido doutras normas, sanitarias, económicas e sociais, que perseguen paliar as consecuencias negativas orixinadas como consecuencia desta pandemia da Covid-19.

O dito estado de alarma estivo vixente ata o 21 de xuño, cando as CC.AA recuperaron a xestión da crise sanitaria nos seus territorios, xestión que foi reclamada reiteradamente por varias autonomías, nomeadamente polo presidente Feijóo.

A dita crise sanitaria derivada da covid-19 levou aparellada unha crise económica e unha crise social sen precedentes que van acompañadas ás ondas de propagación do virus que, por desgraza, seguirán azoutándonos ata que se consiga a vacinación da poboación.

As necesarias medidas para conter a propagación do virus, como o confinamento e as restricións á mobilidade, supuxeron un duro impacto na economía no seu conxunto, pero especialmente en determinados sectores como o do comercio, a hostalería, as actividades de ocio e recreativas ou as axencias de viaxes e o turismo, entre outras, que tiveron que paralizar practicamente toda a súa actividade durante varios meses ou aperturas moi limitadas (peche de tendas non esenciais, peche perimetral de fronteiras, prohibición de aglomeración de persoas).

A delicada situación do comercio non é nova, posto que xa antes da chegada do virus o comercio xa clausuraba en Galicia unha media de seis establecementos diarios, por falta de relevo xeracional, exceso de oferta, atomización das grandes cadeas ou a auxe do comercio electrónico; así segundo datos publicados en diversos xornais galegos en 2019 desapareceron 1.073 empresas dedicadas a este sector en Galicia e segundo a Federación Galega de Comercio estímase que entre o 20 % e o 25 % dos negocios poderían pechar ao longo deste 2021.



O Consello Económico e Social é un órgano consultivo institucional da Xunta de Galicia, que se configura como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da Comunidade Autónoma, dándolle voz ás organizacións sindicais e empresariais, aos representantes do sector agrario e pesqueiro, aos consumidores e ás tres universidades galegas e no último ano tamén á incorporación da economía social.

Entre as funcións do Consello Económico e Social de Galicia, segundo se recolle na súa Lei de creación, están o de elaborar informes, por iniciativa propia ou a petición da Xunta, sobre a realidade socioeconómica da Comunidade ou sobre plans ou programas de desenvolvemento dela.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que solicite ao Consello Económico e Social de Galicia a elaboración dun informe sobre a situación do comercio galego, así como as súas recomendacións de futuro para que poida saír desta crise.

Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/02/2021 18:31:55**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 25/02/2021 18:32:07**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 25/02/2021 18:32:20**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 25/02/2021 18:32:32**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á situación do persoal de enfermaría do servizo de reanimación-covid do CHUO.

### Exposición de motivos

O pasado día 25 de febreiro de 2020 coñecíanse novas denuncias de precariedade, falta de diálogo e medidas erráticas no Complexo Hospitalario de Ourense. Profesionais do servizo de enfermaría que traballan no servizo de Reanimación-COVID denunciaban estar sometidos a situacións de risco debido ao erróneo desenvolvemento da “desescalada” da unidade.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego temos denunciado a falta estrutural de persoal do servizo de Reanimación antes da irrupción da pandemia da covid-19. Neste sentido, é necesario recordar que ordinariamente a unidade de Reanimación do CHUO xa atendía a totalidade de doentes críticos cirúrxicos e politraumatizados de Ourense e mesmo era habitual que acollesen pacientes do sur de Lugo. Esta unidade contaba cunha dotación de 12 camas ampliábeis até 14 mais a falta de persoal levaba ao incumprimento das directrices do Ministerio de Sanidade dunha enfermeira para cada dous doentes críticos.

Coa pandemia da covid-19 e as súas diferentes vagas, baixo o punto de vista deste Grupo Parlamentario e de numerosos colectivos profesionais e sindicais, non se





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

tomaron as medidas adecuadas de reforzo de persoal e medios. A mellor mostra disto é que na terceira vaga de comezos de 2021, despois de case un ano de aprendizaxe da abordaxe da covid-19 o CHUO tivese que volver pechar quirófanos para abrir camas e mesmo derivar casos á sanidade privada e a outros hospitais públicos.

Nun comunicado público a finais de febreiro as e os traballadores de enfermaría denuncian que son obrigados a permanecer na unidade durante a súa limpeza e desinfección para o regreso á “normalidade”. É necesario recordar que nas anteriores desescaladas da citada unidade, na 1º e 2ª vaga Covid-19 para volver atender doentes críticos non covid, a desinfección realizouse unha vez esta unidade non estaba xa ocupada, con criterios máis lóxicos de seguridade tanto para os doentes coma para traballadores. Porén, desta volta, e a pesares dos avisos da enfermaría da unidade, e das recomendacións do propio persoal da limpeza, ante a xerencia, dirección médica e medicina Preventiva e da petición fun aprazamento ata o baleirado da unidade, estas queixas foron desbotadas, e mediante un documento emitido pola dirección obrígase a realizalo, sen posibilidade de discusión, sen formación nin información previa.

As e os traballadores recordan que a volta da unidade ao tratamento de doentes non covid require dunha limpeza exhaustiva e profunda de todas as zonas, de gran cantidade de medicación e materiais e de elementos á vez que obriga a modificar sobre a marcha os circuítos implantados de circulacións e eliminación de residuos, mentres o persoal de enfermaría principalmente, e resto de persoal (que non precisa de permanecer na unidade de xeito permanente), presta os seus servizos. Esta situación é ilóxica, pois expón ás e aos traballadores a unha situación de estrés engadida ao alto grado de responsabilidade diario, máis aínda na situación de pandemia, ao expoñelos a importantes riscos. É ademais unha exposición a riscos tamén de índole física e biolóxica, polas posibilidades de contaminación ou intoxicación polos materiais que se empregan na limpeza. Denuncian, así mesmo, que esta desorganización xa comezou a producir danos físicos na saúde de profesionais, que causaron baixa laboral. Así mesmo,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

o persoal comezou a denunciar ante a inspección laboral, por vulneración das elementais normas de seguridade e saúde no traballo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas efectivas para evitar as consecuencias negativas da falta de diálogo entre a Xerencia e o persoal do CHUO así como da falta de persoal no servizo de enfermaría, nomeadamente de reanimación e/ou reanimación covid, constituído para tal efecto unha mesa de diálogo cos traballadores e traballadores de cara a negociar e acordar a ampliación de persoal e as condicións de activación e desactivación de novas unidades para a abordaxe da covid establecendo protocolos claros e acordos ás necesidades de seguridade e saúde laboral.”

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/02/2021 19:06:54**

**Iria Carreira Pazos na data 25/02/2021 19:07:08**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/02/2021 19:07:19**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/02/2021 19:07:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/02/2021 19:07:36**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre o proxecto de comarcalización do servizo municipal de extinción de incendios e salvamento de Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Especial Comisión de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galiza, constituída no Parlamento de Galiza na pasada lexislatura, no seu ditame final recomendaba

“A comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades, coa finalidade de reducir considerablemente os tempos de resposta ás emerxencias nas súas áreas metropolitanas”.

Asemade, en cumprimento do ditame da referida Comisión Especial, designouse un grupo de expertos para a elaboración de propostas para mellorar a loita contra os incendios en Galiza concluindo na necesidade de primar a profesionalidade do servizo público de extinción de incendios, na maior coordinación dos servizos de extinción en torno a un mando único, así como prestar atención a zona sur de Galiza por existir nas próximas décadas un maior risco de incendios.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Recentemente o Goberno Galego ven manifestar unha teórica vontade de comarcalización do servizo municipal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Ourense, alegando como única causa do atraso an formalización do proceso de comarcalización era debido á negativa do goberno central a ceder na elevación na taxa de reposición que permitise ao servizo de extinción incrementar o seu cadro de persoal. Cadro de persoal que xa a día de hoxe non é abondo para cubrir as necesidades do concello de Ourense, e xa que logo, moito menos o sería para ás que se podan xerar coa comarcalización da prestación de extinción de incendios e salvamento.

Xa que logo das manifestacións do goberno galego se desprende a existencia dun proxecto de comarcalización xa acordado e pactado co resto das Administracións implicadas, no que presuntamente estaría determinado a extensión territorial, os medios e recursos materiais e persoais que cumprirían para a implantación comarcal do servizo municipal de Ourense de extinción de incendios e salvamento.

Como queira que non consta o eventual acordo e proxecto de comarcalización, nin tampouco o procedemento e interlocución seguido para a súa celebración, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar e, previa interlocución coas organización sociais e sindicais máis representativas, aprobar o proxecto de comarcalización do servizo municipal de Ourense de extinción de incendios e salvamento.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. Coordinar os servizos de extinción de incendios comarcalizados e os que formen parte de consorcios provinciais, promovéndose, en todos os casos, a xestión pública directa do servizo.”

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**María González Albert**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/02/2021 10:27:44**

**Noa Presas Bergantiños na data 26/02/2021 10:28:01**

**María González Albert na data 26/02/2021 10:28:13**

**Xosé Luis Bará Torres na data 26/02/2021 10:28:24**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a oferta dos máster de profesorado no Sistema Universitario Galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica de Educación do 3 maio de 2006 establece nos seus artigos 94,95,96 a obrigatoriedade de estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica para poder exercer a docencia na educación secundaria, no bacharelato, na formación profesional e nas ensinanzas de idiomas.

Así mesmo, o 8 de novembro do ano 2008 publicábase o real decreto 1834/2008 polo que se definían as condicións de formación para o exercicio da docencia no ensino obrigatorio, no bacharelato, na FP e nas ensinanzas de réxime especial. Neste real decreto, que foi modificado polo real decreto 665/2015 nalgunha das súas disposicións, establecíase no artigo 9, relativo á formación pedagóxica e didáctica do profesorado, o seguinte ” Para exercer a docencia na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato, na formación profesional e na ensinanza ensinanza de idiomas, será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica”

Da mesma maneira a Consellaría de Educación, Universidade e formación profesional na orde do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos







BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

selectivos ao corpo de profesores, no artigo 2.3.1 apartado b establecía como requirimento indispensable para participar nos procesos selectivos o seguinte:

*“Posuír a formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Con carácter xeral, reunirá este requisito quen posúa o título oficial de máster universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas. A especialidade que conste no citado título facultará para a presentación do persoal aspirante en calquera especialidade.”*

É polo tanto evidente que segundo o establecido na lexislación educativa, a formación pedagóxica e didáctica do profesorado é un requisito básico e obrigatorio para o profesorado poder exercer as súas funcións no ensino galego.

Mais a pesar de ser a formación pedagóxica e didáctica conditio sine qua non no acceso á función docente e mesmo, en moitas titulacións, ser esta saída practicamente a única alternativa laboral para o estudantado desas carreiras, o sistema universitario galego mantén dende hai anos unha oferta educativa tan cativa e insuficiente nos máster de acreditación de formación didáctica e pedagóxica que obriga ao alumnado a teren que se desprazar fóra do país e a matricularse en universidades privadas para poder exercer a docencia en Galiza.

Hoxe por hoxe, a oferta educativa do master de profesorado nas universidades galegas é dun total de 765 prazas para todas as especialidades que se distribúen do seguinte xeito nas diferente cidades: 200 en Compostela, 80 en Lugo, 180 en Vigo, 48 en Pontevedra, 52 en Ourense e 225 na Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Así pois, esta raquítica oferta educativa que expulsa do sistema educativo galego a centos de alumnas e alumnos amosa a súa absoluta insuficiencia cando estes datos dos mestrados se poñen en relación coa demanda de prazas dos aspirantes, ou mesmo coas prazas de ensino ofertadas neste ano. No ano 2020 a Xunta ofertou un total de 1174 prazas para 765 prazas de máster do profesorado. Con esta oferta fica de manifesto que por cada 17 prazas que saca a concurso-oposición a Consellaría tan só hai 11 de mestrado. Ou dito doutro xeito, por cada 100 prazas de oposición tan só hai 65 de mestrado.

Pero alén dos datos relativos, non podemos tampouco obviar que debaixo desta media agóchanse realidades de titulacións que teñen como saída prioritaria a docencia e na que a oferta de prazas dos máster é de apenas 35 prazas en todo o país; cando a demanda de cada promoción duplica mesmo as prazas ofertadas.

Dende o BNG entendemos que esta raquítica oferta de prazas supón unha anomalía intolerábel no ensino público galego. Unha eiva na formación dos nosos profesores que obriga en tantas ocasións ás nosas mozas e mozas a teren que cursar o seus estudos fóra, en Universidades privadas, as máis das veces, e cuns custes económicos ao que moitas familias simplemente non poden facer fronte.

Pero ademais, supón tamén un contrasentido pedagóxico e educativo, o feito de que a Xunta de Galiza obligue a formarse en sistemas universitarios de fóra a profesorado que aspira a exercer o seu labor docente no noso país. Un contrasentido que rompe coas correntes didácticas e pedagóxicas modernas e que descontextualizada o proxecto educativo.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a incrementar a oferta educativa nos máster acreditativos da formación pedagóxica e didáctica no Sistema Universitario Galego, cunha oferta de prazas que garanta as necesidades educativas do noso país.”

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Manuel Lourenzo Sobral**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 26/02/2021 12:37:40**

**Mercedes Queixas Zas na data 26/02/2021 12:37:49**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/02/2021 12:38:00**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública, ocasionada pola Covid-19, a pandemia internacional. A rapidez na evolución dos feitos, a escala nacional e internacional, requiriu a adopción dunha serie de medidas orientadas a protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública, sendo a primeira norma adoptada polo Goberno de España a declaración do estado de alarma recollido no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, seguido doutras normas, sanitarias, económicas e sociais, que perseguen paliar as consecuencias negativas orixinadas como consecuencia desta pandemia da Covid-19.

O dito estado de alarma estivo vixente ata o 21 de xuño, cando as CC.AA recuperaron a xestión da crise sanitaria nos seus territorios, xestión que foi reclamada reiteradamente por varias autonomías, nomeadamente polo presidente Feijóo.

A dita crise sanitaria derivada da Covid-19 levou aparellada unha crise económica e unha crise social sen precedentes que van acompañadas ás ondas de propagación do virus que, por desgraza, seguirán azoutándonos ata que se consiga a vacinación da poboación.

As necesarias medidas para conter a propagación do virus, como o confinamento e as restricións á mobilidade, supuxeron un duro impacto na economía no seu conxunto, pero especialmente en determinados sectores como o do comercio, a hostalería, as actividades de ocio e recreativas ou as axencias de viaxes e o turismo, entre outras, que tiveron que paralizar practicamente toda a súa actividade durante varios meses ou con aperturas moi limitadas.



A hostalaría é un dos sectores máis afectados, debido fundamentalmente á redución de aforos e horarios, contención dos gastos por parte das familias, medo ao contacto social e os peches perimetrais, así segundo os datos publicados polo IGE no seu Informe sobre os indicadores de actividade e de VEB do sector servizos, o indicador de actividade do sector da hostalaría rexistrou unha caída no mes de decembro do 56,8 % respecto do mesmo mes do ano anterior, sendo un dos sectores que experimenta a maior caída, reducíndose paralelamente a cifra de negocio nun 47,9 % e cunha perda do 13,5 % do persoal ocupado no sector, dúas décimas por riba do conxunto do Estado.

O Consello Económico e Social é un órgano consultivo institucional da Xunta de Galicia, que se configura como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da Comunidade Autónoma, dándolle voz ás organizacións sindicais e empresariais, aos representantes do sector agrario e pesqueiro, aos consumidores e ás tres universidades galegas e no último ano tamén á incorporación da economía social.

Entre as funcións do Consello Económico e Social de Galicia, segundo se recolle na súa Lei de creación, están o de elaborar informes, por iniciativa propia ou a petición da Xunta, sobre a realidade socioeconómica da Comunidade ou sobre plans ou programas de desenvolvemento dela.

A Xunta de Galicia vai encomendar ao Consello Económico e Social de Galicia a elaboración dun informe sobre a situación da hostalaría en Galicia que teña en conta a situación pre-Covid e a situación actual, así como as axudas e tipo de axudas recibidas das distintas administracións públicas, e que inclúa recomendacións de futuro para que poidan saír desta crise.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite do Consello Económico e Social de Galicia a elaboración dun informe sobre a situación da hostalaría en Galicia que teña en conta a situación pre-Covid, a situación actual, así como as axudas e o tipo delas recibidas das distintas administracións públicas, e que inclúa recomendacións de futuro para que poidan saír desta crise.

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2021





**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/02/2021 13:41:00**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 26/02/2021 13:41:17**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 26/02/2021 13:41:29**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 26/02/2021 13:41:40**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

A Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública, ocasionada pola Covid-19, a pandemia internacional. A rapidez na evolución dos feitos, a escala nacional e internacional, requiriu a adopción dunha serie de medidas orientadas a protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública, sendo a primeira norma adoptada polo Goberno de España a declaración do estado de alarma recollido no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, seguido doutras normas, sanitarias, económicas e sociais, que perseguen paliar as consecuencias negativas orixinadas como consecuencia desta pandemia da Covid-19.

O dito estado de alarma estivo vixente ata o 21 de xuño, cando as CC.AA recuperaron a xestión da crise sanitaria nos seus territorios, xestión que foi reclamada reiteradamente por varias autonomías, nomeadamente polo presidente Feijóo.

A dita crise sanitaria derivada da Covid-19 levou aparellada unha crise económica e unha crise social sen precedentes que van acompañadas ás ondas de propagación do virus que, por desgraza, seguirán azoutándonos ata que se consiga a vacinación da poboación.

As necesarias medidas para conter a propagación do virus, como o confinamento e as restricións á mobilidade, supuxeron un duro impacto na economía no seu conxunto, pero especialmente en determinados sectores como o do comercio, a hostalería, as actividades de ocio e recreativas ou as axencias de viaxes e o turismo, entre outras, que tiveron que paralizar practicamente toda a súa actividade durante varios meses ou con aperturas moi limitadas.



A hostalaría é un dos sectores máis afectados, debido fundamentalmente á redución de aforos e horarios, contención dos gastos por parte das familias, medo ao contacto social e os peches perimetrais, así segundo os datos publicados polo IGE no seu Informe sobre os indicadores de actividade e de VEB do sector servizos, o indicador de actividade do sector da hostalaría rexistrou unha caída no mes de decembro do 56,8 % respecto do mesmo mes do ano anterior, sendo un dos sectores que experimenta a maior caída, reducíndose paralelamente a cifra de negocio nun 47,9 % e cunha perda do 13,5 % do persoal ocupado no sector, dúas décimas por riba do conxunto do Estado.

O Consello Económico e Social é un órgano consultivo institucional da Xunta de Galicia, que se configura como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da Comunidade Autónoma, dándolle voz ás organizacións sindicais e empresariais, aos representantes do sector agrario e pesqueiro, aos consumidores e ás tres universidades galegas e no último ano tamén á incorporación da economía social.

Entre as funcións do Consello Económico e Social de Galicia, segundo se recolle na súa Lei de creación, están o de elaborar informes, por iniciativa propia ou a petición da Xunta, sobre a realidade socioeconómica da Comunidade ou sobre plans ou programas de desenvolvemento dela.

A Xunta de Galicia vai encomendar ao Consello Económico e Social de Galicia a elaboración dun informe sobre a situación da hostalaría en Galicia que teña en conta a situación pre-Covid e a situación actual, así como as axudas e tipo de axudas recibidas das distintas administracións públicas, e que inclúa recomendacións de futuro para que poidan saír desta crise.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite do Consello Económico e Social de Galicia a elaboración dun informe sobre a situación da hostalaría en Galicia que teña en conta a situación pre-Covid, a situación actual, así como as axudas e o tipo delas recibidas das distintas administracións públicas, e que inclúa recomendacións de futuro para que poidan saír desta crise.

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2021







**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/02/2021 13:40:08**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 26/02/2021 13:40:23**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 26/02/2021 13:40:34**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 26/02/2021 13:40:43**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

A Lei 7/2011 de turismo de Galicia, do 27 de outubro, recolle no seu artigo 23 o concepto de xeodestinos turísticos, que define como *"as áreas ou os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseado nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais."* O artigo sinala que será *"a consellería competente en materia de turismo"* a encargada de definir estes xeodestinos, previa consulta cos concellos e *"as entidades supramunicipais interesadas"*.

De acordo con este marco legal, a Xunta de Galicia presentou o 30 de novembro de 2011 o mapa de xeodestinos de Galicia. Neste acto mediático, protagonizado polo presidente da Xunta de Galicia, déronse a coñecer 14 xeodestinos: Rías Altas, Costa da Morte, Terras de Santiago, Mariña Lucense, Lugo e Terra Chá, Ancares - Courel, Ribeira Sacra, O Ribeiro, Terras de Ourense-Allariz, Celanova-Limia, Verín-Viana, Manzaneda -Trevinca, Rías Baixas e Deza-Tabeirós.

Desgraciadamente, o ritmo de traballo arredor dos xeodestinos que a Xunta de Galicia amosou no 2011 - Lei de turismo en outubro, mapa en novembro - non veu acompañada dun desenvolvemento normativo posterior. E a actuación da Xunta de Galicia xerou tanto queixas dos concellos como amplas dúbidas da situación real dos xeodestinos.

O escaso tempo transcorrido entre a presentación da lei e o mapa, fai albergar dúbidas razoables acerca de se a Xunta de Galicia - como dixo daquela - tivo oportunidade de contar coa opinión de todos os concellos de Galicia. Ademais, o mapa de xeodestinos nunca foi elevado á categoría de documento oficial. Non foi obxecto de publicación no DOG. A pesares diso, o mapa foi revestido de oficialidade e, de feito, é o documento que a propia Xunta de Galicia vén tendo en conta á hora de distribuír as axudas públicas aos xeodestinos.

En outubro de 2019 o Concello da Pobra de Trives presentou un escrito no Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra no que solicitaba a incorporación do Concello da Pobra de Trives neste consorcio para pertencer ao xeodestino Ribeira



Sacra. Esta solicitude aprobouse por unanimidade no seu Pleno o 29 de xullo de 2019.

O 14 de novembro de 2019 a Xunta de Galicia achega unha consulta sobre a proposta de modificacións do mapa de xeodestinos turísticos de Galicia, para que nun prazo de 15 días os concellos realicen alegacións, observacións ou achegas que consideren oportunas.

O Concello da Pobra de Trives comunícalle a Turismo de Galicia en decembro de 2019 a súa conformidade con estar incluído no xeodestino da Ribeira Sacra. Actualmente, esta vila está no xeodestino Manzaneda-Trevinca e xa amosou en diversas ocasións a súa intención de mudar de xeodestino.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a formalizar no primeiro semestre deste ano o cambio do xeodestino Manzaneda-Trevinca solicitado polo Concello da Pobra de Trives ao xeodestino Ribeira Sacra.

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 26/02/2021 13:34:34**

**Martín Seco García na data 26/02/2021 13:34:45**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 26/02/2021 13:34:58**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 26/02/2021 13:35:11**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a atención sanitaria en Cerdedo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A atención sanitaria en Cerdedo vén sufrindo nos últimos tempos un continuo proceso de deterioro, degradación, precarización e supresión de servizos. Debido a que non se cobren as baixas do único médico do centro de saúde, a veciñanza non conta con atención todos os días da semana. Por outra parte, non existe servizo de pediatría e para atender nenos e nenas é preciso desprazarse até Tenorio ou Forcarei. Ademais, coa excusa da pandemia practicamente non hai atención presencial e dáse un abuso da atención telefónica.

En contra dos discursos oficiais de promoción dos investimentos e servizos no rural, a realidade é que se reducen continuamente as prestacións en xeral e nun servizo fundamental como é o da saúde. Con este proceder do goberno da Xunta, vivir no rural estase a converter nunha cuestión de vontade decidida e de heroísmo, o que explica os procesos de abandono e despoboación que caracterizan a moitos concellos do interior do noso país.

Esta situación de deterioro e de supresión de servizos básicos foi reiteradamente denunciada pola veciñanza de Cerdedo, sen que por parte da Xunta e do Concello se





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

adoptasen as medidas necesarias para corrixila. É por iso que o pasado 26 de febreiro un grupo de veciñas e veciños organizaron unha concentración diante do centro de saúde como mostra de protesta. Neste acto reivindicativo fixeron públicas as seguintes demandas:

- Atención sanitaria presencial.
- Médico/a todos os días e con dedicación exclusiva.
- Servizo de pediatría.
- Mellora na atención de urxencias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dotar dunha atención sanitaria digna a veciñanza de Cerdedo mediante a aplicación das seguintes medidas: atención sanitaria presencial, mellora da atención das urxencias, creación do servizo de pediatría e cubrición das baixas para garantir a atención médica todos os días.”

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**  
**Iria Carreira Pazos**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 01/03/2021 09:56:55**

**Iria Carreira Pazos na data 01/03/2021 09:57:04**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/03/2021 09:57:14**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Daniel Pérez López** e deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a área protexida dos Penedos de Pasarela e Traba, entre os concellos de Vimianzo e Laxe.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por medio do Decreto 294/2008, a Xunta de Galiza declarou paisaxe protexida os Penedos de Pasarela e Traba. Esta figura de protección, contemplada na lei 9/2001 de conservación da natureza, viuse reforzada pola lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade, e pola lei 7/2008 da paisaxe de Galiza. Nesta norma establécese que “a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega por canto trascende os eidos ambientais, culturais, sociais e económicos.

O decreto 294/2008 describe do seguinte xeito os Penedos de Pasarela e Traba:

*“O macizo de Pasarela e Traba está constituído por un conxunto de elevacións graníticas situadas no noroeste da Comunidade Autónoma de Galicia, en plena Costa da Morte, entre os concellos de Vimianzo e Laxe, na provincia da Coruña. A parroquia vimiancesa de Pasarela eríxese no seu referente poboado polo sur, mentres que polo norte se acha o extenso val laxense de Traba e a aldea de Cabanela, da propia parroquia de Traba. Os límites entre os concellos de Vimianzo e Laxe dividen este macizo en dúas partes de similar extensión. Ao norte sitúase o territorio de Laxe, cunha superficie próxima ás 103 hectáreas e ao sur o de Vimianzo, cunha superficie*



*aproximada de 109 hectáreas, o que suma unha superficie total de 212 hectáreas aproximadamente. O límite atravesa as elevacións case en dirección oeste-leste, aproximadamente pola Galla da Pena Forcada, na parte central da dorsal que constitúe o cerne da unidade elevada. Deixa ao norte as áreas da Torre da Moa e a Pena Forcada e, ao sur, as formas dómicas da Pedra da Cachucha e as elevacións máis meridionais. Ambos os dous concellos comparten as unidades deprimidas ao leste e ao oeste da dorsal elevada.*

*A combinación de formas rochosas que presentan os Penedos de Pasarela e Traba conforma unha paisaxe singular que destaca pola súa beleza. A dorsal que se alonga desde a Cachucha ata a Torre de Moa, pasando pola Pena Forcada, forma un impresionante pano de fondo visible tanto desde a localidade de Pasarela como, dun xeito especial, desde a área de Traba. **Postos no areal que cerra a lagoa, pódese contemplar unha das paisaxes máis fermosas da costa de Galicia.***

O artigo 9 do decreto establece que se elaborará “un plan de acción da paisaxe para a protección, xestión e ordenación da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba. Este plan de acción da paisaxe integrarase no plan de conservación da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba que elabore a consellaría competente en materia de medio ambiente.

O Plan de acción da paisaxe axustarase ás determinacións contidas nas directrices da paisaxe para os Penedos de Pasarela e Traba elaboradas pola consellaría competente en materia de ambiente, conforme os obxectivos de calidade paisaxística establecidos e incluírá, ademais, unha proposta de medidas para o mantemento, a mellora, a recuperación e rexeneración da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba”.







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A disposición adicional primeira establece que no prazo de dous anos a partir da publicación do decreto (xaneiro de 2009), “a consellaría competente en materia de ambiente aprobará o plan de conservación da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba”.

Transcorridos 12 anos desde a declaración, a Xunta aínda non aprobou o citado plan de conservación, o que demostra un absoluto desleixo e desprezo pola protección e pola conservación da paisaxe.

No ano 2019 entrou en vigor a lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza, que recolle as paisaxes protexidas como unha das categorías dos espazos naturais. De acordo co artigo 27, “as paisaxes protexidas son espazos que, polos seus valores naturais, estéticos e culturais e de acordo co Convenio da paisaxe do Consello de Europa, sexan merecedores dunha protección especial”. Esta norma establece a obriga de aprobar un plan de xestión, así como a posibilidade de aprobar un plan de ordenación dos recursos naturais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar e aprobar no presente ano 2021 o Plan de xestión e o Plan de ordenación dos recursos naturais da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba.
2. Colaborar cos concellos de Vimianzo e Laxe na protección, divulgación e dinamización desta paisaxe protexida





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Paralizar cautelarmente e denegar as autorizacións das infraestruturas e instalacións industriais que atenten contra os valores naturais, estéticos ou culturais dos Penedos, nomeamente no caso de parques eólicos previstos na contorna ou nas proximidades desta paisaxe protexida.”

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 01/03/2021 10:13:57**

**Daniel Pérez López na data 01/03/2021 10:14:08**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/03/2021 10:14:19**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a seguridade viaria da AC-550 ao seu paso polo concello de Noia.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de outubro, este grupo parlamentario rexistraba varias iniciativas referidas á estrada AC-550 ao seu paso polo termo municipal de Noia. Nomeadamente, nos lugares de Boa, ao sur do municipio, e nos de Orro, Vilanova e Eiroa, no outro extremo do concello.

Nos dous casos, a veciñanza leva anos denunciando a inseguridade viaria e a falla de pasos de peóns, cuxa inexistencia pon en risco mesmo a súa vida ao cruzar a AC-550, polo que as actuacións a este respecto fanse non só indispensábeis senón tamén urxentes por parte da administración autonómica, titular da vía mencionada.

A pregunta de outubro foi respondida tres meses despois, o 29 de decembro, por parte da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade, constatando que nos últimos anos a solicitude de novos pasos de peóns foi recorrente, tanto por parte da administración local como da propia veciñanza.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Mais a Consellaría entende que a súa habilitación nos casos citados “non cumpre os requisitos fixados pola normativa”.

Para este grupo parlamentario, a resposta da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade é confusa e carece de concreción, xa que enumera unha serie de condicións para a habilitación de pasos de peóns na AC-550 ao seu paso por Noia sen explicar -de todos os propostos- cal ou cales son os que non cumprirían os requisitos técnicos exixidos.

Coa intención de comprobar o cumprimento ou non das condicións que se nos comunicaron, temos visitado de novo a zona, consultado a normativa vixente e realizado medicións sobre plano en dúas zonas concretas onde os pasos de peóns son necesarios e poderían ser axeitadas para habilitalos.

O primeiro sitúase nas inmediacións dunha marquesiña próxima á vivenda número 47 da estrada de Orro en Noia, exactamente nas coordenadas 42.806811, -8.885633. O segundo sitúase diante do establecemento “Hostal Singapore”, da parroquia noiesa de Boa, exactamente nas coordenadas 42.777743, -8.929580.

Nos dous casos, estamos a falar de percorridos amplamente iluminados, no que a velocidade máxima permitida para o tránsito de vehículos é de 50 km./h., onde o aparcamento está restrinxido en ambas direccións dos potenciais pasos de peóns, con beirarrúas en ambas marxes da estrada e cunha recta de 240 e 260 metros respectivamente, na que se cumprirían sobradamente os requisitos para a visibilidade de parada.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Levar a cabo un estudo pormenorizado e a redacción dun informe concreto sobre estes puntos no que se detallen as actuacións necesarias para que se podan habilitar pasos de peóns seguros.
2. Levar a cabo as actuacións necesarias para que estes pasos de peóns podan ser habilitados coas máximas garantías.
3. Habilitar pasos de peóns nos dous puntos citados nos lugares de Orro e Boa ao paso da AC-550 polo municipio de Noia.”

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Rosana Pérez Fernández na data 01/03/2021 13:02:36**

**Paulo Ríos Santomé na data 01/03/2021 13:02:48**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/03/2021 13:02:54**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Leticia Gallego Sanromán, Isaura Abelairas Rodríguez e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Na primeira metade de 2020 foi a contratación máis baixa para a industria naval nun cuarto de século. A covid-19 reduciu á metade a actividade dun sector que xa amosara síntomas de fatiga nos meses anteriores en todo o mundo.

O sector naval civil, na área da ría de Vigo, vén arrastrando dende hai tempo un longo e grave conflito, que afecta duramente a traballadores e a pequenos empresarios. Cando menos, 18 empresas auxiliares do sector naval na área de Vigo víronse afectadas gravemente polos nos pagamentos das principais empresas do sector. Estas empresas auxiliares suman débedas por máis de 20 millóns de euros e moitos traballadores na rúa.

Esta situación provocou que neste momento moitos deses pequenos empresarios teñan as súas propiedades embargadas e sen ningunha posibilidade de poder retomar a actividade empresarial coas débedas acumuladas.

Sabemos que estamos ante un conflito de carácter mercantil, e pensamos que a Xunta de Galicia debería mostrar unha mínima sensibilidade cos problemas destes traballadores e pequenos empresarios. O sector naval está en crise e a Xunta de Galicia ten que poñer unha solución inmediata ao sector naval galego.

O Grupo Parlamentario Socialista é plenamente consciente dos efectos económicos e sociais que suporía a desaparición das auxiliares do sector naval para Vigo e para Galicia, sería a perda de centos de empregos en Vigo e bisbarra.

Por iso demandámoslle a Xunta de Galicia que é a que ten competencias en industria, como recolle o Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 30.1.2, que poña todos os mecanismos que ten a súa disposición para salvar aos traballadores do sector naval.

O naval é un sector estratéxico para a economía galega, tanto na construción como na súa industria auxiliar. É un sector fundamental para o desenvolvemento de Vigo e de Galicia.



Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Establecer unha canle de axudas para os traballadores, traballadoras e pequenos empresarios da industria auxiliar naval na área da Ría de Vigo.

2º) Analizar conxuntamente cos afectados da industria auxiliar naval na área da Ría de Vigo as vías para resolver a problemática que padecen.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 01/03/2021 13:33:49**

**María Isaura Abelairas Rodríguez na data 01/03/2021 13:33:57**

**Martín Seco García na data 01/03/2021 13:34:10**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 01/03/2021 13:34:24**







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas Mercedes Queixas Zas e Carme González Iglesias e deputados Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, en demanda de denegación de autorización dos dous novos proxectos eólicos proxectados na contorna da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba, declarada polo Decreto 294/2008.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 294/2008 declarou paisaxe protexida os Penedos de Pasarela e Traba e o establecemento dun réxime de protección especial para este senlleiro espazo natural.

A paisaxe dos Penedos de Pasarela e Traba quedaba así incluída na Rede galega de espazos protexidos. Representa unha superficie aproximada de 212 hectáreas e esténdese polos concellos de Vimianzo e Laxe, no corazón da Costa da Morte, na provincia da Coruña, converténdose nun espazo natural de relevancia única.

A combinación de formas rochosas que presentan os Penedos de Pasarela e Traba conforma unha paisaxe singular que destaca pola súa beleza. A dorsal que se alonga desde a Cachucha ata a Torre de Moa, pasando pola Pena Forcada, forma un impresionante pano de fondo visible tanto desde a localidade de Pasarela como, dun xeito especial, desde a área de Traba. Postos no areal que cerra a lagoa, pódese contemplar unha das paisaxes máis fermosas da costa galega.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Os valores culturais dos penedos sempre foron un elemento singular nas paisaxes galegas, verdadeiros fitos aos que se asocian desde lendas e tradicións ata poderes curativos. Por iso, os penedos non son unicamente pedras amorfas e sen valor; son, fundamentalmente, elementos figurativos, perceptuais e culturais das paisaxes.

No caso concreto de Pasarela, no seu conxunto, os penedos resaltan na paisaxe, sendo a Pena Forcada e a Torre da Moa os dous elementos máis visibles, a modo de agullas que se alongan cara ao ceo; a escala de detalle encadéase un conxunto de mesoformas, realmente extraordinario, no cal é posible admirar tanto formas zoomórficas como xeométricas ou antropomórficas dun gran valor que xera un espazo singular, sendo precisamente esta singularidade a que debe levar a pór en marcha unha política de protección integral.

Á parte do seu valor estético ou paisaxístico, as formas teñen un enorme valor científico porque permiten coñecer cal foi a evolución da paisaxe e, consecuentemente, como se poden someter aos instrumentos de planificación ou plans de conservación. O macizo dos Penedos de Pasarela e Traba reúne, por tanto, os valores necesarios para ser conservado íntegro no seu conxunto desde a protección como paisaxe protexida.

A protección e a conservación do noso patrimonio natural é un mandado recollido no artigo 45 da Constitución e unha necesidade para asegurar a supervivencia dos nosos ecosistemas. As características e os singulares valores naturais, estéticos e culturais que presentan os Penedos de Pasarela e Traba son merecentes dunha protección especial e xustifican plenamente a súa declaración como paisaxe protexida.

É por iso que o Decreto 294/2008 ditaminou que no prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor, o goberno galego debía aprobar o plan de conservación da paisaxe





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

protexida dos Penedos de Pasarela e Traba, que inxustificadamente o goberno galego nunca chegou a presentar.

Ademais, a zona afectada estaría incluída dentro da Ampliación da Rede Natura 2000, que tamén quedou conxelada dende o ano 2011.

Esta espectacular formación de penedos graníticos esculpados pola meteorización xa se viron ameazados co intento de explotación dunha canteira sobre eles.

Hoxe a ameaza son dous proxectos eólicos, o do Monte Chan e o da Pena dos Mouros. O primeiro, na zona sur do val, contempla a instalación de 9 aeroxeneradores que acadarían unha potencia global de 46,2MW. O segundo tería 7 turbinas máis, cun total de 35 MW de potencia.

Algún dos aeroxeradores instalaranse no interior da Paisaxe Protexida, moi perto da Cachucha (1) e da Torre da Moa (2), tal e como se indica na memoria presentada pola empresa EDP Renovables, e os demais ocuparían o conxunto das serras impactando no lugar e no ecosistema da Paisaxe Protexida, o que se traduce nun dano irreparábel para a conservación esta.

Ademais, estes proxectos eólicos poderían afectar tamén á Zona de Especial protección dos Valores Naturais (ZPVN), Zona de Especial Conservación (ZEC) e Zona de Especial protección de Aves (ZEPA) “Costa da Morte”.

As alegacións presentadas polo BNG de Laxe advirte doutras múltiples vulneracións derivadas da construción destes dous parques eólicos:

- O Parque de Pena dos Mouros vulnera de xeito “flagrante” a Directiva Europea 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

con “impacto ambiental severo” en canto a “afección aos recursos hídricos”, xa que se sitúa “na confluencia de tres concas: as concas costeiras (verten directamente ao mar) de Costa da Morte e Río de Traba; e unha interior, a do Río Grande

- O Parque Monte Chan tamén vulnera a Directiva Europea, cunha directa afección ambiental e paisaxística severa aos Penedos, pois o seu ámbito de implantación englobase na súa práctica totalidade nas unidades de paisaxe delimitadas no Plan de ordenación do litoral (POL) denominadas “Traba”, “ Val de Soesto” e “Os Penedos de Pasarela”, que ten moi preto, a penas 90m os dous aereoxeneradores máis ao sur do parque.

A isto hai que lle sumar a afección directa á Rede Natura, ás diferentes Áreas de Interese Ambiental, á Paisaxe e aos humidais, como de Coto da Mina e Os Muíños, así como ao plan de conservación do chorlitejo patinegro (*Charadrius alexandrinus* L.), e da subespecie lusitánica do escribano palustre (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a denegar a autorización dos dous novos proxectos eólicos proxectados na contorna da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba, declarada polo Decreto 294/2008.”

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Mercedes Queixas Zas**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonzo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 02/03/2021 11:21:47**

**María do Carme González Iglesias na data 02/03/2021 11:21:57**

**Daniel Pérez López na data 02/03/2021 11:22:05**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 02/03/2021 11:22:15**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/03/2021 11:22:27**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4<sup>a</sup>.

Concello de Salceda de Caselas, na provincia de Pontevedra, é na actualidade un dos municipios con maior taxa de natalidade de Galicia, a pesar disto, existe un único centro de educación secundaria, que conta neste momento con 324 alumnos e alumnas, e isto porque unicamente se imparten estudos de ESO.

Esta circunstancia crea a necesidade de aumentar as infraestruturas educativas co fin de poder asumir a demanda existente.

Xa dende o curso 2017/2018, a dirección do centro vén manifestando a necesidade real de que se amplíen o número de aulas, que na actualidade son insuficientes polo continuo aumento do alumnado.

Isto fai que neste momento as ratios estean completas, e este ano aínda afectou máis como consecuencia da pandemia da covid-19, o que obrigou a acondicionar coma aulas espazos como a biblioteca, o salón de actos, a sala de mestres/as ou a sala de música.

Así mesmo, a dirección tamén vén solicitando que se establezan estudos de bacharelato no centro, coa finalidade de que os estudantes de Salceda de Caselas, poidan continuar os estudos post-obrigatorios sen saír do seu concello.

No ano 2019 a Consellería de Educación, solicitou ao Concello un informe urbanístico sobre as condicións da parcela para unha posible ampliación. Non obstante, a día de hoxe non hai ningunha nova sobre tan demandada ampliación.



A maiores esta demanda foi debatida no Pleno da corporación municipal no mes de febreiro de 2021, e aprobada de forma unánime por todos os grupos con representación nel.

Atopámonos nunha situación de clara discriminación do alumnado de Salceda de Caselas respecto doutros concellos, incumprindo o Goberno da Xunta o dereito de todos os nenos e nenas a unha educación igualitaria e a ter as mesmas oportunidades, por iso dende o Grupo Parlamentario Socialista sumámonos a esta xusta reivindicación do conxunto da cidadanía deste concello.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º) Realizar canto antes a ampliación necesaria do IES Pedras Rubias de Salceda de Caselas, para dar cabida ao aumento de alumnado de secundaria, e que se inclúan os espazos necesarios para impartir estudos postobrigatorios dentro do concello.
- 2º) Proceder á implantación dos estudos post obrigatorios, entre os que inclúa o bacharelato, trala dita ampliación.
- 3º) Proceder a adscrición de inmediato a un centro de bacharelato nun concello próximo, que lle garanta ao alumnado reservar unha praza para continuar os seus estudos, mentres non se implante o bacharelato no concello de Salceda de Caselas.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 01/03/2021 19:19:59**





**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/03/2021 19:20:21**

**Noa Susana Díaz Varela na data 01/03/2021 19:20:39**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 01/03/2021 19:20:52**





## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

No municipio de Cartelle, 28 anos despois de iniciarse a concentración parcelaria máis de mil propietarios continúan sen recibir os seus títulos de propiedade.

A concentración parcelaria referida a parroquia de Cartelle iniciouse concretamente no ano 1993 e finalizou entre 2006 e 2007.

No seu momento foron 1.200 os veciños e veciñas que destinaron as súas fincas a esta concentración parcelaria buscando sacar produtividade destas terras, pero o proxecto quedou completamente abandonado pola Xunta de Galicia.

Unha problemática que se arrastra durante as últimas dúas décadas á que a Consellería do Medio Rural debe dar solución inmediata, e que provoca graves problemas aos propietarios, por non dispor dunha escritura que certifique a titularidade dos terreos, obrigando aos veciños e veciñas a que teñan que se desprazar ata as oficinas agrarias en busca dunha certificación, cada vez que precisan solucionar algún problema relativo coas súas parcelas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que solucione, de forma urxente, a problemática que sofren os veciños e veciñas do municipio de Cartelle na provincia de Ourense, que a pesar de finalizar a concentración parcelaria entre o ano 2006 e 2007, aínda non dispón dos títulos de propiedade.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**





**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/03/2021 19:23:23**

**Martín Seco García na data 01/03/2021 19:23:36**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 01/03/2021 19:23:52**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

No municipio de Cartelle, 28 anos despois de iniciarse a concentración parcelaria máis de mil propietarios continúan sen recibir os seus títulos de propiedade.

A concentración parcelaria referida a parroquia de Cartelle iniciouse concretamente no ano 1993 e finalizou entre 2006 e 2007.

No seu momento foron 1.200 os veciños e veciñas que destinaron as súas fincas a esta concentración parcelaria buscando sacar produtividade destas terras, pero o proxecto quedou completamente abandonado pola Xunta de Galicia.

Unha problemática que se arrastra durante as últimas dúas décadas á que a Consellería do Medio Rural debe dar solución inmediata, e que provoca graves problemas aos propietarios, por non dispor dunha escritura que certifique a titularidade dos terreos, obrigando aos veciños e veciñas a que teñan que se desprazar ata as oficinas agrarias en busca dunha certificación, cada vez que precisan solucionar algún problema relativo coas súas parcelas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que solucione, de forma urxente, a problemática que sofren os veciños e veciñas do municipio de Cartelle na provincia de Ourense, que a pesar de finalizar a concentración parcelaria entre o ano 2006 e 2007, aínda non dispón dos títulos de propiedade.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**





**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/03/2021 19:23:23**

**Martín Seco García na data 01/03/2021 19:23:36**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 01/03/2021 19:23:52**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonso** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á situación da empresa XEAL (Ferroatlántica de Cee-Dumbría-Centrais Hidroeléctricas).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Costa da Morte, as traballadoras e traballadores de XEAL (antiga Ferroatlántica) viven momentos de incerteza e preocupación pola continuidade da actividade produtiva da empresa e polo mantemento dos seus postos de traballo.

Incerteza que se ve agravada polo remate do ERE temporal o pasado día 28 de febreiro, xa que na práctica, a empresa non adoptou medidas para garantir que se poida retomar a actividade nos fornos que a día de hoxe seguen parados, e sen que pola empresa se aclare que previsións de produción ten para os vindeiros meses. É máis, moitos dos traballadores reincorporados están a levar a cabo tarefas de limpeza e mantemento básico da planta, sen que se albisque retomar a actividade que lles é propia.

No seu día, no 2019, autorizouse pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) e a Xunta de Galiza, a operación pola que as minicentrais hidráulicas do Xallas e o complexo da antiga Ferroatlántica, hoxe XEAL, pasaron a depender e ser xestionadas pola empresa TPG-Ithaka.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Operación que dende o comité de empresa foi tomada con moitas reticencias, ao entender que o verdadeiro interese da compradora non era manter a actividade produtiva das fábricas, senón que ese interese centrábase no substancioso negocio enerxético.

O que se viu confirmado co paso dos meses, pois é unha realidade que as fábricas sofren un progresivo deterioro por falta de investimentos e o recorte drástico das capacidades produtivas, mentres a empresa non escatimou esforzos na súa batalla por conseguir a segregación das centrais hidroeléctricas.

Esa segregación era o verdadeiro obxectivo, como demostra o feito que despois da adquisición do complexo enerxético e industrial, o fondo norteamericano negouse a retirar o recurso contra a resolución de Augas de Galiza interposto no seu día pola anterior propietaria. É máis, XEAL presentou recurso de casación diante do Tribunal Supremo contra a decisión do TSXG que avalaba o acordo de Augas de Galiza a través do que, en atención ao establecido nas cláusulas das concesións de explotación, se denegou á empresa a autorización para segregar a actividade de ferroalixes da produción eléctrica.

Moitos meses despois da operación de compra-venda a representación dos traballadores segue sen coñecer o contido do plan de viabilidade (ao que obrigan as cláusulas das concesións) que a empresa trasladou á Xunta de Galiza, e moito menos os termos do contrato de compra-venda entre FerroGlobe e TPG-Ithaka, ou mesmo dos acordos comerciais entre as dúas compañías. E isto reviste unha importancia capital, porque de todo isto depende o acceso a materia prima de calidade e a posibilidade de comercializar as ferroalixes que se fabrican en Cee e Dumbría.

O Comité de XEAL mantivo unha reunión recentemente coa Xunta de Galiza, na que se constatou a actitude de “poñerse de perfil” do goberno galego neste tema, a





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

pesar de ser unha realidade a parada produtiva dos fornos en o desmantelamento das fábricas. E a pesar do fallo do TSXG que establece a vinculación esencial das actividades enerxéticas e ferroalixes, o que constitúe a mellor garantía de defensa do interese público e da continuidade industrial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Adoptar as medidas necesarias para velar pola viabilidade das fábricas de XEAL en Cee e Dumbría.
2. Adoptar cantas medidas sexan necesarias para dar cumprimento ao fallo do TSXG que establece a vinculación esencial das actividades enerxéticas e das ferroalixes de XEAL en Cee e Dumbría.”

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

**Carme González Iglesias**

**Ramón Fernández Alfonso**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 02/03/2021 12:48:19**

**María do Carme González Iglesias na data 02/03/2021 12:48:29**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 02/03/2021 12:48:38**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/03/2021 12:48:48**







BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre a actualización e funcionamento do programa de xestión procesual Minerva e o uso do idioma galego na administración de xustiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O art. 5 do Estatuto de Autonomía de Galiza dispón a obriga dos poderes públicos de potenciaren a utilización do galego en todos os ordes da vida pública, cultural e informativa, facilitándolles o medios necesarios a tal fin.

En desenvolvemento da previsión estatutaria a Lei de Normalización Lingüística de 1983 recoñece o dereito da cidadanía a relacionarse en galego, oralmente e por escrito, coa administración pública; ordenando á Xunta de Galiza a adopción das medidas necesarias para a normalización progresiva do idioma propio do país.

Dende hai anos, e a diferenza doutras Comunidades Autónomas do Estado, a administración de xustiza en Galiza ven funcionando cun programa de xestión procesual denominado Minerva que, alén dos innumerábeis e graves erros de seguridade e funcionamento, non permite o traballo en galego. Así, resulta que o programa de xestión dos procedementos xudiciais, libre e voluntariamente adquirido pola Xunta de Galiza, non permite o cumprimento da normativa á que ven obrigada a Administración, neste caso en algo tan elemental coma o uso polas traballadoras do idioma propio de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Neste caso, e como xa indicamos dende o BNG en ocasións anteriores, o incumprimento dos dereitos lingüísticos no eido da administración de xustiza pode ter unha dupla transcendencia, pois alén do descoñecemento de dereitos lingüísticos, pode vulnerar o dereito fundamental a un procedemento xusto e con todas as garantías. Xa que logo cumpre a inmediata rectificación e a introdución na aplicación da opción que permita a tramitación dos expedientes en galego, cos modelos e formularios que faciliten tal xestión. Medidas que están ao alcance da Xunta de Galiza, pois por unha banda dende hai anos posúe os códigos fonte da aplicación que permiten facer as modificacións no programa, e por outra existen equipos de normalización lingüística adscritos aos órganos xudiciais con aptitude e capacidade para facer a adaptación proposta.

Xa que logo procede unha actualización do sistema informático de xestión que permita a interrelación cos do resto do Estado, así como que posibilite o exercicio dos dereitos lingüísticos das traballadoras e persoas que se relacionen coa Administración de Xustiza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a realizar as accións que procedan cara a actualización mellora do programa de xestión procesual Minerva que permita a interrelación cos diferentes programas de xestión xudicial do Estado, así como que permita o uso do idioma galego, cando menos, nas mesmas condicións que o castelán.”





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2021

**Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Mercedes Queixas Zas**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/03/2021 13:29:57**

**Mercedes Queixas Zas na data 02/03/2021 13:30:06**

**Iria Carreira Pazos na data 02/03/2021 13:30:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/03/2021 13:30:27**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

O proceso de vacinación contra a covid-19 iniciouse o 27 de decembro de 2020, sendo a mellor noticia e a máis esperanzadora na loita contra a pandemia. O Plan de Vacinación, con liñas xerais pactadas na ponencia nacional de vacinas na que participan as comunidades autónomas co Ministerio de Sanidade permite, despois, aos diferentes sistemas autonómicos de saúde axustar en función das súas realidades autonómicas as cuestións máis operativas. En xeral, cabe mencionar que o procedemento está sendo satisfactorio, e España está entre os países do mundo que maior número absoluto de vacinas está a poñer.

Dentro desta situación, algunhas comunidades amosan un ritmo constante e outras algunhas interrupcións e alteracións do seu procedemento. Este último é o caso de Galicia, que está afrontando algunhas realidades froito das dificultades globais coñecidas como é o caso da subministración de vacinas ante a Unión Europea por parte das industrias farmacéuticas, e a necesidade de garantir clinicamente todo o procedemento a través das distintas axencias de avaliación.

En termos específicos da Comunidade Autónoma, Galicia afrontou as primeiras fases da vacinación coa contratación extraordinaria de 207 enfermeiras para substituír no seu posto de traballo ás 207 que se dedicaron en exclusiva á vacinación. A realidade actual, na que o proceso vaise desenvolver en todo o territorio de maneira máis estendida, con menores posibilidades de afrontar a poboación concentrada (residencias, hospitais, centros de saúde) senón que é preciso coordinar citas, aglomeracións ou atencións a domicilio, precisará da participación de máis profesionais de atención primaria. Non en tanto non están previstas novas contratacións para suplir estas dedicacións á vacinación, o que pode redundar nunha perda de capacidade asistencial ordinaria na atención primaria, xa de por si saturada e con problemas derivados da atención non presencial.



Por outra banda, mentres existiron situacións rexeitables nunca explicadas como a vacinación da alcaldesa de Boimorto ou da conselleira delegada de DomusVi cando non lles correspondía, existen aínda profesionais sanitarios en Galicia non vacinados aínda que estamos xa en marzo e foron as datas límite anunciadas pola propia Xunta de Galicia. Entre estes problemas atópanse profesionais como os que atenden en clínicas concertadas, que tamén están en contacto directo con pacientes, ou os sanitarios dos centros penitenciarios, que non teñen aínda inicio do seu proceso marcado. Estas lagoas son dificilmente explicables pois, a pesares dalgunhas queixas feitas públicas sobre a subministración de vacinas, a actualización do fin do mes de febreiro amosa que Galicia aínda non aplicou un 20 % de vacinas que xa ten dispoñibles. Este problema, probablemente operativo por ter dedicado menos recursos e esforzos a vacinar dos que se teñen dedicado a queixarse e confrontar con outras administracións, evidencia que existen aínda eivas que mellorar no proceso máis importante ao que o sistema tense enfrontado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar de inmediato a vacinación dos profesionais sanitarios que aínda non están vacinados, sexan da especialidade que sexan e traballen no centro que traballen.
2. Duplicar o volume de enfermeiras/os que participan nos equipos de vacinación, contratando a profesionais de enfermería que suplan os seus postos durante este proceso.

Pazo do Parlamento, 2 de marzo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





**Julio Torrado Quintela na data 02/03/2021 17:22:06**

**Marina Ortega Otero na data 02/03/2021 17:22:13**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 02/03/2021 17:22:22**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A EPA do cuarto trimestre de 2020 reflexou claramente os efectos da pandemia e, no caso de Galicia, inciden nas peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico.

Se ben o número de persoas desempregadas non conxunto do 2020 é asfixiante, grazas aos ERTE e outras medidas de protección social conseguíuse evitar que esas cifras sexan aínda máis dramáticas. A diferenza da crise de 2009, estes mecanismos lograron evitar que a caída da actividade se traduza inmediatamente en destrución de emprego. A extensión das medidas de axuste temporal acordadas na prórroga de aplicación dos ERTE ata o 31 de maio e o resto de medidas do escudo social están a ser esenciais para protexer os empregos e o tecido produtivo do noso país.

Os datos da EPA indican que en Galicia tanto en termos trimestrais como interanuais hai unha evolución moi negativa da actividade e da ocupación, diminúe un pouco o paro pero aumenta considerablemente a inactividade. O desánimo para a busca activa de emprego leva a que a variable que máis aumenta na nosa comunidade sexa a inactividade.

Pero é en termos interanuais onde se amosan os preocupantes efectos da pandemia, caída da actividade en 18.200 persoas que van a inactivos (desánimo, falta de expectativa, que medra en 20.700).

Pola súa banda, o paro cae no ano en 3.200 persoas (o 2,2 %), debido a que non puideron cumprir coas condicións de busca de traballo que a definición de paro da EPA determina para que sexan considerados parados.



Os datos da EPA tamén reflicten a difícil situación que están a atravesar os fogares galegos. No cuarto trimestre do ano 2020 había en Galicia 51.000 fogares con todos os seus activos no paro e 31.300 sen perceptores de ingresos.

As cifras apuntan á tendencia á inactividade do mercado laboral galego, polo seu menor dinamismo e falta de expectativas.

Si analizamos os datos por sectores, dáse unha forte contracción de emprego en termos homoxéneos, interanuais, nos servizos, 10.900 ocupados menos con respecto ao mesmo trimestre de 2019, tamén cae na industria en 9.100 (o 5 % de caída). Medra no ano a ocupación no primario en 4.000 persoas (6 %) e na construción en 1.000 persoas (1,3 %) máis. Nun ano, 9.100 ocupados menos na industria e 10.900 menos no servizos, cifras moi preocupantes.

A gran maioría dos expulsados do mercado laboral galego son mulleres con contrato temporal, unha vez máis, as grandes prexudicadas, o mercado laboral galego expulsa a 17.500 persoas con contrato temporal, na súa maioría mulleres, 12.200. Ante unha crise o emprego temporal é o primeiro expulsado e con contundencia, e a muller máis afectada, a desprotección das persoas traballadoras é evidente.

A parcialidade é outra variable instaurada no mercado laboral galego, a parcialidade involuntaria achégase ao 54,3 %. Das 140.500 persoas ocupadas a tempo parcial, 76.300 declaran facelo por non poder atopar traballo a tempo completo.

Por outra banda, vemos unha forte caída na contratación indefinida, sendo as porcentaxes de contratación indefinida de só un 8,44 % .

A precariedade instálase en Galicia a través do emprego temporal e estacional.

Así as cousas os sindicatos coinciden en alertar sobre o inestable mercado laboral galego con altos índices de rotación na contratación, pois con datos pre covid no ano 2019, foron necesarios 75.535 contratos para lograr 7.094 novos afiliados, uno por cada dez, esforzo que reduciu soamente 2.868 persoas o paro. Lamentando que se cree un emprego precario e con data de caducidade, carecendo de unha verdadeira política industrial que minore o impacto da crise sanitaria no emprego.





Incidían, xa no ano anterior, que o 90,5 % de contratos asinados polos galegos e galegas son temporais, entre xaneiro e marzo do ano 2019, por un exemplo pre covid, asináronse 226.756, cifra que "supera incluso o número total de desempregados", e o 61 % no sector servicios. A incidencia da temporalidade en Galicia xa era unha das grandes lagoas do mercado laboral galego antes da crise sanitaria e económica provocada pola covid- 19.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que deseñe medidas urxentes para establecer un marco laboral de calidade no emprego, combatendo a inactividade do mercado laboral galego caracterizado polo seu menor dinamismo e falta de expectativas, agravado pola crise sanitaria e económica provocada pola covid-19.

Pazo do Parlamento, 3 de marzo do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta  
Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/03/2021 09:58:03**

**Julio Torrado Quintela na data 03/03/2021 09:58:14**

**Marina Ortega Otero na data 03/03/2021 09:58:21**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 03/03/2021 09:58:34**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputadas **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a evolución do Plan Galego de Vacinación contra a COVID19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de practicamente un ano inmersas na pandemia que supuxo a COVID19, a chegada da vacina contra o SARS-CoV-2 supón unha axuda substancial para a mellora da saúde pública. A través do Plan de Vacinación, as autoridades sanitarias elaboraron tanto o procedemento como os grupos de poboación para recibir esta vacinación de xeito ordenado.

Seguindo esta priorización, os primeiros grupos en seren vacinados foron as usuarias e traballadoras das residencias sociosanitarias, seguidas polo persoal sanitario que traballa primeira liña contra o virus.

O resto do persoal sanitario ficou clasificado en dous grupos. O primeiro deles, 3A, atende ao persoal de ámbito hospitalario e de Atención Primaria non considerado de primeira liña, e tamén persoal de odontoloxía, hixiene dental e outros profesionais que atendan a pacientes sen máscara. No grupo 3B, entre outros, aparecen recollido o estudantado sanitario e sociosanitario que realice prácticas clínicas, así como fisioterapeutas e terapeutas ocupacionais, persoal das oficinas de farmacia, protésicos dentais, logopedas e persoal de psicoloxía clínica.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Non obstante, estanse a producir denuncias da falta de seguimento deste plan, como pode ser a das estudantes de Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, que realizan unha boa parte das súas prácticas clínicas con pacientes. Estas prácticas ademais, supoñen un importante labor asistencial, pois nesta facultade préstase asistencia odontolóxica a pacientes que precisen tratamentos non incluídos na carteira de servizos do Sergas, chegando a existir convenios de colaboración co Sergas para a atención a persoas con necesidades especiais.

Existen outros colectivos que teñen mostrado a súa disconformidade co Plan Galego de Vacinación, como pode ser o de ópticas e optometristas. Estas profesionais, que dadas as características do seu traballo deben obviar a distancia de seguridade recomendada e a pesar das medidas de protección adoptadas, atópanse nunha situación de maior risco de contaxio, tanto para elas mesmas, como para as propias pacientes. Outro colectivo que manifestou o seu inconformismo foi o estudantado non sanitario, pois non se contempla a súa vacinación na versión do Plan Galego de Vacinación actualmente en vigor.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar e remitir a este Parlamento, coa maior brevidade posible, un informe actualizado da situación e desenvolvemento das primeiras etapas do Plan Galego de Vacinación contra o SARS-CoV-2, atendendo, entre outras, á cuestión de número de doses recibidas e así como á distribución e administración das mesmas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. Atender a situación destes colectivos e valorar a súa inclusión no Plan Galego de Vacinación.”

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2021

**Asdo.: Iria Carreira Pazos**  
**Montserrat Prado Cores**  
Deputadas do G.P. do BNG  
**Olalla Rodil Fernández**  
Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 03/03/2021 13:28:46**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/03/2021 13:28:56**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/03/2021 13:29:03**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Teresa Egerique Mosquera, Diego Calvo Pouso, Marisol Díaz Mouteira, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 2ª; Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

## Exposición de motivos

A tramitación do proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética por parte do Goberno central está xerando moitas incertezas, especialmente no relativo aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre. Este artigo deixa, unha vez máis, en situación de perigo e inseguridade xurídica a empresas e equipamentos públicos de Galicia que na actualidade se sitúa en esta zona.

Xa no ano 2019, o Goberno central tentou modificar os prazos para as concesións a través da modificación do Regulamento da Lei de Costas. Un trámite que tivo que parar pola oposición do Goberno galego, dos sectores afectados e porque supoñía unha manifesta ilegalidade que iba en contra da literalidade da lei de Costas do ano 2013.

Agotada esta vía, o Goberno central optou por outro camiño e, para que a modificación pasara todavía máis desapercibida, incluíu a modificación da Lei de Costas no proxecto de lei de Cambio Climático. O obxectivo é, segundo se desprende da redacción da normativa, regular que ningunha concesión, incluíndo as súas prórrogas, poida durar máis de 75 anos, sendo nulos de pleno dereito os actos ditados que non respecten esa regra.

Esta lei xa foi analizada polo Consejo de Estado que determina que o anteproxecto está a establecer un criterio “*diferente do que resulta da literalidade do artigo segundo la lei 2/2013*”. O Consello do Estado vén a recoñecer expresa e claramente que a literalidade da lei actual de Costas permite conceder prórrogas extraordinarias de ata 75 anos e que a nova regulación cambia o criterio existente.



Deste xeito, o Consejo de Estado di que a regra de nulidade de pleno dereito das prórrogas que se concedan prescindindo da duración máxima de 75 anos debe aplicarse exclusivamente “a los actos administrativos que se dicten con posterioridad a la entrada en vigor de la Ley cuyo anteproyecto se dictamina”. Polo que vén a recoñecer expresamente que a regra da nova lei non pode aplicarse a prórrogas xa concedidas conforme a lei de Costas.

Con todo, o Goberno central non atendeu ao sinalado polo Consejo de Estado e non modificou directamente a lei de Costas. Ademais, sigue a dicir que todos os actos que non respecten a duración máxima de 75 anos da concesión, incluídas as prórrogas, son nulos de pleno dereito sen distinguir entre actos anteriores e posteriores á nova lei.

Para engadir máis incertezas á situación actual, e a pesar de tan clara interpretación do Consejo de Estado, o Delegado do Goberno en Galicia manifesta agora que o citado artigo da lei de Cambio Climático non afecta a empresas como ENCE nin ás concesión anteriores. Estas declaracións do Delegado do Goberno só poden entenderse no sentido de que, efectivamente, e como sinala o Consejo de Estado, ás prórrogas extraordinarias concedidas antes da aprobación da lei de Cambio Climático, non se lles pode aplicar a regra da duración máxima de 75 anos de concesión máis prórroga.

Tendo en conta esta falta de concreción do Goberno central e a necesidade de dar seguridade xurídica ás industrias que operan na nosa comunidade e cumpren con todas as garantías e requisitos medioambientais, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a demandar do Goberno de España que clarifique, á maior brevidade posible, como afecta o Artigo 18.4 da Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética ás concesións outorgadas ás empresas que operan no dominio público marítimo terrestre.”

Santiago de Compostela, 3 de marzo 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 03/03/2021 14:40:51**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/03/2021 14:40:58**

**Diego Calvo Pouso na data 03/03/2021 14:41:06**

**María Sol Díaz Mouteira na data 03/03/2021 14:41:25**

**José Manuel Balseiro Orol na data 03/03/2021 14:41:36**

**Carmen María Pomar Tojo na data 03/03/2021 14:41:46**

**Ramón Carballo Páez na data 03/03/2021 14:41:54**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 03/03/2021 14:42:09**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 03/03/2021 14:42:32**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado del Río, José Manuel Balseiro Orol, Alberto Pazos Couñago, Teresa Egerique Mosquera, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 8ª; Pesca e Marisqueo.**

### Exposición de motivos:

Galicia non se entende sen o mar, nin as súas mulleres, xa que a súa actividade demostrou ser clave para a consecución dun desenvolvemento pleno e sostible do medio, o cal constitúe unha garantía de viabilidade, identidade, progreso e cohesión para toda a sociedade

O papel da muller no sector pesqueiro é incuestionable sexa cal for o seu ámbito de actuación: redeira, mariscadora, comercializadora, armadora, transformadora, etc.

Poñer en valor e recoñecer a posición das mulleres do mar, é necesario dende diversos puntos de vista, xa que o futuro do mar pasa por manter e mellorar a súa situación laboral.

E así, mellorar a situación das mulleres do mar significa entender o seu valor, fomentar a súa visibilidade e impulsar unha igualdade real de oportunidades en materia de acceso e condicións de emprego, impulsar a súa capacidade para emprender e promover condicións que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

É de especial importancia o traballo de visibilización das mulleres profesionais do mar, reforzando o seu empoderamento, defendendo os seus intereses profesionais das que traballan nas actividades vinculadas coa actividade pesqueira, marisqueira, acuícola e actividades e servizos vinculadas a estas e incrementando o liderado das mulleres, impulsando a súa participación nos órganos de decisión do sector.

Concretamente, con medidas como: a realización de accións de capacitación e mellora das competencias das mulleres para facilitar a súa incorporación ao sector pesqueiro, apoio ás iniciativas empresariais lideradas por mulleres e para a creación de emprego feminino no mar; apoio ao desenvolvemento profesional das mulleres do mar a través da incorporación da perspectiva de xénero ás estratexias de desenvolvemento local; e co deseño e execución de accións para o recoñecemento e posta en valor do traballo das mulleres do mar.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Conseguir o recoñecemento social, económico e institucional que merecen as mulleres do mar é unha prioridade na nosa Comunidade Autónoma

Por todo o anteriormente exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a :

1. Seguir potenciando a igualdade de xénero no sector marítimo-pesqueiro, afondando na súa promoción co desenvolvemento, dentro dos procesos formativos impartidos nos centros de formación náutico-pesqueira, de cursos en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
2. Seguir traballando polo recoñecemento da muller do mar e potenciar a súa visibilización e representatividade nas estruturas de xestión e ordenación do sector marítimo-pesqueiro, continuando para tal fin coa liña de traballo de análise da situación da muller no ámbito do mar, tal e como se realizou xa coa visión xurídica desta presenza feminina na pesca
3. Potenciar as liñas de traballo desenvolvidas coas institucións do marco decisorio europeo para que a Política Común de Pesca recolla, dentro do seu ámbito social, unha liña dirixida a axeitar e afianzar o recoñecemento do papel das mulleres no sector marítimo pesqueiro.”

Santiago de Compostela, 3 de ,marzo 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 03/03/2021 16:29:23**

**Paula Prado del Río na data 03/03/2021 16:29:36**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/03/2021 16:29:47**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



**José Manuel Balseiro Orol na data 03/03/2021 16:29:56**

**José Alberto Pazos Couñago na data 03/03/2021 16:30:12**

**Ana Belén García Vidal na data 03/03/2021 16:30:27**

**Manuel Santos Costa na data 03/03/2021 16:30:39**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 03/03/2021 16:30:49**

**Daniel Vega Pérez na data 03/03/2021 16:31:06**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres**, e das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a execución das obras de reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías de Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Galega de Infraestruturas está a executar a obra de reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías de Ourense.

O día 28 de outubro de 2020 varios técnicos do Concello de Ourense realizaron visita as obras que se estaban a executar a fin de comprobar o estado e conformidade das mesmas, apreciándose a existencia de múltiples deficiencias que se puxeron en coñecemento da Xunta de Galiza, en canto titular da vía. Unha das principais estradas de acceso á cidade de Ourense.

Na referida inspección -durante a cal non se constatou a presenza de persoal da empresa encargada da execución da obra ou do control o vixilancia da mesma- detectáronse eivas e deficiencias na execución dos bordos, no recheo das gabias, nas concesión coas redes dos servizos existentes -nomeadamente no saneamento e abastecemento-, emprego de materiais distinto ao previsto no proxecto...





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Semanas despois, en reunión celebrada cos técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas na propia obra, os técnicos municipais expoñen novamente as eivas detectadas, así como a existencia de danos no alumeadado pública consecuencia do singular sistema empregado para ordenación provisoria do tránsito viario.

Sen que constase contestación oficial algunha sobre os informes técnicos remitidos, así como sobre unha eventual desconformidade cos mesmos ou, no seu caso, sobre a corrección das eivas apreciadas, o día 21 de xaneiro de 2021 os técnicos municipais realizan nova visita ás obras, estando presentes o xefe de obra e o técnico da asistencia técnica. Na inspección aprécianse novas eivas na calidade dos materiais empregados, na intervención nas arquetas, pozos de rexistro, redes de abastecemento... constando actuacións non autorizadas nas redes de saneamento municipais. Asemade, non se tiña constancia da resolución das deficiencias constatadas polos técnicos municipais e expostas nos informes previamente remitidos á Xunta de Galiza.

Xa que logo segundo as comprobacións realizadas polos técnicos do Concello de Ourense as obras non se están a executar conforme ao proxecto aprobado no seu día, se están a empregar materiais de distintos aos pactados, se a intervir sen autorización en infraestruturas municipais e se produciron danos non reparados no sistema de alumeadado público. Asemade as obras que supostamente permitirían a “humanización” da rúa Marcelo Macías, van implicar graves limitacións na deambulacion e no tránsito peonil das persoas con mobilidade limitada ao suprimírense os rebaixes nos bordos dos pasos de peóns, tanto na rúa Marcelo Macías, como en outras perpendiculares como a r/ Martínez Sueiro.

Alén do anterior, no Protocolo de colaboración asinado entre a Consellaría de Infraestruturas e mobilidade da Xunta de Galiza e Concello de Ourense prevese a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

constitución dun Grupo de Traballo para o seguimento das obras contempladas no Protocolo, sen que, a día de hoxe, malia o avanzado da execución das obras conste a constitución do referido grupo de traballo.

E por iso que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a :

1º. Ordenar a corrección das deficiencias existentes na execución das obras de reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías de Ourense, a fin de que a obra executada e os materiais empregados se correspondan co proxecto adxudicado no seu día.

2º.- Proceder á realización das obras de acondicionamento necesarias na rúa Marcelo Macías que permitan o tránsito peonil, nomeadamente ás persoas de mobilidade limitada.

3.- Proceder á inmediata reparación dos danos producidos no alumeadado público e nas infraestruturas de abastecemento e saneamento do Concello de Ourense consecuencia da execución das obras de reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías.

4.- Constituír o grupo de traballo previsto no Protocolo de colaboración entre a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galiza e o Concello de Ourense para a melloras das estradas autonómicas no Concello de Ourense, para o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

seguimento do referido acordo e das obras que se executen en cumprimento do mesmo.”

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2021

**Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**Alexandra Fernández Gómez**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/03/2021 19:44:07**

**Alexandra Fernández Gómez na data 03/03/2021 19:44:11**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/03/2021 19:44:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/03/2021 19:47:54**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A finais de febreiro a Xunta de Galicia estableceu unha nova medida respecto ás saídas das persoas maiores e dependentes residentes en centros de atención residencial.

En concreto establécense dúas saídas semanais con dúas horas de duración máximo en cada unha. Feito que se da tras rematar o proceso de vacinación para o total deste colectivo. É importante contextualizar que o centro residencial é o fogar destas persoas, que empezaron o confinamento ao mesmo tempo que o resto da poboación, en marzo do ano pasado, pero que a diferenza da maioría aínda continúan.

É urxente revisar este tipo de normativas, tendo en conta que estamos a falar de todo tipo de casos, válidos e dependentes, e a maior parte deles sen procesos de incapacitación. É imprescindible, polo tanto, que as persoas maiores teñan un nivel de participación maior na toma de decisións sobre o seu benestar, e sobre todo nun contexto de pandemia.

Dende o Grupo Socialista entendemos que limitar a dous días, un máximo de dúas horas, tras un ano de pandemia, de confinamento e illamento social pode derivar nun agravamento das consecuencias que xa de por si están a sufrir sobre a súa saúde as persoas maiores ou dependentes. Hai que ter en conta que durante este ano de pandemia, as persoas residentes nestes centros non puideron saír da propia residencia, polo que a maioría levan un ano confinadas sen saír á rúa.

A Administración ten que servir de exemplo para aportar a pedagogía necesaria de cara a sociedade que evite o modelo que infantiliza aos maiores, e achegarnos a un modelo participativo dos mesmos.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia Xunta de Galicia a que revisen as restricións de saídas establecidas para as persoas maiores ou con dependencia inmunizadas residentes nos centros de atención residencial, así como a elaboración dun estudo que avalíe as consecuencias físicas e cognitivas derivadas das restricións e illamento social.”

Pazo do Parlamento, 03 de marzo de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Julio Torrado Quintela  
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 03/03/2021 18:08:39**

**Julio Torrado Quintela na data 03/03/2021 18:08:52**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 03/03/2021 18:09:03**





## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, solicitan se realice a seguinte **corrección de erros** na resolución dos documentos. **12069 e 12070**.

“Onde di: “O Parlamento de Galicia Xunta de Galicia...”

Debe dicir: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia”

Pazo do Parlamento, 05 de marzo de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Julio Torrado Quintela  
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Ga

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 05/03/2021 13:28:17**

**Julio Torrado Quintela na data 05/03/2021 13:28:29**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 05/03/2021 13:28:40**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García, Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública, ocasionada pola covid-19, a pandemia internacional. A rapidez na evolución dos feitos, a escala nacional e internacional, requiriu a adopción dunha serie de medidas orientadas a protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública, sendo a primeira norma adoptada polo Goberno de España a declaración do estado de alarma recollido no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, seguido doutras normas, sanitarias, económicas e sociais, que perseguen paliar as consecuencias negativas orixinadas como consecuencia desta pandemia da covid-19.

O dito estado de alarma estivo vixente ata o 21 de xuño, cando as comunidades autónomas recuperaron a xestión da crise sanitaria nos seus territorios, xestión que foi reclamada reiteradamente por varias autonomías, nomeadamente polo presidente Feijóo.

A dita crise sanitaria derivada da covid-19 levou aparellada unha crise económica e unha crise social sen precedentes que van acompañadas ás ondas de propagación do virus que, por desgraza, seguirán azoutándonos ata que se consiga a vacinación da poboación.



As necesarias medidas para conter a propagación do virus, como o confinamento e as restricións á mobilidade, supuxeron un duro impacto na economía no seu conxunto, pero especialmente en determinados sectores como o do comercio, a hostalería, as actividades de ocio e recreativas ou as axencias de viaxes e o turismo, entre outras, que tiveron que paralizar practicamente toda a súa actividade durante varios meses ou aperturas moi limitadas (peche de tendas non esenciais, peche perimetral de fronteiras, prohibición de aglomeración de persoas).

A delicada situación do comercio non é nova, posto que xa antes da chegada do virus o comercio xa clausuraba en Galicia unha media de seis establecementos diarios, por falta de relevo xeracional, exceso de oferta, atomización das grandes cadeas ou a auxe do comercio electrónico; así segundo datos publicados en diversos xornais galegos en 2019 desapareceron 1.073 empresas dedicadas a este sector en Galicia e segundo a Federación Galega de Comercio estímase que entre o 20 % e o 25 % dos negocios poderían pechar ao longo deste 2021.

O Consello Económico e Social é un órgano consultivo institucional da Xunta de Galicia, que se configura como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da Comunidade Autónoma, dándolle voz ás organizacións sindicais e empresariais, aos representantes do sector agrario e pesqueiro, aos consumidores e ás tres universidades galegas e no último ano tamén á incorporación da economía social.

Entre as funcións do Consello Económico e Social de Galicia, segundo se recolle na súa Lei de creación, están o de elaborar informes, por iniciativa propia ou a petición da Xunta, sobre a realidade socioeconómica da Comunidade ou sobre plans ou programas de desenvolvemento dela.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que solicite ao Consello Económico e Social de Galicia a elaboración dun informe sobre a situación do comercio galego, así como as súas recomendacións de futuro para que poida saír desta crise.

Pazo do Parlamento, 4 de marzo de 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Martín Seco García  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 04/03/2021 11:33:29**

**Martín Seco García na data 04/03/2021 11:33:36**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/03/2021 11:33:47**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/03/2021 11:33:57**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 04/03/2021 11:34:10**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

### Exposición de motivos

O acceso a vila de Gondomar dende os concellos de Nigrán e Baiona faise principalmente pola estrada da Ramallosa. A comunicación preferente desde as parroquias gondomareñas de Mañufe, Donas e Borreiros tamén se realiza dende esta estrada. Esta rúa convértese nunha arteria principal de acceso ao Val Miñor, xa que ten conexión coa autoestrada AG-57.

Na actual rotonda da avenida Elduayen, situada na estrada PO-340 de titularidade autonómica, conflúen a avenida Curros Enríquez e a avenida Don Diego Sarmiento de Acuña.

A avenida Curros Enríquez concentra o tráfico procedente das parroquias gondomareñas de Chaín, Morgadáns, Peitieiros e Couso. Tamén é o camiño de acceso e paso dende os concellos de Tomiño e Tui.

A avenida Don Diego Sarmiento de Acuña concentra a maior parte do tráfico procedente das parroquias do Concello de Gondomar de Vincios e Vilaza. Por esta arteria tamén chegan vehículos do Porriño e Vigo. Cómpre ter en conta que ambas parroquias teñen conexión coa autoestrada AG-57.

A problemática é que este punto convértese nunha encrucillada clave para a vila de Gondomar e para o Val Miñor en xeral xa que, no verán, concentra gran parte do tráfico que vai ás praias de Nigrán e Baiona.



A morfoloxía actual da estrada non permite movementos fluídos por varias razóns:

- Reducido diámetro da rotonda que impide xirar ós vehículos grandes.
- Espazo mínimo no carril de tráfico que non permite a entrada e circulación de varios vehículos ó mesmo tempo na rotonda.
- Ausencia de carril de desvío do tráfico en caso de aumento de afluencia.

A consecuencia da suma destes factores é a existencia de grandes retencións nas estradas confluentes.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladou á Xunta de Galicia a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2021 esta demanda do Concello de Gondomar de realizar a rotonda de Elduayen, sendo rexeitada esta emenda pola Xunta de Galicia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista esiximos á Xunta de Galicia a reconfiguración desta zona para resolver os problemas de tráfico e mellorar o espazo urbano na vila de Gondomar.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Desprazar o eixo da rotonda de Elduayen, situada en Gondomar, para permitir o aumento da súa superficie e do radio de xiro. Isto permitirá a entrada e circulación de máis vehículos, ademais de posibilitar a manobra de camións e autobuses.
- Crear un carril de comunicación directa Ramallosa - Avenida Curros Enríquez que non pase pola rotonda e permita liberar deste tráfico os vehículos que veñen das praias cara a Tomiño, O Rosal, Portugal, etc.

Pazo do Parlamento, 4 de marzo do 2021





**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 04/03/2021 11:37:10**

**Patricia Otero Rodríguez na data 04/03/2021 11:37:17**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/03/2021 11:37:40**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 04/03/2021 11:37:51**



## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa os deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Figueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de Motivos

O Goberno central ven de integrar a prestación por fillo a cargo para familias en situación de pobreza dentro do Ingreso Mínimo Vital. A partir do 1 de xaneiro de 2021, xa non é posible solicitala, polo que moitas familias que percibían esta prestación deberán pedir agora o IMV para recibir unha axuda económica.

Trátase dunha medida que ten causado moita polémica e que foi criticada duramente por moitas ONG coma Save The Children, debido ao risco de que familias con poucos ingresos que antes recibían a prestación por fillo a cargo agora non cumpran os requisitos necesarios para acceder ao IMV e en consecuencia, se queden tamén sen acceso a esta prestación que xa recibían. Non ten sentido que a prestación por fillo a cargo desapareza, porque ambas axudas non deben ser excluíntes, senón complementarias.

A supresión decretada polo Goberno central aboca a que centos de miles de familias que poderían reunir os requisitos para acceder á prestación por fillo a cargo, pero non para o IMV, se vexan privadas de ambas axudas.

Lonxe de apostar polo reforzo desta prestación, o Goberno central opta por suprimila, mediante a súa integración no Ingreso Mínimo Vital, salvo nos casos onde o fillo teña recoñecida unha discapacidade.





O Goberno sinala que os fogares que se beneficiaban da prestación por fillo a cargo agora pasarán a estar protexidos polo IMV, pero isto non é certo. Non o é, en primeiro lugar, pola propia natureza de ambas prestacións: o IMV busca garantir as necesidades básica de fogares en risco de exclusión social e a prestación por fillo a cargo é unha medida relacionada con prestar un apoio ás familias na atención aos custes da crianza.

O Goberno galego blindou este ano 2021 o orzamento destinado á Renda de Inclusión Social de Galicia (Risga), cun investimento de 64,4 millóns de euros, pese ao descenso do número de beneficiarios polo seu traspaso ao Ingreso Mínimo Vital (IMV).

Este investimento ten por obxecto seguir poñendo esta prestación á disposición dos galegos que a precisen; reorientar unha parte do seu orzamento a garantir que o IMV vaia asociado á integración sociolaboral, unha condicionante que a día de hoxe non existe; e asegurar que estes se destinarán a cubrir as necesidades das familias máis necesitadas.

A Xunta traballa na reforma da Lei de Inclusión Social de Galicia en colaboración coas entidades e os profesionais do sector para actualizar os recursos a disposición das familias máis vulnerables.

Deste xeito, preténdese redefinir a RISGA e as Axudas de Inclusión Social (AIS) para adaptalas á realidade actual e acomodalas ao novo contexto xurdido coa entrada en vigor do IMV. Unha labor que se ve dificultado polas constantes modificacións por parte do Goberno central dos requisitos e perfís de acceso ao IMV.

O número de axudas do IMV concedidas na nosa Comunidade ata o 25 de xaneiro é de 10.364. Isto representa o 26% das 40.000 prestacións que o Goberno central estimaba



para Galicia. Este reducido número de beneficiarios evidencia a mala xestión que está a realizar o Executivo central do IMV.

Ante esta situación, a Xunta ofreceuse en repetidas ocasións a xestionar o IMV por ter a experiencia necesaria e porque sería máis fácil evitar solapamentos e colapsos na súa tramitación. Unha competencia que foi comprometida con Euskadi, Cataluña e Navarra.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno de España:

1. Garantir a complementariedade do IMV coa prestación por fillo a cargo, tendo en conta que o IMV busca garantir as necesidades básicas de fogares en risco de exclusión social e a prestación por fillo a cargo é unha medida relacionada con prestar un apoio ás familias na atención aos custes da crianza dos seus fillos.
2. Apostar polo reforzo da prestación por fillo a cargo dirixida a fogares con fillos menores de idade ou maiores afectados por unha discapacidade igual ou superior ao 65%”.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/03/2021 12:10:02**

**José Alberto Pazos Couñago na data 04/03/2021 12:10:21**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 04/03/2021 12:10:34**

**Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 04/03/2021 12:10:53**

**Noelia Pérez López na data 04/03/2021 12:11:03**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



**María Corina Porro Martínez na data 04/03/2021 12:11:26**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 04/03/2021 12:11:43**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/03/2021 12:12:01**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

### Exposición de motivos

A Coruña e a súa área metropolitana (esta aínda sen entidade xurídica pero con innegable entidade social e económica) concentran a maior parte do valor engadido bruto e do emprego de Galicia (45 % e 31 % do total, respectivamente, segundo o informe Ardán 2019), o que da conta da súa importancia económica para o conxunto da nosa comunidade.

Ese polo de dinamismo veuse afectado intensamente pola Gran Recesión dos anos 2008 e 2009 e veu na última década como se desfacía unha parte importante do seu tecido produtivo. Así, perdeu o seu sector financeiro, coa absorción do Banco Pastor e do Banco Galego, e co proceso de reestruturación da antiga Caixa Galicia, unha empresa que pertencía a entidades e impositores de Galicia e que foi rescatada con fondos públicos para rematar en mans privadas tras perder boa parte dos seus empregados. Perdeuse a galeguidade de empresas como Fenosa, absorbida por Naturgy, que pechou progresivamente os seus centros de traballo, pecháronse grandes empresas como Fadesa, Caramelo e unha longa lista de pemes, e máis recentemente podemos destacar a progresiva deslocalización de R ou a liquidación de Isidro de la Cal así como as enormes dificultades da antiga Alcoa, a actual Aluibérica que inclúen a súa transmisión a un grupo de nefasta reputación empresarial, operación que está sendo investigada na Audiencia Nacional.

A crise económica asociada ós efectos da actual pandemia, cunha caída do PIB sen precedentes desde a Guerra Civil, implica unha nova volta de porqueta ás dificultades empresariais de Galicia e da Coruña, que vai xerar con elevada probabilidade a perda de empresas e un significativo incremento do desemprego. A Cámara de Comercio da Coruña estimou a mediados do ano pasado (antes da



segunda e terceira onda da pandemia) que o impacto da crise xeraría a perda de 16.000 postos de traballo na área da Coruña e de 5.700 millóns en facturación.

A política industrial e de promoción económica son competencias exclusivas da Xunta de Galicia consonte o artigo 30 do Estatuto de Autonomía, aínda que non fosen exercidas nos últimos 12 anos en Galicia nin na área da Coruña. Os fondos Next Generation implican unha oportunidade para compensar os efectos económicos da pandemia ó mesmo tempo que se moderniza o noso tecido produtivo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que deseñe e desenvolva un plan de promoción económica da área da Coruña para compensar o impacto económico da pandemia e reactivar o tecido produtivo, incluíndo:

- A análise e avaliación das posibilidades e oportunidades de inversión na área da Coruña tendo en conta o tecido empresarial coruñés, as posibilidades loxísticas e as necesidades do mercado, en cooperación e diálogo coas entidades representativas do empresariado, as propias empresas, os sindicatos, a universidade, as administracións locais e a sociedade civil coruñesa.
- A selección e presentación de proxectos radicados na área coruñesa para optar ós fondos Next Generation.

Pazo do Parlamento, 4 de marzo do 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández  
Martín Seco García  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 04/03/2021 12:13:58**

**Martín Seco García na data 04/03/2021 12:14:09**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/03/2021 12:14:21**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/03/2021 12:14:32**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 04/03/2021 12:14:45**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

### Exposición de motivos

A Coruña e a súa área metropolitana (esta aínda sen entidade xurídica pero con innegable entidade social e económica) concentran a maior parte do valor engadido bruto e do emprego de Galicia (45 % e 31 % do total, respectivamente, segundo o informe Ardán 2019), o que da conta da súa importancia económica para o conxunto da nosa comunidade.

Ese polo de dinamismo veuse afectado intensamente pola Gran Recesión dos anos 2008 e 2009 e veu na última década como se desfacía unha parte importante do seu tecido produtivo. Así, perdeu o seu sector financeiro, coa absorción do Banco Pastor e do Banco Galego, e co proceso de reestruturación da antiga Caixa Galicia, unha empresa que pertencía a entidades e impositores de Galicia e que foi rescatada con fondos públicos para rematar en mans privadas tras perder boa parte dos seus empregados. Perdeuse a galeguidade de empresas como Fenosa, absorbida por Naturgy, que pechou progresivamente os seus centros de traballo, pecháronse grandes empresas como Fadesa, Caramelo e unha longa lista de pemes, e máis recentemente podemos destacar a progresiva deslocalización de R ou a liquidación de Isidro de la Cal así como as enormes dificultades da antiga Alcoa, a actual Aluibérica que inclúen a súa transmisión a un grupo de nefasta reputación empresarial, operación que está sendo investigada na Audiencia Nacional.

A crise económica asociada ós efectos da actual pandemia, cunha caída do PIB sen precedentes desde a Guerra Civil, implica unha nova volta de porqueta ás dificultades empresariais de Galicia e da Coruña, que vai xerar con elevada probabilidade a perda de empresas e un significativo incremento do desemprego. A Cámara de Comercio da Coruña estimou a mediados do ano pasado (antes da





segunda e terceira onda da pandemia) que o impacto da crise xeraría a perda de 16.000 postos de traballo na área da Coruña e de 5.700 millóns en facturación.

A política industrial e de promoción económica son competencias exclusivas da Xunta de Galicia consonte o artigo 30 do Estatuto de Autonomía, aínda que non fosen exercidas nos últimos 12 anos en Galicia nin na área da Coruña. Os fondos Next Generation implican unha oportunidade para compensar os efectos económicos da pandemia ó mesmo tempo que se moderniza o noso tecido produtivo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que deseñe e desenvolva un plan de promoción económica da área da Coruña para compensar o impacto económico da pandemia e reactivar o tecido produtivo, incluíndo:

- A análise e avaliación das posibilidades e oportunidades de inversión na área da Coruña tendo en conta o tecido empresarial coruñés, as posibilidades loxísticas e as necesidades do mercado, en cooperación e diálogo coas entidades representativas do empresariado, as propias empresas, os sindicatos, a universidade, as administracións locais e a sociedade civil coruñesa.
- A selección e presentación de proxectos radicados na área coruñesa para optar ós fondos Next Generation.

Pazo do Parlamento, 4 de marzo do 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández  
Martín Seco García  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 04/03/2021 12:13:00**

**Martín Seco García na data 04/03/2021 12:13:11**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/03/2021 12:13:21**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/03/2021 12:13:32**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 04/03/2021 12:13:41**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López** e deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre a situación do Sector naval galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde os anos 70 nos que a construción naval civil no Estado español representaba o 5% do mercado mundial o peso e a importancia de esta industria no deixou de minguar até menos do 1% do total de construción naval civil da UE antes da pandemia.

E contra o que se poida crer maioritariamente, os construtores que gañaron unha boa parte da cota de mercado española non foron os asiáticos, senón os de outros estados da UE, que si souberon promover unha industria con un marcado carácter exportador, que xera un elevado volume de emprego, e que demanda unha enorme diversidade de produtos e servizos de alto valor engadido. Demanda que foi chave para que a industria complementaria da construción naval e das tecnoloxías marítimas da UE cope o 50% da facturación mundial.

Non pasou o mesmo, como dicimos, no Estado español, que abandonou por completo unha industria que no caso galego foi fundamental para a nosa industrialización, e que hoxe coas políticas apropiadas pode servir de panca





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

fundamental para a nosa re-industrialización e activación económica, xa que segundo datos do sector cada euro de investimento ten un efecto multiplicador do 4,5€.

O sector naval galego foi o máis prexudicado, perdendo capacidades en todos os segmentos e actividades, por causas que, en perspectiva histórica, teñen todas un denominador común: a falta de compromiso e implicación da Xunta de Galiza co sector.

Os últimos datos do publicados no boletín da construción naval do ministerio de industria sitúan ao Principado de Asturias como territorio do Estado español con maior número de novos contratos asinados durante o ano 2020.

A posición secundaria de Galiza en canto a contratación de novos proxectos ten a ver, claro está, coas diferentes situacións de crise polas que atravesan os principios estaleiros galegos, e a ausencia, novamente, dunha política da Xunta dirixida a dotar ao sector de estabilidade e de instrumentos eficaces para recuperar posicións no medio e longo prazo. É dicir dunha visión e dun proxecto estratéxico para o sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a constituír a Xerencia Galega do Sector Naval, con participación da Consellaría de Economía, empresa, e innovación, e da Consellaría de Emprego e igualdade, como organismo sectorial especializado do goberno galego para o desenvolvemento dunha política eficaz de impulso e promoción do sector naval galego tal como se define no artigo 1 da Lei 5/2010, de 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Este organismo, ademais doutros que se poidan decidir polo Goberno, terá os seguintes obxectivos:

1. Apoio financeiro para desenvolver os proxectos construtivos, estudos de mercado e misións comerciais, asociación e constitución de plataformas conxuntas de cara a grandes proxectos.

2. Xestión dun rexistro da formación e certificación profesional do persoal, de vidas laborais e contratos de traballo que proporcione aos poderes públicos un mapa laboral da poboación empregada no sector para os efectos de promoción de sistemas de estabilización do emprego, plans de xubilación, vixilancia da saúde e prevención de riscos, plans de igualdade, ou calquera outro que puidera ser oportuno.

3. Constitución e xestión dun Centro tecnolóxico do sector naval a partir da UMI NAVANTIA-UDC, dotándoa de orzamentos e estabilidade a longo prazo.

4. Asesoramento legal, e de promoción de acordos e normativa específica para o sector tanto no ámbito nacional como internacional.”

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

**Carme González Iglesias**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 04/03/2021 13:07:08**

**Daniel Pérez López na data 04/03/2021 13:07:23**

**María do Carme González Iglesias na data 04/03/2021 13:07:31**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/03/2021 13:07:38**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativas á transparencia e información sobre a “sociedade público-privada” anunciada pola Xunta para impulsar novos proxectos tractores para os fondos europeos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do Partido Popular leva meses instalado nunha estratexia unilateral de falta de diálogo e transparencia respecto das súas intencións sobre os fondos europeos. Desde a constitución da XI lexislatura até o momento o goberno galego non remitiu a información solicitada por este grupo Parlamentario.

Neste contexto, o Partido Popular impulsou e aprobou en solitario, sen previo paso polo Consello Económico e Social ou consulta e contraste cos sectores afectados, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza so a coartada das necesidades xeradas pola futura xestión dos fondos europeos.

Resulta sorprendente que dous días despois da súa aprobación por parte do Parlamento Galego o goberno galego anuncie no Consello da Xunta do 25 de febreiro medidas que non están contempladas nesta lei, causando novamente unha cerimonia de confusión. En dito Consello o goberno galego, segundo a súa propia nota de prensa “acordou no Consello de Goberno celebrado hoxe formar parte do mecanismo público-





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

privado que se encargará de acelerar a maduración de novos proxectos empresariais tractores que contribúan a xerar actividade económica e cadeas de valor de que sairán beneficiadas especialmente as pequenas e medianas empresas galegas” sen indicar nin como será ese procedemento nin que empresas son as seleccionadas.

Máis aínda, a Xunta dá un paso máis no seu camiño de desregulación e falta de control público ao participar dun mecanismo que non se sabe moi ben quen impulsa e que vai ser de control privado. Tampouco se aclara cal vai ser o mecanismo de funcionamento, de rendición de contas ou de entrada de novos actores. Tampouco se aclara cal vai ser o uso dos 5 millóns de euros que achega inicialmente a Xunta, nin de onde se detraen. Todo isto ademais indicando que esta sociedade “ten un carácter impulsor e non investidor, xa que o seu principal obxectivo é madurar as propostas que a Comisión Next Generation decida como candidatas a proxecto tractor”.

O anunciado, ademais de ser opaco e pouco transparente, contradí a lei aprobada dous días antes, na que se dá o poder decisorio respecto dos fondos europeos ao Consello da Xunta e á denominada Comisión Next Generation, que é unha especie de Consello da Xunta complementado con outros cargos públicos do goberno. Ademais, contradí tamén a lei no artigo 6.1 que di “c) Establecerá os instrumentos de coinvestimento público-privado que favorezan o financiamento das iniciativas empresariais levadas a cabo por start-ups, persoas emprendedoras e outras pequenas empresas, de acordo co previsto no título IV.” toda vez que neste caso a administración decide non adoptar un papel investidor. Contradí tamén o sentido dos instrumentos que se habilitaban, co cal, con independencia da discordancia deste Grupo Parlamentar coa lei aprobada, resulta escandaloso este novo episodio de improvisación e falta de transparencia.







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza:

1. Desistir de impulsar organizativa ou economicamente ningunha sociedade, investidora ou non, para a xestión, deseño ou decisión respecto dos proxectos galegos para os fondos europeos de reactivación económica na que a administración galega non teña un papel maioritario e na que os criterios de entrada e selección dos demais axentes non sexa transparente e acorde con criterios obxectivos.

2. Remitir no prazo de 3 días toda a información relativa ao anuncio do Consello da Xunta do pasado 25 de febreiro de 2021, incluídas as empresas e/ou entidades financeiras contactadas e a memoria económica de cal é a orixe dos fondos comprometidos.”

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/03/2021 13:27:00**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 04/03/2021 13:27:11**

**Daniel Pérez López na data 04/03/2021 13:27:20**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/03/2021 13:27:29**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativas ás actuacións que debe impulsar o goberno galego ante o incremento dos abusos bancarios contra as persoas consumidoras e o deterioro dos servizos financeiros en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos vimos como se agravaba o proceso de concentración e centralización bancaria, con graves consecuencias para Galiza. A crise financeira que estoura no ano 2008, no lugar de supoñer un cambio para reforzar a transparencia, a intervención e o control público para evitar novas burbullas financeiras, supuxo todo o contrario. Ademais do rescate bancario con fondos públicos (que non se recuperou, pois o propio Banco de España dá por perdidos máis de 42.000 millóns de euros) as medidas daquela impulsadas no ámbito do Estado español por parte de PP e PSOE supuxeron unha reestruturación que avanzou na concentración do sector, na destrución e precarización de emprego e no empeoramento dos servizos e das condicións para particulares e para pequenas e medianas empresas, impondo comisións abusivas, mantendo unha política comercial agresiva de colocación de produtos moitas veces dubidosos ou dificultando o acceso a crédito.

Este proceso, sostido no tempo, tivo ademais como consecuencia en Galiza a privatización e bancarización das antigas caixas de aforros e unha progresiva perda de





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

galegidade do sector financeiro que ten como un dos feitos recentes máis importantes a venda do Banco Popular ao Santander polo ridículo prezo dun euro no ano 2017. A perda de músculo financeiro de Galiza foi analizada polo nacionalismo galego como un dos principais problemas do noso país, con graves consecuencias no tecido económico e produtivo.

Desde o BNG seguimos defendendo que a alternativa a esta situación pasa necesariamente por medidas estruturais para regular o sector financeiro para limitar a especulación e subordinar a actividade financeira ás necesidades socioeconómicas do noso país. Para iso, apostamos polo impulso á banca pública galega e novas fórmulas de participación pública, reformulando os instrumentos de crédito e adoptando as medidas necesarias para que o aforro galego reverta en crédito e investimento no noso país.

Galiza ten hoxe uns índices de concentración superiores á media estatal e europea e as entidades aproveitan isto para pactar condicións e reducir progresivamente a rede de oficinas ao tempo que empeoran as condicións, buscando o máximo beneficio económico a costa das persoas consumidoras e das e dos traballadores, que sofren constantes ERE e precarizacións. Coa irrupción da pandemia do coronavirus a cobiza das entidades vai a máis e empregan o coronavirus coartada para seguir adiante cunha folla de ruta de olipolización orquestrada tamén a nivel europeo e internacional.

Nestes meses vimos, por exemplo, como no medio do Estado de Alarma, no mes de marzo de 2020, Abanca incrementaba de forma substancial as súas comisións e cambiaba as condicións, motivo que no noso país levou a protestas e concentracións. Nos primeiros meses de 2021 estamos vendo como diversas entidades volven incrementar as comisións. Nestes meses de pandemia vimos tamén como as entidades pecharon oficinas definitiva ou temporalmente, no lugar de ampliaren horarios e persoal por mor da crise sanitaria. Así mesmo, contradicindo as normas de competencia as





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

entidades pactaron horarios de caixa obrigando ás e aos usuarios a ir nas primeiras horas da mañá. Nalgúns casos, como é o do Banco Santander, é xa imposible pasar diante dunha sucursal sen ver enormes colas que non se explican pola limitación de aforo senón polo abuso na prestación de servizos e a falta de persoal.

A pandemia está a ser tamén unha coartada para obrigar á clientela, con independencia das súas condicións ou habilidades persoais, a empregar a banca virtual, abusando especialmente das persoas maiores ao convertelas en vulnerábeis financeiramente ao obrigalos practicamente a que terceiras persoas xestionen as súas contas. A gota que colmou o vaso foi a campaña publicitaria que Abanca tivo que retirar por presión social ao “convidar” aos noso maiores a empregar este soporte da mesma maneira que ven as e os netos na tableta. A campaña é só a punta do iceberg do que está acontecendo e do desamparo que sofren as e os consumidores, especialmente os máis maiores e as persoas con peores situacións económicas, que non son clientes interesantes para as entidades, que buscan eliminalos. O feito de Abanca retirar a campaña non está a supoñer un cambio no modus operandi desta ou doutras entidades.

Nesta nova crise estamos asistindo a unha nova fase de fusións na que se está a dar un novo aumento da concentración bancaria e redución da oferta. Esta vía é alentada por parte de organismos internacionais como o Banco Central Europeo (BCE) situando as fusións como urxentes diante dos danos “estruturais” da pandemia, o que amosa o fracaso do anterior rescate e das medidas impulsadas e que estamos nun momento de cambio que trae máis abusos, máis perda de oficinas, máis destrución de emprego e un empeoramento global da atención e das condicións.

Esta grave situación fai necesaria unha ampla resposta social e política ante a inacción do goberno central, de quen depende a regulación bancaria, ou do goberno da Xunta, que ten competencias exclusivas en materia de consumo que non emprega.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego:

1. Instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñer freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para dar resposta á escalada de abusos bancarios en materia de restricción de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de de oficinas e persoal.

2. Instar a Xunta de Galiza a desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo e da Competencias campañas colectivas de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos propios sobre a vulneración dos seus dereitos.

3. Aprobar, por resolución, o apoio da Cámara Galega ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego e dirixirse ás entidades bancarias do concello para demandar o mantemento dos servizos.”

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/03/2021 13:45:17**

**Ramón Fernández Alfonso na data 04/03/2021 13:45:21**

**Daniel Pérez López na data 04/03/2021 13:45:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/03/2021 13:45:41**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), advertido un erro na proposición non de lei con número de **registro 12111**, presenta a seguinte **corrección de erros**:

-Na parte resolutiva onde dí: “O Parlamento galego:”

Debe dicir: “O Parlamento galego acorda:”.

-Na parte resolutiva no punto 1 onde dí: “1. Instar ao goberno central a desenvolver as...”

Debe dicir: “Instar a Xunta a demandar do goberno central o desenvolvemento das...”

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/03/2021 13:27:37**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, Felisa Rodríguez Carrera, Raquel Arias Rodríguez e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

### Exposición de motivos

A relevancia dos sectores produtivos do rural galego é un feito ineludible. Os sectores agroalimentarios, xunto coa cadea forestal, achegan o 6,9% do Produto Interior Bruto (PIB) da economía galega, o 8,4% do emprego e máis de 93.000 postos de traballo.

Neste sentido, o peso que posúe o sector lácteo é incuestionable, tanto a nivel español como mundial. De feito, cunha distribución heteroxénea dentro da nosa comunidade, este sector emprega 200.000 hectáreas da superficie agraria útil (SAU) e evidencia a necesidade de incrementar esta última, aportando o 1,5% do PIB de Galicia e ocupando unha posición privilexiada, ao ser a primeira rexión produtora de España e atoparse entre as primeiras dez de Europa.

Estes datos non deberan caer en saco roto, polo que é imperativo traballar para que as súas condicións melloren ao ritmo de crecemento da capacidade do devandito sector, o cal se traduce en máis de 7.000 explotacións, cunha produción de 2,8 millóns de toneladas en 2019.

É en Galicia onde se localizan máis da metade das explotacións lácteas do total nacional, producindo tanto leite como a suma das seguintes catro comunidades españolas con maior produción (Castela e León, Cataluña, Andalucía e Asturias).

Actualmente, en Galicia contamos con 135 empresas dedicadas á industria láctea, aglutinando 1.063 millóns de euros de facturación anual e empregando a case 2.000 traballadores. Na liña das cifras que estamos expondo, isto demostra a potencialidade dun sector tan relevante para a nosa comunidade como é o sector lácteo.

Ademais, ao abeiro do disposto, hai que destacar que o 60% do leite industrializado galego destínase á elaboración de leite líquido, feito que, de xeito implícito, posúe un baixo valor engadido.

Ao estes efectos, desde a Xunta de Galicia quedou patente, unha vez máis, o seu compromiso co sector por medio da presentación da Estratexia de Dinamización do

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Sector Lácteo Galego, que vén a reforzar a aposta do Goberno galego por este eido económico primordial para a nosa Comunidade.

Non debemos esquecer que, en canto aos prezos medios do leite, na nosa comunidade medraron case un 10% nos últimos seis anos (2015-2019), mentres que no conxunto de España subiron arredor dun 6%.

Incluso no contexto da crise sanitaria derivada da pandemia pola covid-19, a produción de setembro de 2020 incrementouse máis dun 5% respecto a setembro de 2019, ata chegar ás 230.519 toneladas.

Isto supón un incremento da rendibilidade dos nosos gandeiros e gandeiras do 7%, ingresando máis de 702 millóns de euros en 2020 –45,3 millóns máis que no mesmo período do pasado ano 2019–.

Neste senso, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia cremos que é necesaria unha aposta máis transversal e dinámica, se cabe, que lle permita ao sector ser máis ambicioso, asumir producións máis diversas e con maior valor engadido, na liña de incrementar aínda máis esa rendibilidade.

É preciso incidir no mantemento da potencia do sector lácteo a través da industria innovadora, altamente competitiva, con vocación internacional e capacidade de regulación, para o cal o obxectivo debe estar na superación do peso específico tan importante que posúe a produción de leite galego dentro de España –escenario no cal somos líderes indiscutibles–, e avanzar cara unha produción de maior valor engadido, orientada a un mercado con mellores perspectivas de incremento no consumo.

Por tanto, o inxente esforzo de apoio a este sector debera traducirse nun impulso á transformación, en Galicia, de produtos de alto valor engadido que xeren riqueza dentro da nosa Comunidade, focalizando a citada rendibilidade e a sustentabilidade do sector como factores clave e adiantándonos á consideración de futuras convocatorias para a transformación de produtos agrarios naqueles produtos de maior valor engadido.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que adopte as medidas que sexan oportunas para favorecer os investimentos de industrias lácteas en produtos de maior valor engadido”.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/03/2021 14:01:51**

**María Elena Candia López na data 04/03/2021 14:02:13**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 04/03/2021 14:02:56**

**José Antonio Armada Pérez na data 04/03/2021 14:03:16**

**Ramón Carballo Páez na data 04/03/2021 14:03:36**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/03/2021 14:04:03**

**Raquel Arias Rodríguez na data 04/03/2021 14:04:16**

**Daniel Vega Pérez na data 04/03/2021 14:04:42**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativas ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza diante do proceso de despedimentos e peches de oficinas do Banco Santander en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso de concentración e centralización bancaria, que conlevou a perda progresiva de entidades como Caixa Galicia, Banco Pastor ou Banco Gallego, tivo efectos moi negativos para Galiza en forma de destrución de emprego, exclusión de amplos sectores da poboación do acceso a servizos financeiros básicos e acentuación das dificultades de acceso ao crédito para o financiamento da nosa economía.

Segundo datos do propio Banco de España, Galiza está na cola do Estado español na ratio entre os aforros depositados nos bancos e o crédito concedido. É dicir, unha parte importante do aforro dos galegos e galegas, en vez de ser reinvestido no noso país, drénase fóra para contribuír ao financiamento da economía doutros territorios.

### **Peche de oficinas, destrución de emprego**

Esta situación, lonxe de corrixirse, vese agravada con novos procesos en curso, como o ERE no Banco Santander, que xa está provocando destrución de emprego,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

redución do número de oficinas -polas duplicidades- e marxinação, sobre todo do rural, e dificultades de acceso ao crédito para as pequenas e medianas empresas.

*No ano 2017, cando o Banco Santander comprou por 1 euro os Bancos Popular e Pastor, había en Galiza 415 oficinas: 207 do Pastor; 171 do Banco Santander e 37 do Banco Popular. Cos procesos de fusión, en novembro de 2020 só quedaban 234 oficinas: 102 na Coruña; 30 en Lugo; 27 en Ourense e 75 en Pontevedra.*

*No que atinxe ao emprego, o cadro de persoal do Grupo Santander en Galiza era de 2.110 traballadores en 2018, ficando reducido na actualidade a 1.776 persoas.*

*Esta situación vaise agravar coa redución de persoal acordada no Expediente de Regulación de Emprego asinado en decembro de 2020. En Galiza este ERE suporá a perda de 370 empregos e o previsible peche de 79 oficinas máis.*

### **Impacto Social e Económico**

O impacto social e económico deste proceso de concentración e centralización é múltiplo:

*-Destrución de postos de traballo e precarización do emprego. Menos oficinas e menos persoal trae consigo unha maior carga de traballo para as empregadas e empregados, incerteza na mobilidade xeográfica e tamén unha maior presión sobre as traballadoras e os traballadores.*

*- Exclusión ou maior dificultade de acceso de sectores da cidadanía a servizos financeiros básicos, derivadas do peche de oficinas (cun impacto singular en concellos rurais), a migración aos servizos dixitais (agravando as consecuencias da fenda dixital, cun impacto singular nas persoas maiores) e o empeoramento da calidade do servizo*





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*(longas colas para entrar nas oficinas e innumerábeis dificultades para poder solucionar presencialmente as xestións).*

*-Un modelo de negocio afastado das necesidades da maioría social e das necesidades de financiamento da nosa economía produtiva. Orientado a dar servizo ás grandes empresas e corporacións antes que a PEMES, autónomos e particulares e a privilexiar a colocación de produtos cada vez máis complexos e de maior risco aos servizos vencellados á xestión dos depósitos de pequenas e pequenos aforradores.*

*-Neste contexto, vimos de coñecer que numerosas oficinas do Banco Santander de Galiza están a ser pechadas no mes de marzo, provocando un grave prexuízo as veciñas e veciños do noso país, que van ter que desprazarse a outros municipios para poder xestionar os seus aforros, ou se verán na obriga de facerse dependentes de outras persoas para facelo de xeito dixital, se dispoñen dese recurso.*

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento de Galiza acorda:

1. Expresar, por resolución, o apoio da Cámara ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego.

2. Instar a Xunta de Galiza a desenvolver, no seu ámbito de competencia, as actuacións necesarias para evitar a deslocalización de servizos e a perda de postos de traballo no sector da banca en Galiza.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Instar o Goberno Central a impulsar, no exercicio das súas competencias, unha regulación do sector bancario que evite os perigos da concentración e centralización, atenda as necesidades de financiamento da economía produtiva e asegure o acceso da cidadanía a servizos financeiros básicos.

4. Instar á Xunta a dirixirse á dirección do Banco Santander para que reconsidere a súa decisión e manteña os servizos á súa clientela en Galiza.”

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/03/2021 16:02:04**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 04/03/2021 16:02:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Pérez López na data 04/03/2021 16:02:18**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/03/2021 16:02:29**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, advertido un erro na proposición non de lei con número de **rexistro 12119**, presenta a seguinte **corrección de erros**:

Na parte resolutiva no punto 3 onde dí: “3. Instar o Goberno central...”

Debe dicir: “3. Instar a Xunta a instar o Goberno central...”.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/03/2021 13:55:59**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa ao impacto da Covid-19 no sector turístico e medidas a adoptar polo goberno galego para reverter a súa crítica situación.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia provocou unha crise sen precedentes no conxunto da economía galega, pero non afectou a todos por igual. Un dos sectores máis golpeados foi, sen dúbida, o do turismo. Realizando un balance da actividade turística en Galiza ao longo do ano pasado, aquel vén condicionado pola Covid-19.

Os números anuais do sector veñen marcados polas decisións administrativas e sanitarias que afectaron ao desenvolvemento habitual e normal da actividade. A declaración do estado de alarma en marzo e as diferentes fases de desescalada e novas restricións condicionaron o desenvolvemento da actividade turística no noso país ao longo do ano 2020.

E isto trouxo consigo fortes caídas tanto na demanda e a ocupación coma no gasto turístico, o que provocou un forte impacto negativo dende o punto de vista económico, xerando importantes perdas en termos de ingresos e PIB turístico.

O balance anual deste sector amosa ben ás claras o forte descenso da actividade con carácter xeral, que levou aos diferentes axentes que se moven e viven do turismo a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

unha situación extrema, na que as medidas articuladas polo goberno central e sobre todo pola Xunta, con competencia neste eido, chegaron en moitos casos tarde e foron, con carácter xeral, insuficientes.

E así o demostran os datos que se extraen da Enquisa de Poboación Activa (EPA) relativa ao cuarto trimestre do 2020.

No cuarto trimestre do ano 2020, as actividades características do turismo en Galicia recolleron 127.419 persoas en activo, un -7,0% menos que no mesmo período do ano 2019. Os ocupados no sector turístico foron 105.037 persoas, cifra menor á do ano anterior, ao reducirse un -12,3%. Os desempregados en turismo foron 22.382 persoas, o que significa unha taxa de desemprego sectorial do 17,6%, cun incremento anual de 5,1 puntos respecto ó 12,5% rexistrado no cuarto trimestre de 2019.

Os asalariados en turismo reducíronse un -13,9% neste cuarto trimestre de 2020 respecto ao mesmo período do ano anterior, e os autónomos reducíronse un -7,5%, deixando a variación anual da ocupación en turismo no -12,3%.

Neste trimestre, respecto ao mesmo trimestre do ano pasado, o número de ocupados nas diferentes ramas do sector turístico reducíronse dun xeito importante, agás no transporte de viaxeiros, que sofre unha leve suba.

Se estes números amosan a tendencia absolutamente negativa do sector atendendo ao balance anual, os datos de afiliación do mes de xaneiro deste ano en actividades relacionadas co turismo, son desalentadores e confirman esa tendencia.

Continua a tendencia negativa, ao darse unha variación de - 3,8 % (- 5,2 % para o réxime xeral e - 0,9 % para o réxime de autónomos), o que supón un descenso total de 2.491 afiliacións en actividades turísticas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

En canto á variación anual, respecto do mes de xaneiro de 2020 tivo lugar un descenso no total de afiliacións de 11.814 respecto do ano anterior, o que representa unha variación anual dun -15,7 %. A variación repartiuse entre o réxime xeral, cun descenso de 11.219 afiliacións (variación anual dun -21,2 %) e dun descenso 595 afiliacións en autónomos (variación anual dun -2,6 %). Por sectores, o descenso de afiliacións tamén é xeneralizado. Dáse un descenso importante de afiliacións nos servizos de aloxamento, servizos de comidas e bebidas, axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes.

E no relativo ao Xacobeo e ao Camiño de Santiago, a caída brutal do número de peregrinos españois e estranxeiros, e a constatación de cambios nas pautas habituais de visitantes, fan que se confirme que estamos ante un ano absolutamente atípico neste senso. E atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, cunha campaña de Semana Santa seriamente comprometida e cunha campaña de verán supeditada aos niveis sen vacinación que se acaden (e á posterior recuperación da confianza do visitante), parece necesario que por parte da Xunta se exploren de inmediato outras posibilidades e se aposte por potenciar outras formas de turismo, máis aló do Xacobeo, que permitan ao sector manterse con vida ata volver a unha relativa normalidade.

Partindo do exposto, non se pode concluír outra cousa que a tendencia xeral no sector segue a ser moi negativa, sen que as medidas adoptadas polo goberno galego e estatal revertesen, ou cando menos, contivesen a situación de “caída libre” do sector turístico galego, que é crítica.

E o futuro tampouco é alentador a curto e medio prazo, atendendo á evolución da situación epidemiolóxica actual, e a posibilidade, xa adiantada pola Xunta de Galiza de ter que pechar en Semana Santa se a situación non está controlada dende o punto de vista epidemiolóxico.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a redefinir o modelo turístico galego para adaptarse á nova situación xerada pola Covid-19 no sector e revertir a situación crítica na que se atopa.”

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Carme González Iglesias**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 04/03/2021 16:21:27**

**María do Carme González Iglesias na data 04/03/2021 16:21:31**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Pérez López na data 04/03/2021 16:21:38**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/03/2021 16:22:38**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre as previsións do Goberno galego para a incorporación das persoas dependentes (grao II) no plan de vacinación fronte á Covid19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente na Estratexia estatal de vacinación fronte á Covid19 e o Plan de vacinación da Xunta de Galiza prevese a progresiva incorporación de grupos de poboación de acordo con criterios éticos e tamén sanitarios.

Entre eles, recóllense as persoas grandes dependentes (grao III), é dicir, aquelas que precisan de intensas medidas de apoio na súa vida diaria (grupo 4) así como maiores de 80 anos (grupo 5).

Porén, a vacinación das e dos grandes dependentes está a demorarse.

Así mesmo, até o momento non se recollen nas previsións dos gobernos a incorporación doutras persoas con grao de dependencia recoñecido como as persoas dependentes grao II –de acordo co disposto na Lei 39/2006-- que precisan tamén de apoio.

Falamos de persoas con parálise cerebral e enfermidades neurodexenerativas, entre outras, que non se atopan institucionalizadas senón que reciben o apoio que





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

precisan nos seus fogares da man do Servizo de Axuda no Fogar, a asistencia persoal ou as súas propias familias.

Desde diversos colectivos como Auxilia en Lugo ou ASPACE, puxéronse en contacto co Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego para nos trasladar a súa preocupación pola demora no acceso á vacina das persoas usuarias que representan así como as súas coidadoras e coidadores.

De igual modo, este grupo parlamentario ten detectado –porque así lle foi trasladado por profesionais-- nos centros de discapacidade existen diferentes intensidades no nivel de vacinación das persoas usuarias e traballadoras en función da área sanitaria na que se atopan.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a publicar de maneira diaria os datos de vacinación desagregados por grupos de prioridade para permitir ao conxunto da poboación coñecer de maneira transparente o avance da campaña de vacinación.”

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/03/2021 16:19:36**

**Iria Carreira Pazos na data 04/03/2021 16:19:50**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/03/2021 16:19:57**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

### Exposición de motivos

O 18 de agosto de 2020 a Xunta de Galicia anunciaba o inicio das obras de acondicionamento da Rúa Marcelo Macías en Ourense, cunha inversión total de 1,7 millóns de euros e un prazo de execución de 12 meses.

As actuacións abarcarían os 1,3 quilómetros de lonxitude da vía e consistirían fundamentalmente na renovación do firme, mellora de beirarrúas, renovación de abastecemento e saneamento e instalación dunha nova iluminación para maior seguridade viaria.

Dende o inicio das obras, os técnicos municipais cursaron ata 3 visitas ás mesmas (outubro e novembro de 2020, e xaneiro de 2021), remitindo extensos informes das deficiencias detectadas na execución á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), ademais de esixir a convocatoria da obrigada comisión de seguimento das obras, onde deben estar presentes representantes da AXI e do propio Concello de Ourense. A resposta foi nula por parte da Xunta de Galicia, a obra seguiu avanzando, as queixas non foron respondidas e por suposto non foron arranxadas debidamente aínda a día de hoxe, 6 meses despois do seu inicio.

Consideramos que unha obra tan necesaria e importante para a cidade (hai que recordar que a rúa Marcelo Macías levaba agardando máis dunha década dende as últimas reformas) converterase, se ninguén o remedia, noutra oportunidade perdida e nun malgasto de cartos públicos, como ocorreu recentemente no caso das obras da Avenida Otero Pedraio executadas anteriormente pola propia Xunta de Galicia.

O 11 de febreiro de 2021 o Goberno da Xunta de Galicia anunciaba a súa intención de adiantar a primavera o remate das obras na rúa Marcelo Macías, antes do verán como estaba previsto no contrato, co fin, segundo eles, de reducir



as molestias causadas aos veciños e veciñas, pero obviando que a execución das obras non se está a axustar ao establecido nos pregos de licitación e ningunha das eivas denunciadas polo Concello de Ourense foron sequera contestadas ou subsanadas. Tales coma en relación coa deficiente execución de bordos (bordos con capa de baixo espesor de formigón, demasiado curtos e nalgún caso con espazo desigual entre as xuntas, ou emprego de morteiros caducados). Deficiente execución de recheo de gabias. (Recheos sen axustarse ao contemplado no prego, que causarán problemas na condución de pluviais con futuros afundimentos de terreo, que tampouco contan co ancho mínimo necesario). Deficientes conexións con redes de servizos existentes. Total descontrol das actuacións neste sentido. Deficientes execución de actuacións en redes municipais de saneamento e abastecemento. Deficiente execución de arquetas de alumeado público. Deficiente execución de canalización de alumeado público.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que convoque, de maneira urxente, a Comisión de seguimento das obras de reforma da rúa Marcelo Macías formada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ourense, e se solventen todas as deficiencias observadas e informadas polos técnicos municipais, consonte ao recollido nos propios pregos de licitación e proxecto de execución, antes do seu remate e previamente á recepción das obras por parte do Concello de Ourense.

Pazo do Parlamento, 4 de marzo do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta  
Marina Ortega Otero  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Otero Rodríguez

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/03/2021 16:31:48**

**Marina Ortega Otero na data 04/03/2021 16:31:56**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/03/2021 16:32:05**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/03/2021 16:32:15**

**Patricia Otero Rodríguez na data 04/03/2021 16:32:53**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 04/03/2021 16:33:02**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre a necesidade dunha maior aposta polo software libre por parte da Xunta de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo dos últimos anos a Xunta de Galiza vén realizando unha serie de acordos con empresas fornecedoras de software privativo como Microsoft que están a producir que tanto en esferas coma a administrativa ou a educativa este tipo de software sexa o maioritario. Isto ademais de provocar unha importante serie de pexas, conlevou un elevadísimo gasto que chegou só no ano 2019 aos 13,5 millóns de euros só en licenzas a Microsoft, unha cifra escandalosa se temos en conta que Comunidades Autónomas como a de Madrid gastou un total de case 18 millóns de euros no período 2015-2019.

Estes datos, ademais do elevado gasto, conlevan unha grandísima preocupación pola dependencia tecnolóxica da administración galega que se centra nun modelo pechado e pouco interoperable.

Alén disto, estes datos desalentan e truncan o modelo que se acadara no período 2005-2009 no que Galiza chegara a ser unha referencia mundial no uso e na promoción do software libre.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Este impulso do software libre non se debía a unha preferencia desmotivada, todo o contrario. As vantaxes do software libre son as que nos impiden entender a razón pola cal a Xunta de Galiza se saíu do camiño iniciado hai quince anos e rexeitando un modelo que entre as súas bondades podemos citar as seguintes:

- Independencia dos xigantes multinacionais, o que provoca unha mellor liberdade por parte do goberno.
- Unha adaptación máis doada á lingua galega, o que garante os nosos dereitos lingüísticos.
- Potenciación dos desenvolvemento da empresa galega. Co uso do software libre favoreceríase a incorporación de empresas no noso país axudando así ao seu crecemento e á ampliación da oferta de traballo.
- Sectorialización do software, permitindo a súa adaptación aos sectores económicos como o agro, a pesca e moitos outros.
- Maior facilidade na migración dos datos.
- Menor custe, reducindo o gasto desorbitado do goberno galego en software privativo.
- Maior capacidade de adaptación aos cambios lexislativos.

Todas estas son só algunhas das múltiples vantaxes do emprego do software libre ás que o goberno galego lles pecha a porta debido á súa aposta descarada polo software privativo.







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar e favorecer o uso do software libre en todas as áreas e dependencias que sexan da súa competencia.”

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputados do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 04/03/2021 16:38:58**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/03/2021 16:39:01**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/03/2021 16:39:09**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos

A mortandade de bivalvos, ameixa e berberecho, nas zonas dos Lombos do Ulla e proximidades, está a provocar un grave problema para o sector marisqueiro da ría de Arousa, especialmente para aquelas persoas dependentes desta zona.

Nas últimas semanas veñen aparecendo cantidades enormes de produto morto, que se converten en cunchas sen utilidade e que están provocando unha fonda preocupación no entorno social e económico que rodea ao sector. Existen numerosos problemas acumulados durante anos para os que percíbese unha descoordinación entre o que a Consellería propón e ofrece como explicación e solucións e o que o conxunto de mariscadores/as percibe e comprende.

Os/as traballadores apuntan a varias posibles melloras no estado da zona, que pasarían por un dragado en condicións da zona dos Lombos do Ulla. Este dragado permitiría un mellor aproveitamento da zona, por deixar máis posibilidades a que sobreviva o bivalvo e, ademais, contribuiría a non crear barreiras naturais de area que provoquen riadas na caída do río Ulla e a entrada no mar, o que sumado a épocas de fortes chuvias desequilibra profundamente a salinidade da zona e termina por matar ás ameixas e berberechos, cuestión na que tamén inflúen os cambios de temperatura do auga. Dende hai tempo apúntase tamén a unha descoordinación coa caída do auga do embalse de Portomouros, que podería coordinar os baleirados para facilitar o traballo de recollida ou sembrado.

A maiores dos problemas da perda de produto, o día a día da recollida de concha deixa outro problema que ten que ver coa xestión destas cunchas como residuos. Ata o de agora os traballadores tratan de buscar acomodo e espazos onde acumular, pero non é unha solución viable a longo prazo e de maneira estrutural. A pesares da axuda amosada polo Concello de Vilagarcía e recoñecida polas persoas que alí traballan, é necesario que a administración autonómica, competente no sector, teña a ben afrontar esta realidade tamén e formule



posibles solucións para este problema que engade, ao final, olores, montañas de residuos e incluso a volta das cunchas ao mar por mor do vento e as mareas.

Estes problemas súmanse ao principal, que son as consecuencias en termos de perdas directas e inmediatas que están a vivir os colectivos de mariscadores, que ven como perden investimentos de decenas de miles de euros, e millóns de futuros quilos de bivalvo. Moitos dos casos neste momento son profesionais que puideron acollerse ás axudas emitidas polo goberno do Estado en 2020 polo cese de actividade en autónomos, mais non puideron facelo ás exiguas axudas que a Xunta de Galicia emitiu posto que incluían numerosos condicionantes e cálculos que as facían practicamente imposibles.

A realidade é que moitas persoas dependentes do mar están paradas dende hai meses, e ven agora como se perdeu toda unha cantidade ampla de ameixa e berberecho o que impedirá un aproveitamento do traballo e o seu rendemento. Mentres, a Consellería ven tratando de demorar unha resposta sobre o asunto, poñendo en dúbida a realidade da mortandade e pretendendo evitar a implicación na resolución dunha cuestións urxente e necesaria. En setembro do ano 2020 aprobouse por unanimidade neste Parlamento de Galicia unha proposición non de lei para instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que reinvertise en axudas directas para o marisqueo os fondos que quedasen sen destinatario nas axudas que, por mor desas citadas dificultades, non puidesen ser destinados. A pesares disto, no sector existe pouca claridade sobre se foi cumprida esta indicación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un informe exhaustivo sobre as causas da mortandade de ameixa e berberecho nos Lombos do Ulla e as zonas próximas, e entregalo no Parlamento de Galicia para a súa disposición por parte dos grupos parlamentarios. Neste informe incluíranse as valoracións das posibles medidas para a mellora da capacidade produtiva nesta zona, avaliando especificamente as consecuencias dun dragado de area nos Lombos do Ulla.
2. Comprometerse a desenvolver as accións necesarias para levar a cabo as medidas que sexan avaliadas como positivas no informe referido no punto anterior.



3. Abrir de inmediato unha liña de axudas directas de emerxencia para as/os mariscadoras que perderon capacidade de produción pola mortandade de ameixa e berberecho, relacionada co volume de semente perdida e a produción no ano 2019, último previo á pandemia.

Pazo do Parlamento, 4 de marzo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Patricia Otero Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 04/03/2021 16:54:15**

**Patricia Otero Rodríguez na data 04/03/2021 16:54:22**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 04/03/2021 16:54:32**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, en demanda dunha unificación na tramitación das axudas para paliar os efectos da Covid19

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia do Covid19 e as restricións á mobilidade e a determinadas actividades, así como a contracción do consumo, colocou a multitude de empresas de diferentes sectores en serias dificultades económicas, que veñen sendo afrontadas por parte dos gobernos dun xeito tardío, como resposta ás demandas dos diferentes colectivos na medida en que adquiren relevancia a través de mobilizacións sociais, e sobre todo parciais e insuficientes.

No caso da Xunta de Galiza algunhas das axudas establecidas foron subvencións a fondo perdido e préstamos do IGAPE a través de diferentes convocatorias, que adoecen en todos os casos dunha serie de eivas como a propia dispersión das axudas en diferentes convocatorias, a falta de publicidade, e prazos de resolución excesivos, que os fan pouco funcionais nas actuais circunstancias.

Un xeito de gobernar, a remolque dos problemas, carente de iniciativa e de previsión, xordo ante as lexítimas demandas dos colectivos afectados, que ten provocado un agravamento dos problemas, cando non situacións xa irrevogábeis para moitos negocios.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a constituír unha única *Xanela axudas Covid19* de atención para os negocios en dificultades que concentre a xestión de todas as convocatorias de axudas, cos seguintes criterios:

1. Unificar as diferentes convocatorias de axuda distinguindo unicamente entre subvencións a fondo perdido e préstamos.
2. Eliminar os prazos límite para a presentación de solicitudes.
3. Ampliación das partidas con cargo ás que se financien as axudas en tanto existan solicitudes que cumpran os requisitos materiais para á obtención da axuda.
4. Eliminar a repetición de solicitudes e de trámites.
5. Eliminar a intervención de intermediarios ou terceiros que retrasen ou encarezan a obtención da axuda, como por exemplo as SGR.
6. Garantir información pública sobre a existencia da Xanela axudas Covid19.”

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

**Noa Presas Bergantiños**

**Daniel Pérez López**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 04/03/2021 17:07:38**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/03/2021 17:07:48**

**Daniel Pérez López na data 04/03/2021 17:07:55**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/03/2021 17:08:05**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Raquel Arias Rodríguez, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## Exposición de motivos

O deterioro e a falta de mantemento das estradas provocan moitos problemas. O máis grave é que dispara as posibilidades de que se produzan accidentes, pero tamén teñen consecuencias directas sobre os vehículos que circulan por elas, xa que provocan o seu deterioro e situacións de perigo como pinchazos, rebentóns ou roturas de lúas.

Un exemplo no que conflúen estas circunstancias é o da N-540, unha estrada de titularidade estatal na que o firme está moi deteriorado, con amplas e profundas fochancas, mesmo nos carrís de incorporación e saída, e que, en xornadas con climatoloxía adversa, como néboa ou chuvia, faise extremadamente perigosa para a circulación.

Hai que ter presente ademais que, dado que Lugo e Ourense carecen de comunicación directa por autovía, as únicas capitais de provincia galegas que se atopan nesta situación, a N-540 é unha vía moi concorrida, tanto por vehículos lixeiros como por camións.

Conservar a rede de estradas en condicións axeitadas para garantir a seguridade viaria e proporcionar aos usuarios vías cómodas que faciliten os seus desprazamentos debe ser un obxectivo prioritario das administracións con competencias na materia.

No caso da N-540 pódese comprobar como o Goberno de España descoida este obxectivo, dado o lamentable estado de conservación desta vía, especialmente notorio nas inmediacións de Chantada e no tramo que enlaza a LU-533 co corredor autonómico Chantada-Lalín, o CG 2.1.

E é por iso que os deputados do grupo parlamentario do Partido Popular de Galicia presentamos esta proposición non de lei para o seu debate en Comisión:





“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a requirirle ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana o arranxo integral e urxente das estradas da súa competencia en Galicia e na provincia de Lugo, nomeadamente na N-540, que comunica Lugo e Ourense”.

Santiago Compostela, 04 de marzo 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/03/2021 17:27:07**

**Raquel Arias Rodríguez na data 04/03/2021 17:27:19**

**Diego Calvo Pouso na data 04/03/2021 17:27:31**

**Carmen María Pomar Tojo na data 04/03/2021 17:27:42**

**Ramón Carballo Páez na data 04/03/2021 17:27:53**

**José Manuel Balseiro Orol na data 04/03/2021 17:28:09**

**María Sol Díaz Mouteira na data 04/03/2021 17:28:24**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 04/03/2021 17:28:38**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 04/03/2021 17:29:17**


Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGqjgcb4c02  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

